Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e 3 máis

Sobre o proxecto do parque eólico Avoceta Wind, que se localizará en varios concellos de Ourense, os seus posibles prexuízos para a veciñanza e a política que vai desenvolver o Goberno galego nesta materia na presente lexislatura

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 736 (12/POC-000071)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis

Sobre as previsións do Goberno galego relativas á ampliación de solo residencial e de dotación de vivendas públicas no barrio de San Paio de Navia, en Vigo

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 739 (12/POC-000072)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre a situación en que se atopa o edificio que utilizaba a asociación Aspnaís en Lugo e a razón de que a Xunta de Galicia non procedese aínda a unha nova cesión

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 743 (12/POC-000073)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego co obxectivo de que Galicia sexa incluída no Programa Viena, da Sareb, que prevé a construción de 3.500 vivendas para alugueiro accesible en dez comunidades

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 745 (12/POC-000074)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Insua Lema, Óscar



Sobre a situación da Administración de xustiza en Galicia, a reclamación da ampliación da planta xudicial e outras medidas de mellora, así como respecto das competencias da Xunta de Galicia neste ámbito e das medidas que esta desenvolveu nos últimos dez anos
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 748 (12/POC-000075)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Alén Castro, Gabriel e 8 máis

Sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para responder ás necesidades de acceso a axudas que permitan continuar cos obxectivos da Axenda enerxética de Galicia 2030 en materia de autoconsumo. almacenamento, enerxías renovables térmicas e mobilidade eficiente

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 750 (12/POC-000076)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Alén Castro, Gabriel e 8 máis

Sobre a avaliación respecto da situación en que se atopa o desenvolvemento dos proxectos de enerxía eólica na nosa comunidade

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 752 (12/POC-000077)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Alén Castro, Gabriel e 8 máis

Sobre as iniciativas e os servizos impulsados pola Xunta de Galicia orientados a apoiar a internacionalización das pemes galegas

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 754 (12/POC-000078)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Alén Castro, Gabriel e 8 máis

Sobre os beneficios que se agardan para a nosa comunidade coa constitución da sociedade mixta Recursos de Galicia

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 756 (12/POC-000079)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Alén Castro, Gabriel e 8 máis

Sobre as iniciativas e os servizos impulsados pola Xunta de Galicia para apoiar a dixitalización das pemes galegas

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 758 (12/POC-000080)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Alén Castro, Gabriel e 8 máis

Sobre a xestión que o Goberno central está a realizar dos fondos europeos de recuperación no ámbito da industria

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo



- 760 (12/POC-000081)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Alén Castro, Gabriel e 8 máis

Sobre as iniciativas e os servizos de apoio impulsados pola Xunta de Galicia co fin de mellorar a competitividade das pemes galegas

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 764 (12/POC-000082)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as necesidades empresariais da comarca de Pontevedra, a ampliación de varios polígonos industriais da zona e a creación dun porto seco en Cerponzóns, Pontevedra

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 770 (12/POC-000083)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Carreira Pazos, Iria

Sobre a situación da atención á diversidade no ámbito educativo, o impulso dunha mellora na eficacia do traballo dos equipos de orientación, a elaboración de protocolos para a coordinación co Sergas e a existencia de estudos sobre os motivos do aumento de alumnado con problemas deste tipo

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 775 (12/POC-000084)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a necesidade da construción dun pavillón cuberto no CEIP Ponte Sampaio para a práctica da actividade física do alumnado

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 782 (12/POC-000085)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego nos últimos dez anos co fin de reclamarlle ao Goberno central a creación de unidades xudiciais especializadas en violencia de xénero, especialmente no que se refire aos partidos xudiciais de Ourense, Lugo, Pontevedra, Ferrol ou Santiago

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 785 (12/POC-000086)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 8 máis

Sobre o balance da posta en marcha e da evolución dos polígonos agroforestais como mecanismo de recuperación de terra agraria

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2024

María Elena Candía López

Vicepresidenta 1ª



3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Acordo da Mesa do Parlamento, do 4 de abril de 2024, polo que se amplía a lista de espera para o nomeamento de persoal funcionario interino do corpo superior da Administración do Parlamento de Galicia

Por acordo do 8 de xullo de 2019, a Mesa do Parlamento de Galicia aprobou as bases e convocou probas selectivas para ingresar por quenda libre nunha praza do corpo superior. (DOG núm. 142, do 29 de xullo de 2019). A base décima, sobre a lista de espera para substitucións, dispón: «As persoas incluídas na listaxe definida na base 7.1 que non superaron o proceso selectivo pasarán a formar parte dunha lista de espera que se constituirá no Parlamento de Galicia para cubrir as necesidades eventuais de persoal que puideren xurdir, en condición de persoal funcionario interino vinculado ao mantemento das circunstancias polas que son nomeadas.»

A base sétima, no seu punto 1, recolle: «Unha vez rematada a corrección da totalidade dos exercicios, a resolución do tribunal coa relación das persoas aspirantes que superaron os tres exercicios e acadaron o resultado de apto no terceiro, coa puntuación total obtida, publicarase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web do Parlamento de Galicia.»

En consecuencia, a lista de espera para o nomeamento de persoal funcionario interino do corpo superior da Administración do Parlamento de Galicia está formada por aquelas persoas aspirantes que superaron os catro exercicios da oposición.

Na actualidade, ao estar xa esgotada a posibilidade de chamamento das persoas incluídas na antedita lista de espera e debido á imposibilidade de cobertura de postos do corpo superior mediante os procedementos ordinarios de selección, ponse de manifesto a necesidade de aumentar de forma urxente a relación das persoas aspirantes incluídas nas listas de espera do grupo A, para dar resposta inmediata ás necesidades de persoal desta Administración coa incorporación de persoal interino que preste servizos temporais, polo tempo necesario ata a cobertura definitiva dos postos.

Por todo iso, vista a proposta do Servizo de Persoal e Réxime Interior, a Mesa acorda:

1. Ampliar a lista de espera do corpo superior do Parlamento de Galicia, incorporando á devandita lista de espera as persoas aspirantes das probas selectivas convocadas por Acordo do 8 de xullo de 2019 (DOG núm. 142, do 29 de xullo de 2019) que superaron o primeiro exercicio, sen prexuízo do dereito que os asiste para a súa exclusión, de conformidade coa normativa de aplicación.

2. Que só se proceda ao chamamento das persoas incluídas nesta ampliación da lista de espera cando non estea dispoñible ningunha das persoas aspirantes da lista orixinal.

2. Publicar a ampliación da lista de espera do corpo superior da Administración do Parlamento de Galicia que figura como anexo a este acordo.

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2024.

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª



ANEXO

Persoas integrantes da lista de espera para substitucións do corpo superior

Posto	APELIDOS	NOME
1	LORENZO CEA	ELENA MARÍA
2	TORAL PAZOS	SANTIAGO NICOLÁS
3	MARCOS TORRES	MARÍA
4	PAZ GARCÍA	SANTIAGO
5	RECIMIL LÓPEZ	ÁNGEL JOSÉ
6	RUIBAL LISTA	DAVID
7	LOMBÁN PAZOS	MARTA MARÍA
8	SEOANE ROMERO	MARÍA
9	MONTERO ARES	INÉS





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos, Ariadna Fernández González, Iago Suárez Fernández e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, relativa a saber canto orzamento público recibe o Hospital privado POVISA e o uso que se fai do mesmo.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se pronuncie canto antes sobre esta cuestión.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O hospital privado Ribera-Povisa volve ser noticia por déficits na asistencia sanitaria derivada da falta de persoal. Ten saltado aos medios de comunicación a dimisión dun número importante d@s facultativos do servizo de urxencias, algúns cífrano en un terzo), situación extensíbel ao persoal de enfermería. Denuncias de cobertura de vacantes con subcontratación do e con profesionais que non contan con formación de especialización. Traballador@s denuncia a fuga permanente de profesionais dende fai anos, sen que se repoñan na mesma proporción, e que non existe un marco laboral estábel.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Toda esta situación repercute directamente na calidade asistencial que se está a prestar e que se está visualizando no aumento do número de queixas de doentes, tanto polos tempos de espera como polos evidentes déficits de persoal.

O hospital Povisa-Ribera é o maior hospital privado de Galiza, co que o Sergas mantén un concerto singular en función do cal realiza a prestación dos servizos de asistencia hospitalaria a arredor de 130.000 @s veciñ@s dos centros de saúde dos concellos de Cangas, Moaña, Baiona, Nigrán, Gondomar e aqueles outros que a administración determine do concello de Vigo, no que traballan sobre 1.400 profesionais.

O último concerto foi asinado no 2014 por un período de 8 anos con posibilidade de dúas prórrogas dun ano cada unha, está polo tanto no último ano de prórroga, que finalizará en agosto do presente ano.

Faise preciso saber cal é a intención da Xunta diante da finalización do concerto, se está negociando un novo e en que condicións.

Povisa é un saco sen fondo onde o PP destina cada ano máis e máis cartos sen ningunha transparencia, até o punto de que non figura unha partida concreta nos orzamentos da Xunta para o vindeiro ano 2024.

Non é posíbel coñecer cantos cartos públicos destina cada ano o Sergas a este hospital privado en Vigo. Ademais dos arredor de 80 millóns de euros anuais polo acordo para atender a preto de 130 mil doentes da área sanitaria, o Sergas foi negociando modificacións e acordos non contemplados no concerto asinado en 2014: Povisa beneficiase das condicións económicas para a compra de fármacos e materias que consiga o Sergas coas empresas, convertendo o Sergas nun “comercial” de Povisa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Sergas asume o pago da medicación ambulatoria e a de alto impacto, as próteses e implantes ou a formación dos MIR, sen que saibamos o custe destas cuestións.

A maiores o Sergas transfere recursos adicionais a Povisa para que rebaixe as listas de espera da sanidade pública, cando mantén avultadas as propias do centro privado, froito de derivar a este hospital privado probas complementarias d@s doentes de cribado de colon do Álvaro Cunqueiro, ou pola atención nas unidades de queimados ou maxilofacial, ao ser o hospital de referencia, ao non dotar o Sergas ao hospital público destas especialidades

Esta riada de cartos públicos que a Xunta destina a Povisa non está significando nin maior calidade asistencial, con peores ratios de profesionais por paciente que na pública, nin tampouco mellores condicións laborais ou salariais para as 1.400 traballadoras e traballadores do seu cadro de persoal

O Hospital Ribera- Povisa vive dun xeito clarísimo dos cartos públicos, arredor do 80% da súa cifra de negocio está vinculada aos ingresos do Sergas. O PP actúa para capitalizar máis a máis á empresa, para que as sucesivas vendas do centro sexan cada vez máis lucrativas, para as multinacionais que se adican a facer negocio coa saúde.

O concerto singular que mantén o Sergas con Ribera-Povisa é unha auténtica anomalía, que impón un modelo de dúas velocidades con peor atención sanitaria en Povisa que na pública. É preciso poñer fin a esta situación coa absorción do hospital por parte do Sergas e así garantir a igualdade de condicións na prestación sanitaria para todas as persoas da área sanitaria de Vigo.

É preciso poñer fin a esta situación que non ten ningunha xustificación, que non sexa o lucro das empresas, é tremendamente gravosa para as arcas públicas e non ten





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aportado ningunha vantaxe para a atención sanitaria da poboación, por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

Que accións ten realizado a Xunta para actuar como garante da calidade da atención sanitaria da poboación adscrita ao hospital Ribera-Povisa así como dos dereitos laborais do persoal deste centro hospitalario?

Que seguimento realiza a Xunta do cumprimento das condicións establecidas no concerto con Ribera-Povisa?

Está negociando o Sergas un novo concerto con POVISA, toda vez que o actual está no último ano de prórroga?

Si é así cales con os termos do mesmo?

Ten feita unha avaliación do cumprimento do concerto?

Vai realizar actuacións para integralo na sanidade pública?

Cal é a razón para non ter rematado coa anomalía de ter a case a metade da poboación recibindo asistencia sanitaria nun centro privado, con problemas constantes?

Considera o Goberno galego que as disposicións e normas de aplicación establecidas polo Sergas para os seus centros propios se están a cumprir nos centros cos que ten concertos?

Coida o Goberno galego que @s doentes que teñen asignado o hospital Ribera-Povisa para a atención hospitalaria están sendo atendid@s con ratesos de calidade e de profesionais equiparables como mínimo á media dos Hospitais públicos do Servizo Galego de Saúde?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é o orzamento total que o Sergas destina ao hospital privado POVISA?

Parécelle normal que un concerto singular de arredor de 80 millóns de euros non apareza diferenciado nos orzamentos da Xunta?

Cal é a razón desta opacidade e falta de transparencia?

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2024

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Ariadna Fernández González

Iago Suárez Fernández

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 08/04/2024 10:16:43

Iria Carreira Pazos na data 08/04/2024 10:17:55

Ariadna Fernández González na data 08/04/2024 10:18:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Suárez Fernández na data 08/04/2024 10:18:36

Olalla Rodil Fernández na data 08/04/2024 10:18:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos, Ariadna Fernández González e Iago Suárez Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, relativa ás necesidade de regular o dereito á xubilación anticipada do persoal do Sergas.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que a Xunta de Galiza se pronuncie canto antes no Parlamento sobre esta cuestión.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o ano 2007, as distintas normas legislativas en materia de seguridade social recollen no seu articulado que a idade mínima de xubilación pode ser rebaixada, mediante Real Decreto, a proposta do Ministerio de Seguridade Social, en todos aqueles grupos ou actividades profesionais con traballos de natureza penosa, tóxica, perigosa ou insalubre, que acusen elevados índices de morbilidade e mortalidade. Estas normas tamén establecen que se determinará o procedemento xeral para establecer os coeficientes redutores que permitan anticipar a idade de xubilación no sistema da Seguridade Social, o que incluíría, entre outras cuestións, a súa incidencia nos procesos de incapacidade laboral das traballadoras e traballadores e os requirimentos físicos ou





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

psíquicos esixidos para continuar coa actividade laboral a partir dunha determinada idade.

A lexislación en materia de Seguridade Social na que se recollen as cuestións previamente nomeadas, é a seguinte:

- Lei 40/2007, de 4 de decembro, de medidas en materia de Seguridade Social. Artigo 161 bis. Xubilación Anticipada.
- Real Decreto 1698/2011. Artigos 10 e seguintes.
- Lei 21/ 2021, de 28 de decembro, de garantía do poder adquisitivo das pensións e doutras medidas de reforzo da sostibilidade financeira e social do sistema público de pensións.

Non obstante, a pesar da normativa vixente, as traballadoras e traballadores da sanidade pública continúan agardando a que os distintos gobernos teñan en consideración as súas condicións de traballo, para poder acollerse ás normas aprobadas desde o ano 2007.

O sector sanitario ten uns riscos laborais específicos e, ademais, presenta unha elevada taxa de problemas de saúde laboral. As traballadoras e traballadores da sanidade pública están expostos a riscos biolóxicos, químicos e a radiacións ionizantes. Así mesmo, tamén presentan riscos psicosociais por estaren en contacto permanente coa enfermidade e a morte.

Ademais, diferentes estudos recollen que as quendas rotatorias (en horario de mañá, tarde e noite) están asociadas á aparición e desenvolvemento de enfermidades coronarias e cerebro-vasculares, así como á depresión, á síndrome metabólica e ao





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cancro, entre outras; todas elas, enfermidades que se acaban por cronificar e non desaparecen cando se abandona o traballo.

A Organización Internacional do Traballo (OIT) calcula que unha persoa cun emprego a quendas sufrirá un envellecemento prematuro de cinco anos por cada 15 traballados de noite. Igualmente, tamén existen estudos sobre as consecuencias na saúde das traballadoras e traballadores maiores de 55 anos, que realizan traballos nocturnos. Segundo estas investigacións, a porcentaxe de incapacidades laborais entre o persoal de entre 45 e 64 anos increméntase nun 68%, con respecto a outras franxas etarias que tamén desenvolven o seu traballo durante a noite.

Outro aspecto que se debe considerar á hora de avaliar o dereito á xubilación anticipada do persoal sanitario é o impacto que nel tivo a pandemia da COVID-19, que supuxo, durante meses, a suspensión dos seus dereitos laborais e un elevado número de contaxios, así como actualmente diversos diagnósticos de COVID persistente. Todas elas cuestións que, sen dúbida, afectaron especialmente ás persoas maiores de 60 anos, que durante os peores meses da COVID, continuaron prestando asistencia para garantir o benestar da poboación, a pesar de que o seu propio estado de saúde tamén se estaba vendo afectado.

Da mesma maneira, é importante ter en consideración que, malia ser unha área profesional diversa, o sector sanitario está principalmente formado por mulleres, en moitos casos, cunha vida laboral dilatada de máis de 40 anos de servizo, prestado en quendas rotatorias. Malia a isto, cando a saúde destas profesionais se deteriora, estas só poden optar á xubilación anticipada, sempre é cando teñan 63 anos cumpridos, máis de 40 anos de vida laboral continuada e asuman unha penalización na súa pensión, que supera o 13% de desconto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Despois de longas vidas laborais, este é o recoñecemento que recibe o persoal da sanidade, ao que se suma unha acusada discriminación de xénero, ao ser unha área profesional especialmente feminizado, posto que nel as mulleres superan o 55% do total do cadro de persoal (porcentaxe mínima para así consideralo). Se atendemos aos datos, na sanidade pública a porcentaxe de mulleres é dun 78'4% fronte a un 21'6% de homes. A discriminación de xénero non debería ser tolerable, os dereitos laborais no sector sanitario deberían ter a mesma consideración que os doutros ámbitos laborais, altamente masculinizados, que si gozan de coeficientes redutores para a súa xubilación.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

Que actuacións vai realizar a Xunta de Galiza para que @s empregad@s públicos do Sergas poidan acceder a xubilación anticipada?

Non lle parece de xustiza a regulación da xubilación anticipada e parcial dadas as características do traballo que desempeñan de atención continuada, quendas, afectación psicosocial...?

Vai a Xunta de Galiza dirixirse ao Goberno español en demanda de que regule a xubilación anticipada e parcial d@s empregad@s públicos dos Servizos de Saúde?

Cal é a razón de non ter desenvolto a Lei do Estatuto xurídico dos empregados e empregadas públicas de saúde de Galiza, contemplado no punto 3 do artigo 109 da Lei 8/2008?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 08/04/2024 15:41:59

Ariadna Fernández González na data 08/04/2024 15:42:57

Iago Suárez Fernández na data 08/04/2024 15:43:14

Iria Carreira Pazos na data 08/04/2024 15:43:24

Olalla Rodil Fernández na data 08/04/2024 15:43:33





Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Marisol Díaz Mouteira, Antonio Rodríguez Miranda, Martina Aneiros Barros, Marta Mariño Regueiro, José Manuel Mato Díaz, Victoria Núñez López, Alberto Pazos Couñago e Noelia Pérez López, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na **Comisión 6ª de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de coñecer o papel que Galicia desempeña no proceso de debate sobre a política de cohesión da Unión Europea

En xuño de 2023 a Xunta de Galicia publicou un documento onde se describe a acción de Galicia en 16 ámbitos co obxectivo de contribuír aos debates que se organizaron no marco da Presidencia española do Consello da UE, durante o segundo semestre dese ano. Superado este momento gran parte do contido e reivindicacións incluídas nese documento sigue plenamente vixente xa que logo a Presidencia española non tratou moitos deses aspectos.

Entre eses ámbitos atopábase os aspectos relacionados coa cohesión territorial que tras a posta en marcha dos programas operativos correspondentes ao período 21- 27, na capital comunitaria xa se debate sobre o modelo da política de cohesión para o futuro, principalmente pola influencia do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, un fondo excepcional e temporal creado con motivo da crise da Covid-19 que está a financiar grandes investimentos na UE.

A participación da comunidade galega e as achegas que desde Galicia poidamos facer resultan fundamentais neste debate pois se trata de dar máis relevancia a cohesión entre as distintas rexións que conforman a Unión Europea e que se siga na senda da política de investimento máis importante da UE e de xestión compartida.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular asinantes, formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión

- Cales son as achegas da Xunta de Galicia no debate sobre o futuro da política de Cohesión para o seguinte período?





Santiago de Compostela, 8 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 08/04/2024 18:06:19

María Sol Díaz Mouteira na data 08/04/2024 18:07:20

Antonio Rodríguez Miranda na data 08/04/2024 18:07:23

Martina Aneiros Barros na data 08/04/2024 18:08:05

Marta Mariño Regueiro na data 08/04/2024 18:08:32

José Mato Díaz na data 08/04/2024 18:09:15

Alberto Pazos Couñago na data 08/04/2024 18:11:13

Victoria Núñez López na data 08/04/2024 18:11:23

Noelia Pérez López na data 08/04/2024 18:11:38

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





A Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, María Deza Martínez, Patricia García González, M^a Dolores Hermelo Piñeiro, Marta Mariño Regueiro, María Martínez Allegue, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trénor López, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8^a, Pesca e Marisqueo.**

A Xunta de Galicia, a través de Portos de Galicia, é a encargada do mantemento das instalacións eléctricas dos portos de titularidade autonómica e garante o seu correcto funcionamento, mellor rendemento enerxético e redución do impacto no medio ambiente.

Recentemente anunciouse a próxima contratación deste servizo e todo o que implica: actuacións de mantemento preventivo e correctivo –reparacións, modificacións ou ata novas instalacións-, xestión de avarías ou cortes de subministro; inspeccións periódicas; inventario de instalacións ou asistencia técnica en relación ao estado das instalacións.

Por todo o anterior os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- En que punto se atopa a contratación deste servizo?
- 2.- Cales son as instalacións que se prevén beneficiarias desta actuación?
- 3.- Cal é o importe que destinará Portos de Galicia ao mantemento das instalacións eléctricas dos portos de titularidade autonómica?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 01/04/2024 10:28:48

María Deza Martínez na data 01/04/2024 10:31:08

Patricia García González na data 01/04/2024 10:31:22

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Dolores Hermelo Piñeiro na data 01/04/2024 10:31:40

Marta Mariño Regueiro na data 01/04/2024 10:31:55

María Martínez Allegue na data 01/04/2024 10:32:08

Roberto Rodríguez Martínez na data 01/04/2024 10:32:25

Raúl Santamaría González na data 01/04/2024 10:32:51

Gonzalo Trenor López na data 01/04/2024 10:34:22



Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Marisol Díaz Mouteira, Patricia García González, Marta Mariño Regueiro, Noelia Pérez López, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trénor López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Consellería de Política Social e Xuventude, consciente da dificultade que teñen as persoas mozas para descubrir a súa orientación profesional, o descoñecemento das metodoloxías máis axeitadas para a procura de emprego e das limitacións para acceder a unha axenda de contactos óptima, promoveu no ano 2021 a posta en marcha do programa Xuventude Mentoring, en colaboración co Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións para a Xestión Universitaria (Cixug) e as tres universidades galegas.

O éxito alcanzado coa primeira edición xustificou a sinatura de novos convenios para o financiamento de novas edicións do programa ao longo dos anos 2022, 2023 e 2024.

Desde a súa posta en marcha, levan participado no Xuventude Mentoring preto de 600 persoas mozas tituladas (tras cursar estudos universitarios de grao/posgrao, formación profesional de grao superior ou estudos superiores nas ensinanzas de réxime especial).

Como novidade en 2023, a Consellería de Política Social e Xuventude puxo en marcha o programa Xuventude Mentoring na Empresa, co que se quere dar continuidade ao programa orixinal. Este programa supón un paso máis na formación e asesoramento á

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



mocidade para facilitarlles a transición entre a etapa formativa á laboral, neste caso favorecendo o coñecemento in situ da realidade laboral a través de estadías formativas en empresas de ata tres meses.

Tanto o programa Xuventude Mentoring como o Xuventude Mentoring na Empresa buscan mellorar as oportunidades laborais da mocidade.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Cal é o balance que fai a Xunta de Galicia dos programas Xuventude Mentoring e Xuventude Mentoring na Empresa?
- 2.- Considera que estes programas melloran a empregabilidade das persoas mozas participantes?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 01/04/2024 11:15:20

Alberto Pazos Couñago na data 01/04/2024 11:15:40

María Sol Díaz Mouteira na data 01/04/2024 11:15:50

Patricia García González na data 01/04/2024 11:16:04

Marta Mariño Regueiro na data 01/04/2024 11:16:21

Noelia Pérez López na data 01/04/2024 11:16:34

Roberto Rodríguez Martínez na data 01/04/2024 11:16:47

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/04/2024 10:12:29
Nº Rexistro: 432
Data envío: 02/04/2024 10:12:29.456

Raúl Santamaría González na data 01/04/2024 11:17:00

Gonzalo Trenor López na data 01/04/2024 11:17:11

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-F6M73hrK-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Marisol Díaz Mouteira, Patricia García González, Marta Mariño Regueiro, Noelia Pérez López, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trénor López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O programa Xuntos polo Nadal permite que as persoas maiores que viven soas pasen estas datas acompañados a través de estadias 100% gratuítas nas residencias de Tempo Libre coas que conta a Consellería de Política Social e Xuventude, isto é a do Carballiño e a de Panxón (Nigrán). Trátase dunha iniciativa con máis de 20 anos de historia que só se interrompeu no ano máis duro da pandemia da covid-19.

Xuntos polo Nadal é un programa dirixido aos maiores de 60 anos que non teñen con quen pasar estas datas. A convocatoria do ano 2023 contou con 270 prazas repartidas entre as dúas residencias de tempo libre nas que os usuarios poderon desfrutar dunha estancia con pensión completa gratuíta e participar en diferentes actividades como baile, ximnasia, obradoiros de novas tecnoloxías ou excursións. O obxectivo principal é que ningún maior pase o Nadal só sen desexalo.

Galicia conta con máis de 130.000 maiores de 65 anos que viven sos, unha situación que non sempre é por elección.

Por iso, é imprescindible traballar para atender as necesidades de todos os maiores -os que precisan de coidados ante unha enfermidade ou algún grado de dependencia, e





os que, chegan á idade de xubilación con boa saúde e queren manter un ritmo de vida activo.

Para estes últimos, a Xunta conta con diferentes programas e actividades pensados para un envellecemento activo como é o Programa Benestar en balnearios -que ofrece descontos para estadias de 10 días para persoas maiores de 60 anos-; as aulas sénior nas que seguir formándose ou os programas de voluntariado interxeracional nos que mozos e maiores comparten experiencias e aprendizaxes.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que balance fai a Xunta de Galicia do programa Xuntos polo Nadal 2023?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 01/04/2024 11:20:51

Alberto Pazos Couñago na data 01/04/2024 11:21:09

María Sol Díaz Mouteira na data 01/04/2024 11:21:19

Patricia García González na data 01/04/2024 11:21:32

Marta Mariño Regueiro na data 01/04/2024 11:21:44

Noelia Pérez López na data 01/04/2024 11:21:55

Roberto Rodríguez Martínez na data 01/04/2024 11:22:09

Raúl Santamaría González na data 01/04/2024 11:22:24





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/04/2024 10:12:52
Nº Rexistro: 434
Data envío: 02/04/2024 10:12:52.127

Gonzalo Trenor López na data 01/04/2024 11:22:37

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-F6M73JhrK-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





A Mesa do Parlamento

Gabriel Alén Castro, Javier Arias Fouz, Marisol Díaz Mouteira, Patricia García González, M^a Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez, María Martínez Allegue, Raúl Santamaría González e Borja Vereas Fraiz, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4^a, Educación e Cultura**.

A convivencia e a igualdade son aspectos cualitativos fundamentais para poder ter un bo desenvolvemento humano e persoal das alumnas e alumnos galegos.

A prioridade da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades é que no ensino galego non exista ningún tipo de discriminación nin por xénero, nin por necesidades educativas, nin por ningunha outra diferenza, buscando sempre a integración de todas as persoas no sistema educativo.

En base a estes obxectivos, recentemente o Goberno galego aprobou e presentou un Plan Integral Contra o Acoso e o Ciberacoso, que forma parte do conxunto de accións específicas nesta intensa loita por seguir facendo dos centros educativos galegos unha referencia, polo seu alto grao de inclusión e polo bo clima de convivencia que, en termos xerais, neles está presente.

Hai que lembrar tamén que o Parlamento de Galicia, a iniciativa do Grupo Popular, adoptou un acordo parlamentario con propostas para impulsar mecanismos e ferramentas que axuden á prevención, denuncia e tratamento de calquera situación contraria á convivencia, con especial atención ao acoso nas aulas ou a través de medios tecnolóxicos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cales son as primeiras implicacións que está a ter o Plan Integral de Acoso e Ciberacoso no sistema educativo galego?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Asinado dixitalmente por:

Gabriel Alén Castro na data 01/04/2024 11:55:51

Javier Arias Fouz na data 01/04/2024 11:56:07

María Sol Díaz Mouteira na data 01/04/2024 11:56:22

Patricia García González na data 01/04/2024 11:56:37

Dolores Hermelo Piñeiro na data 01/04/2024 11:56:51

Rubén Lorenzo Gómez na data 01/04/2024 11:57:01

María Martínez Allegue na data 01/04/2024 11:57:18

Raúl Santamaría González na data 01/04/2024 11:57:38

Borja Vereza Fraiz na data 01/04/2024 11:57:49





A Mesa do Parlamento

Gabriel Alén Castro, Javier Arias Fouz, Marisol Díaz Mouteira, Patricia García González, M^a Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez, María Martínez Allegue, Raúl Santamaría González e Borja Vereá Fraiz, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4^a, Educación e Cultura**.

A sociedade galega ten un carácter plural e diverso, cunha tradición de pobo acolledor para aquelas persoas orixinarias doutros países e/ou culturas diferentes. Vivimos nun mundo cada vez máis complexo e no que cada vez temos que afrontar máis retos de carácter social, pensando en mellorar a calidade de vida das persoas e en facer máis doada a convivencia.

O traballo de diferentes departamentos da Xunta ten permitido que, desde fai tempo, Galicia conte con instrumentos para traballar a integración e a boa convivencia, tanto no conxunto da sociedade como, de xeito máis específico, nas aulas galegas.

O ensino galego destaca pola equidade, inclusión e igualdade para o alumnado, ademais de por un bo clima de convivencia nas aulas, tal e como apuntan diferentes informes. Aínda así, non podemos ser alleos a que convivencia nos centros docentes constitúe en todas as sociedades desenvolvidas un motivo de preocupación, que non se circunscribe unicamente aos problemas que supón o mantemento da disciplina nas aulas, senón tamén a integración e as relacións.

O Grupo Parlamentario Popular é coñecedor do traballo desenvolvido nestes anos pola Consellería competente en Educación, en especial, de todo o que supuxo a Estratexia Galega da Convivencia Escolar-Educonvives 2015-2020.

Tamén valora o renovado compromiso xa adquirido pola Xunta de seguir mellorando a convivencia nas aulas galegas e avanzar cara a unha educación máis inclusiva, equitativa e de calidade. Así, o Goberno galego está a desenvolver progresivamente a Estratexia galega de convivencia escolar, Educonvives 2025, que está dotada con 5,5 M€.





Esta nova estratexia é a folla de ruta a desenvolver nos vindeiros anos enfocada a afianzar un bo clima nas aulas galegas, coa previsión de accións de impacto no eido da convivencia positiva, a cidadanía dixital responsable, melloras para o benestar emocional e a coeducación. Na Estratexia galega de convivencia escolar, Educonvives 2025, recóllese o fomento da educación na diversidade, desenvolvendo valores de respecto entre as diferentes culturas que coexisten dentro e fóra do ámbito escolar.

Somos conscientes de que a Xunta de Galicia está a traballar de xeito ordinario na integración de alumnado procedente doutros países, pero que tamén foi quen de actuar ante situacións como a chegada de menores refuxiados pola Guerra de Ucraína. Todos estes esforzos teñen sido de utilidade, mais non convén baixar a garda.

Recentemente, a partir dos datos o avance da 'Estadística de las enseñanzas no universitarias. Alumnado matriculado. Curso 2022-2023' do Ministerio de Educación y Formación Profesional, coñecemos que Galicia é unha das CCAA nas que se incrementou a presenza de alumnado estranxeiro.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que medidas ten previstas a Xunta de Galicia para adaptar educativa e pedagóxicamente aos alumnos e alumnas orixinarios doutros países e que estuden no sistema educativo galego para facilitar o seu proceso de aprendizaxe?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Gabriel Alén Castro na data 01/04/2024 12:07:02

Javier Arias Fouz na data 01/04/2024 12:07:21

María Sol Díaz Mouteira na data 01/04/2024 12:07:39

Patricia García González na data 01/04/2024 12:07:54

Dolores Hermelo Piñeiro na data 01/04/2024 12:08:06

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/04/2024 10:36:18
Nº Rexistro: 444
Data envío: 02/04/2024 10:36:18.729

Rubén Lorenzo Gómez na data 01/04/2024 12:08:15

María Martínez Allegue na data 01/04/2024 12:08:31

Raúl Santamaría González na data 01/04/2024 12:08:44

Borja Vereza Fraiz na data 01/04/2024 12:08:55

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-F6M73hrK-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

Gabriel Alén Castro, Javier Arias Fouz, Marisol Díaz Mouteira, Patricia García González, M^a Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez, María Martínez Allegue, Raúl Santamaría González e Borja Vereá Fraiz, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4^a, Educación e Cultura**.

Urbano Lugrís é un dos creadores galegos máis destacados do século XX. O seu legado como pintor, muralista, ilustrador e poeta é hoxe recoñecido dentro e fora de Galicia.

Os galegos e as galegas somos os herdeiros do legado cultural deste creador sobresaínte. Por isto, a Xunta de Galicia, dentro das súas competencias, vén realizando diversas actuacións encamiñadas á conservación e a posta en valor da obra artística de Urbano Lugrís.

- Recentemente recuperouse para o patrimonio público o mural “Translación do corpo do Apóstolo a Santiago”, que se exhibe desde febreiro de 2023, na entrada do Museo Gaiás.
- E nos próximos meses, o Museo Massó abrirá ao público unha sala de exposicións dedicada en exclusiva ao artista, na que se exhibirán de xeito permanente unha serie de pinturas do artista que, na actualidade, permanecen almacenadas.

Nesta folla de ruta, a Xunta de Galicia iniciou o procedemento para declarar Ben de Interese Cultural (BIC), na categoría de monumento, os murais de Urbano Lugrís situados nos números 25 e 27 da rúa Olmos da Coruña, publicando a incoación do Diario Oficial de Galicia.

Con esta acción, o Goberno galego está outorgando a máxima protección patrimonial ao conxunto mural realizado polo pintor coruñés.
Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Que actuacións está realizando a Xunta de Galicia en relación coa protección do legado de Urbano Lugrís?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Gabriel Alén Castro na data 01/04/2024 12:12:27

Javier Arias Fouz na data 01/04/2024 12:12:43

María Sol Díaz Mouteira na data 01/04/2024 12:13:01

Patricia García González na data 01/04/2024 12:13:13

Dolores Hermelo Piñeiro na data 01/04/2024 12:13:28

Rubén Lorenzo Gómez na data 01/04/2024 12:13:37

María Martínez Allegue na data 01/04/2024 12:13:50

Raúl Santamaría González na data 01/04/2024 12:14:04

Borja Vereá Fraiz na data 01/04/2024 12:14:14





A Mesa do Parlamento

Gabriel Alén Castro, Javier Arias Fouz, Marisol Díaz Mouteira, Patricia García González, M^a Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez, María Martínez Allegue, Raúl Santamaría González e Borja Vereá Fraiz, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4^a, Educación e Cultura**.

As bibliotecas son unha das primeiras portas de acceso á cultura, fundamentais para asegurar a universalización dos dereitos culturais dos cidadáns.

As bibliotecas públicas de Galicia desenvolven a súa actividade no marco da Lei de Bibliotecas de Galicia, unha norma aprobada en 2012. A súa aplicación supuxo un punto de inflexión na modernización do sistema de bibliotecas de Galicia e foi clave para entender a vitalidade que o sistema mostra na actualidade.

Tal e como recolle este marco legal, as bibliotecas son servizos culturais e informativos da máxima relevancia para unha sociedade avanzada. Son institucións fundamentais para garantir o acceso universal á cultura, a participación da cidadanía na vida cultural e a conservación e promoción do patrimonio cultural de Galicia.

Con esta visión, a Xunta de Galicia actúa de xeito integral e transversal, con propostas que se centran na cooperación e a gobernanza; a dixitalización e a innovación; e a planificación. A Administración autonómica está realizando un importante traballo de fondo no ámbito das bibliotecas, así o demostran os diferentes indicadores: a nosa Comunidade está por enriba da media española en número de bibliotecas e, nos últimos anos, incrementouse a cifra de usuarios.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cales son as liñas de actuación nas que traballa a Xunta de Galicia para asegurar o avance das bibliotecas públicas de Galicia?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Asinado dixitalmente por:

Gabriel Alén Castro na data 01/04/2024 12:17:55

Javier Arias Fouz na data 01/04/2024 12:18:12

María Sol Díaz Mouteira na data 01/04/2024 12:18:30

Patricia García González na data 01/04/2024 12:18:43

Dolores Hermelo Piñeiro na data 01/04/2024 12:18:54

Rubén Lorenzo Gómez na data 01/04/2024 12:19:06

María Martínez Allegue na data 01/04/2024 12:19:27

Raúl Santamaría González na data 01/04/2024 12:19:46

Borja Vereza Fraiz na data 01/04/2024 12:19:58



A Mesa do Parlamento

Gabriel Alén Castro, Javier Arias Fouz, Marisol Díaz Mouteira, Patricia García González, M^a Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez, María Martínez Allegue, Raúl Santamaría González e Borja Vereá Fraiz, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4^a, Educación e Cultura**.

No ano 2023, a Xunta de Galicia puxo en marcha as “Furgotecas”, un novo servizo de biblioteca móbil para seguir facilitando o acceso á cultura a toda a cidadanía, especialmente aquela que vive en zonas rurais.

Esta iniciativa comezou a funcionar en 20 concellos das provincias de Lugo e Ourense. As “Furgotecas” prestan un amplo servizo:

- Permite o préstamo de libros, revistas e outros materiais. En total, alberga unha importante colección de documentos.
- Ofrece asesoramento e recomendacións de lectura.
- Formación, acompañamento e resolución de dúbidas no eido dixital.
- E organiza actividades culturais, como obradoiros, clubs de lectura, contacontos ou certames.

O funcionamento da proposta é moi sinxelo, a “Furgoteca” achégase ao concello cada quince días, con dúas rutas. Calquera veciño pode recibir o servizo, tan só é necesario ter o carné da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.

Desde a súa posta en funcionamento, a “Furgoteca” tivo unha moi boa acollida, permitindo levar o servizo bibliotecario a toda Galicia e, ademais, está a funcionar como un dinamizador do rural galego.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:
Cal é o balance que realiza o Goberno de Galicia das “Furgotecas”, o servizo de biblioteca móbil implantado pola Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Asinado dixitalmente por:

Gabriel Alén Castro na data 01/04/2024 12:29:43

Javier Arias Fouz na data 01/04/2024 12:29:58

María Sol Díaz Mouteira na data 01/04/2024 12:30:14

Patricia García González na data 01/04/2024 12:30:26

Dolores Hermelo Piñeiro na data 01/04/2024 12:30:39

Rubén Lorenzo Gómez na data 01/04/2024 12:30:49

María Martínez Allegue na data 01/04/2024 12:31:07

Raúl Santamaría González na data 01/04/2024 12:31:19

Borja Vereá Fraiz na data 01/04/2024 12:31:29



A Mesa do Parlamento

Gabriel Alén Castro, Javier Arias Fouz, Marisol Díaz Mouteira, Patricia García González, M^a Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez, María Martínez Allegue, Raúl Santamaría González e Borja Vereá Fraiz, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4^a, Educación e Cultura**.

A principios de ano, a Xunta de Galicia publicou un protocolo para regular o uso dos móbiles nos centros educativos durante o tempo de lecer. Con esta medida, a Administración autonómica ampliou á totalidade da xornada escolar a limitación do uso de teléfonos e dispositivos electrónicos, que xa estaba vixente no interior das aulas desde 2015.

Esta decisión foi tomada despois de varias reunións coa comunidade educativa e logo de constatar que a proposta—que xa se aplicaba de facto en máis do 75% dos centros— repercutía positivamente na convivencia escolar.

A decisión tomada polo Goberno galego non se pode entender de xeito illado, é un paso máis cara un modelo que se aproveiten as potencialidades das novas ferramentas tecnolóxicas dun xeito saudable e seguro.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é o balance que realiza a Xunta de Galicia sobre a aplicación do protocolo que regula o uso dos móbiles nos centros educativos durante o tempo de lecer?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Gabriel Alén Castro na data 01/04/2024 12:35:26

Javier Arias Fouz na data 01/04/2024 12:35:41

María Sol Díaz Mouteira na data 01/04/2024 12:36:00

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Patricia García González na data 01/04/2024 12:36:26

Dolores Hermelo Piñeiro na data 01/04/2024 12:36:45

Rubén Lorenzo Gómez na data 01/04/2024 12:36:54

María Martínez Allegue na data 01/04/2024 12:37:11

Raúl Santamaría González na data 01/04/2024 12:37:30

Borja Vereza Fraiz na data 01/04/2024 12:37:42



Á Mesa do Parlamento

María Elena Candia López, José Silvestre Balseiros Guinarte, Gabriel Alén Castro, Raquel Arias Rodríguez, José Manuel Balseiro Orol, Rubén Lorenzo Gómez, José Manuel Mato Díaz, Noelia Pérez López, Antonio Rodríguez Miranda deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en **comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

As aldeas modelo xorden da *Lei de recuperación da terra agraria de Galicia* como instrumentos de recuperación da terra agraria cuxo obxectivo principal está en poñer en produción, de xeito sustentable, as terras abandonadas de alta capacidade produtiva que rodean os núcleos de poboación, contribuíndo así á creación de actividade agrogandeira e á redución do risco de incendios.

Neste sentido, as terras do perímetro da aldea deben estar, no momento da aplicación deste instrumento de recuperación –totalmente *voluntario*–, nun estado de abandono, ao tempo que deben ter boa capacidade produtiva. Así mesmo, é necesario o acordo das persoas propietarias dun mínimo do 70% da superficie, que se comprometen a incorporar estes terreos ao Banco de Terras por un período mínimo de 10 anos, coa finalidade de asegurar a recuperación dos mesmos.

Incluso antes da aprobación da norma na cal se integran as aldeas modelo, estas xa tiveron gran aceptación entre a sociedade, sobre todo, rural. E, de feito, o seu éxito, como ocorre con outros instrumentos regulados pola Lei de recuperación a efectos da mobilización e recuperación de terra agraria, compróbase na práctica realidade.

Así mesmo, cómpre sinalar que, no mes de febreiro publicábase no *Diario Oficial de Galicia* (en adiante, DOG) unha resolución en relación coas axudas para proxectos de creación, mellora e ampliación de servizos básicos locais en aldeas modelo, do que se desprende, non só a súa aplicabilidade e éxito, senón a súa efectividade no tocante á rehabilitación integral dos núcleos rurais onde se atopan.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



As actuacións subvencionables a través destas axudas, cuxo obxecto é reforzar estes servizos públicos e dotacións básicas proporcionados á poboación rural das aldeas modelo –favorecendo a implantación de actividades que xeren emprego e fixen poboación–, son, entre outras, a rehabilitación de espazos públicos ou edificios destinados a servizos públicos, a mellora de vías públicas, as redes de servizos (alumeado, auga, saneamento, enerxía, comunicacións...), servizos asistenciais e culturais ou a rehabilitación de elementos patrimoniais como hórreos, fontes, lavadoiros ou muíños.

Esta liña de axudas, segundo dispón o propio DOG, está dotada dun orzamento total de 3 millóns de euros distribuídos en dúas anualidades (2024-2025), co fin de facilitar a execución dos proxectos.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta oral para a súa resposta oral:

Cal é o balance que fai o Goberno galego das aldeas modelo galegas e que evolución están a ter en relación á recuperación de terra?

Santiago de Compostela, 2 de abril 2024.

Asinado dixitalmente por:

Elena Candia López na data 02/04/2024 12:20:24

Silvestre Balseiros Guinarte na data 02/04/2024 12:20:46

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Gabriel Alén Castro na data 02/04/2024 12:20:53

Raquel Arias Rodríguez na data 02/04/2024 12:21:04

José Manuel Balseiro Orol na data 02/04/2024 12:21:21

Rubén Lorenzo Gómez na data 02/04/2024 12:21:31

José Mato Díaz na data 02/04/2024 12:21:49

Noelia Pérez López na data 02/04/2024 12:22:01

Antonio Rodríguez Miranda na data 02/04/2024 12:22:12

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

María Elena Candia López, José Silvestre Balseiros Guinarte, Gabriel Alén Castro, Raquel Arias Rodríguez, José Manuel Balseiro Orol, Rubén Lorenzo Gómez, José Manuel Mato Díaz, Noelia Pérez López, Antonio Rodríguez Miranda, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en **comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.**

Hoxe por hoxe, na nosa comunidade son preto de 5.000 as persoas mozas beneficiadas no período entre 2009 e 2024 das axudas de incorporación. Falamos de case que 165 millóns de euros no conxunto de Galicia, dentro dunha das liñas de axudas máis importantes para o sector agrogandeiro galego.

É evidente que falamos, en termos plurais, das achegas para plans de mellora, incorporación de novos activos ao agro e para apoiar proxectos de pequenas explotacións, as cales xa saíron publicadas no *Diario Oficial de Galicia*, convocatoria que conta, na presente anualidade 2024, con nada máis nin nada menos que 47 millóns de euros.

Estas axudas son clave para reforzar o tecido produtivo do noso rural e con elas búscase mellorar a estrutura produtiva das explotacións galegas e avanzar na consecución dunha adecuada dimensión e un correcto equilibrio dos seus factores de produción, co obxectivo de mellorar a competitividade e facilitar a remuda xeracional.

Así, favorécese a rendibilidade das explotacións, dentro dun enfoque empresarial no que se quere incidir, xa que as granxas non deixan de ser empresas que precisan de estabilidade no tempo e que necesitan ser sustentables desde o punto de vista ambiental pero, por suposto, tamén económica e socialmente.

Estas axudas permiten aos gandeiros desenvolver a súa actividade *con sentido*, preservando o medio ambiente ao exercer unha xestión activa do territorio rural. Pero, sobre todo, facilitan a súa modernización e a súa capacidade de produción, facéndoas máis rendibles e competitivas.





Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas orais:

-Cal é o balance que fai o Goberno galego das axudas para plans de mellora, incorporación de novos activos ao agro e fomento de proxectos de pequenas explotacións?

-Cal é a súa expectativa respecto das achegas para a incorporación de persoas e entre 41 e 51 anos?

Santiago de Compostela, 2 de abril 2024.

Asinado dixitalmente por:

Elena Candia López na data 02/04/2024 12:31:03

Silvestre Balseiros Guinarte na data 02/04/2024 12:31:18

Gabriel Alén Castro na data 02/04/2024 12:31:27

Raquel Arias Rodríguez na data 02/04/2024 12:31:40

José Manuel Balseiro Orol na data 02/04/2024 12:31:57

José Mato Díaz na data 02/04/2024 12:32:05

Rubén Lorenzo Gómez na data 02/04/2024 12:32:23

Antonio Rodríguez Miranda na data 02/04/2024 12:32:45

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Noelia Pérez López na data 02/04/2024 12:32:57

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-F6M73hrK-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

María Elena Candia López, José Silvestre Balseiros Guinarte, Gabriel Alén Castro, Raquel Arias Rodríguez, José Manuel Balseiro Orol, Rubén Lorenzo Gómez, José Manuel Mato Díaz, Noelia Pérez López, Antonio Rodríguez Miranda deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.**

No pasado ano 2022, era posto en consideración do Parlamento de Galicia un “novo concepto” no que se refire ás instalacións do Servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Na pretensión de mellorar as súas condicións, establecíanse as Bases de Unidades Operativas –mellor coñecidas polas súas siglas como BUO–, no seo do *Plan de mellora das infraestruturas da Consellería do Medio Rural 2021-2026*.

Estas BUO viñan a substituír os actuais puntos de encontro das brigadas forestais. Deste xeito, naquel momento planificábase a súa implantación coa construción de tres destas bases nos concellos de Muíños (Ourense), Mondoñedo (Lugo) e Rianxo (A Coruña), así como coa reforma integral de máis dunha decena de bases espalladas polo territorio, destacando as obras da sede do distrito forestal XIV Verín-Viana.

Neste mesmo camiño, coñeciamos que, neste 2024, seguiríase investindo en mellorar as condicións das instalacións do dispositivo de loita contra o lume, cun orzamento de ata 3,5 millóns de euros para á optimización destas bases. Ademais, podíamos comprobar algúns aspectos técnicos das BUO iniciadas, constatando a efectividade da Consellería do Medio Rural en favor do avance desta mellora das infraestruturas preventivas.

Neste sentido, cómpre sinalar que estas BUO son espazos dedicados á defensa do monte, contedores de servizos de protección forestal que poden funcionar como *nodo* de todos os axentes participantes na defensa do monte, favorecendo a conciliación entre o tempo de traballo e de descanso dos brigadistas, e tendo en conta a integración na contorna.



A estes efectos, tamén xorde o interese por coñecer a evolución, desde a súa inauguración en decembro de 2023, do *Centro integral de loita contra o lume*, que se presentaba como referente en formación, cooperación e investigación en incendios forestais; sobre todo, en relación coa parte rehabilitada e posta en práctica da que era a lavandaría do antigo psiquiátrico para convertelo nun espazo formativo e administrativo.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta oral para a súa resposta oral:

Cal é o balance que fai o Goberno galego acerca da evolución e avance do *Plan de mellora das infraestruturas da Consellería do Medio Rural* en relación coa posta en práctica das Bases de Unidades Operativas e mailo *Centro integral de loita contra o lume*?

Santiago de Compostela, 2 de abril 2024.

Asinado dixitalmente por:

Elena Candia López na data 02/04/2024 12:51:08

Silvestre Balseiros Guinarte na data 02/04/2024 12:51:27

Gabriel Alén Castro na data 02/04/2024 12:51:36

Raquel Arias Rodríguez na data 02/04/2024 12:51:46

José Manuel Balseiro Orol na data 02/04/2024 12:52:02

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





José Mato Díaz na data 02/04/2024 12:52:15

Antonio Rodríguez Miranda na data 02/04/2024 12:52:25

Noelia Pérez López na data 02/04/2024 12:52:42

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-F6M73hrK-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

María Elena Candia López, José Silvestre Balseiros Guinarte, Gabriel Alén Castro, Raquel Arias Rodríguez, José Manuel Balseiro Orol, Rubén Lorenzo Gómez, José Manuel Mato Díaz, Noelia Pérez López, Antonio Rodríguez Miranda deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.**

As Oficinas Rurais apareceron na nosa comunidade aló pola década de 1960 co nome de *Extensións Agrarias*, momento no cal foron definidas unhas localizacións concretas, así como un despregue determinado das mesmas, cuxa evolución foi intrínseca ao propio desenvolvemento do rural de Galicia.

A efectos de optimizar a efectividade destes entes territoriais servindo á súa evolución, así como a súa adaptación á realidade vixente, cuxa importancia é fundamental en relación coa presenza da Xunta no rural galego, púxose en marcha o *Plan de mellora das infraestruturas da Consellería do Medio Rural 2021-2026*, cun investimento que acada os 43 millóns de euros. Deste xeito, a Consellería pretendía iniciar o camiño para favorecer e incluso facilitar a devandita adaptación das Oficinas Rurais ás esixencias actuais do rural.

Tal e como se contrastou na práctica, esta planificación persegue unha modernización das dependencias da Consellería –isto é, tanto das Oficinas Rurais como doutras instalacións; por exemplo, ás asociadas ao dispositivo de prevención e defensa contra os incendios forestais–. Obxecto que responde, tal e como defende á propia Consellería do Medio Rural, ao avance dunha nova reestruturación das instalacións, así como da presenza física no territorio por parte da Xunta, co fin de dar unha resposta máis eficiente ás necesidades, neste caso en particular, do sector primario galego.

Neste contexto, estes últimos meses é evidente que asistimos ao desenvolvemento dunha serie de actuacións destinadas á mellora dos métodos de traballo, á simplificación e modernización dos procedementos administrativos e, en definitiva, á optimización das diferentes vertentes que inflúen na calidade dos servizos prestados á cidadanía en moitos municipios galegos onde se localizan fisicamente as sedes destas

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Oficinas Rurais, feito que nos permite constatar un importante avance sobre esta planificación a curto e medio prazo.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta oral para a súa resposta oral:

Cal é o balance que fai o Goberno galego acerca da evolución e avance do *Plan de mellora das infraestruturas da Consellería do Medio Rural* en relación coa optimización das Oficinas Rurais da nosa comunidade?

Santiago de Compostela, 2 de abril 2024.

Asinado dixitalmente por:

Elena Candia López na data 02/04/2024 13:01:49

Silvestre Balseiros Guinarte na data 02/04/2024 13:02:16

Gabriel Alén Castro na data 02/04/2024 13:02:25

José Manuel Balseiro Orol na data 02/04/2024 13:02:52

Raquel Arias Rodríguez na data 02/04/2024 13:03:08

José Mato Díaz na data 02/04/2024 13:03:25

Rubén Lorenzo Gómez na data 02/04/2024 13:03:44

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Noelia Pérez López na data 02/04/2024 13:03:56

Antonio Rodríguez Miranda na data 02/04/2024 13:04:14

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-F6M73hrK-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

María Elena Candia López, José Silvestre Balseiros Guinarte, Gabriel Alén Castro, Raquel Arias Rodríguez, José Manuel Balseiro Orol, Rubén Lorenzo Gómez, José Manuel Mato Díaz, Noelia Pérez López, Antonio Rodríguez Miranda deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.**

Fitoxenéticos de Galicia, sito no Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (Abegondo, A Coruña), remóntase á década de 1970. Neste sentido, a importancia que posúe supuxo unha necesidade por optimizar as instalacións que o conforman.

A estes efectos, esta necesidade susténtase, no escenario actual, na adaptación á que estamos sometidos en relación co cambio climático, xa que, neste contexto, este organismo constitúese como ferramenta imprescindible para a loita contra a erosión xenética que evite a desaparición das variedades locais.

Non podemos esquecer que esta institución conserva preto de 700 variedades autóctonas e liñas puras de millo, ademais dunha colección de pratenses con case 2.500 entradas dun centenar de especies, cereais de inverno ou 275 variedades locais de 14 especies hortícolas.

Noutra orde, tal e como trasladaba a propia Consellería do Medio Rural, a nova infraestrutura permitiría que o seu contido se puidese utilizar en programas de mellora xenética para a obtención de variedades de cultivo con colleitas máis valiosas, polas cantidades producidas e máis polas calidades organolépticas e nutricionais sobresaíntes.

Neste eido, no mes de xaneiro asistimos ao remate da optimización desta infraestrutura, actuación que permitiu, segundo os medios de comunicación, optimizar e mellorar o Banco de Xermoplasma, ademais de consolidar a posición de referencia destas instalacións para o sector primario agrario galego en horta e froita de material xenético autóctono.





Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta oral para a súa resposta:

Cal é o balance que fai o Goberno galego en relación coa situación actual do Banco de Xermoplasma trala súa rehabilitación?

Santiago de Compostela, 2 de abril 2024.

Asinado dixitalmente por:

Elena Candia López na data 02/04/2024 13:13:02

Silvestre Balseiros Guinarte na data 02/04/2024 13:13:30

Gabriel Alén Castro na data 02/04/2024 13:13:45

Raquel Arias Rodríguez na data 02/04/2024 13:13:57

Rubén Lorenzo Gómez na data 02/04/2024 13:14:10

José Manuel Balseiro Orol na data 02/04/2024 13:14:24

José Mato Díaz na data 02/04/2024 13:14:40

Noelia Pérez López na data 02/04/2024 13:14:58

Antonio Rodríguez Miranda na data 02/04/2024 13:15:19

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

María Elena Candia López, José Silvestre Balseiros Guinarte, Gabriel Alén Castro, Raquel Arias Rodríguez, José Manuel Balseiro Orol, Rubén Lorenzo Gómez, José Manuel Mato Díaz, Noelia Pérez López, Antonio Rodríguez Miranda, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.**

Galicia conta cunha estrutura parcelaria moi fragmentada. É sabido que o *minifundismo* deixou grandes estragos nesta estrutura que, hoxe por hoxe, tentan ser paliados a través dunha visible redución que, ao mesmo tempo, busque revertir o abandono das terras produtivas e mellorar as condicións de desenvolvemento sostible das actividades agrícolas, gandeiras e forestais da nosa comunidade.

Desde a Xunta de Galicia, tense feito unha gran aposta polos procesos de concentración parcelaria, co fin último de darlle máis valor ás terras e aumentar a base territorial das nosas explotacións, para acabar por reducir considerablemente os seus custos de produción.

Neste mesmo sentido, desde o Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia cremos totalmente necesario favorecer cantos máis procesos de concentración parcelaria mellor, co obxecto de mellorar as devanditas condicións estruturais, técnicas e económicas das explotacións agrarias de Galicia, reducindo o número de parcelas por granxa, agrupando a súa superficie nun menor número de parcelas, e reducindo eses custos de produción, pasando a incrementar a súa competitividade.

Asemade, estamos convencidos de que estes procesos de mobilización e recuperación de terra agraria produtiva permiten, ademais, fixar poboación no rural –ao facer máis rendible a actividade produtiva–, loitando, ao tempo, contra o abandono e, deste xeito, avanzando na anticipación aos incendios forestais na comunidade. Neste sentido, é evidente que diversificando os usos do solo, minorando os predios abandonados e despegando as explotacións cara a unha produción competitiva, acádase unha nova dimensión a través da que facer que o noso rural medre *en futuro*.





Neste respecto, sabemos que se ten avanzando, nestes últimos anos de xeito incluso máis intenso, tanto na posta en marcha de novos procesos de concentración como no remate doutros que estaban abertos por parte da Consellería do Medio Rural, feito do cal é preciso facer un balance co fin último de determinar *onde estamos e a onde queremos chegar* por medio da aplicación desta ferramenta que é, de facto, un instrumento fundamental para o despegue socioeconómico do noso medio rural.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta oral para a súa resposta:

Cal é o balance que fai o Goberno galego acerca da concentración parcelaria na nosa comunidade?

Santiago de Compostela, 2 de abril 2024.

Asinado dixitalmente por:

Elena Candia López na data 02/04/2024 13:41:13

Silvestre Balseiros Guinarte na data 02/04/2024 13:45:34

Gabriel Alén Castro na data 02/04/2024 13:45:56

Noelia Pérez López na data 02/04/2024 13:46:09

Raquel Arias Rodríguez na data 02/04/2024 13:46:22

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





José Manuel Balseiro Orol na data 02/04/2024 13:46:32

José Mato Díaz na data 02/04/2024 13:46:42

Antonio Rodríguez Miranda na data 02/04/2024 13:46:55

Rubén Lorenzo Gómez na data 02/04/2024 13:47:07

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

María Elena Candia López, José Silvestre Balseiros Guinarte, Gabriel Alén Castro, Raquel Arias Rodríguez, José Manuel Balseiro Orol, Rubén Lorenzo Gómez, José Manuel Mato Díaz, Noelia Pérez López, Antonio Rodríguez Miranda, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.**

Segundo datos do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do Goberno de España, o valor económico da produción hortícola representa máis do 26% da produción vexetal, situándose nuns 7.806 millóns de euros no 2019. Ao respecto, esta produción foi a terceira máis importante en Galicia nesa mesma anualidade, cun peso do 17,5% sobre o total da produción da rama de actividade agraria. Estes datos acércannos un pouco á importancia do sector da horta na nosa comunidade e permítenos entrar en consideración da súa realidade, posto que non deixa de ser un dos sectores máis *fráxiles* ante as continxencias, cales queiran que sexan estas.

A estes efectos, no mes de xaneiro, poñíase de manifesto diante do sector beneficiado a posta en marcha do *Plan estratéxico da horta de Galicia 2023-2030*, un documento – á par das estratexias sectoriais existentes, en particular, as estratexias de dinamización dos sectores lácteo, vitivinícola e cárnico– que aposta, segundo se desprende, pola sustentabilidade, a diversidade, o respecto polo medio ambiente, a innovación e a profesionalidade como pancas para ofrecer ao mercado produtos frescos e transformados saudables.

Asemade, tal e como se indicou, esta estratexia céntrase no fin de seguir potenciando o sector, que dada a súa relevancia para o agro galego precisaba dunha planificación destas características, un feito co que, desde o Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, nos atopamos en total consonancia, máis, se cabe, pola relevancia que posúe este sector na nosa comunidade, como se ten evidenciado con anterioridade. Así, non só se facilita unha planificación estratéxica de cara ao futuro do sector, senón que se lle prestan ferramentas para o seu pleno desenvolvemento.





Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta oral:

Que lectura fai o Goberno galego da posta en marcha do *Plan estratéxico da horta de Galicia 2023-2030*?

Santiago de Compostela, 2 de abril 2024.

Asinado dixitalmente por:

Elena Candia López na data 02/04/2024 13:57:50

Silvestre Balseiros Guinarte na data 02/04/2024 13:58:12

Gabriel Alén Castro na data 02/04/2024 13:58:23

Raquel Arias Rodríguez na data 02/04/2024 13:58:43

José Manuel Balseiro Orol na data 02/04/2024 13:59:02

Rubén Lorenzo Gómez na data 02/04/2024 13:59:18

José Mato Díaz na data 02/04/2024 13:59:34

Noelia Pérez López na data 02/04/2024 14:00:18

Antonio Rodríguez Miranda na data 02/04/2024 14:00:47

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





A Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Marisol Díaz Mouteira, Patricia García González, Marta Mariño Regueiro, Noelia Pérez López, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trénor López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

As vacinas son unha das ferramentas fundamentais no eido da prevención e protección da saúde. Galicia sempre destacou pola rigorosidade e o coidado co que tratou o seu Programa de Vacinación, xestionado pola Consellería da Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública, o que permitiu situar á nosa Comunidade entre as mellores de España.

A implantación en setembro do 2022 do calendario para toda a vida, supuxo un fito na vacinación, enfocando as vacinas como necesarias e imprescindibles ó longo de toda a vida. Dando comezo a este proceso dende a protección intrauterina, vacinando á muller embarazada e abarcando todas as etapas da vida.

Este calendario, ademais do avance que supón en si mesmo, e de agrupar o calendario infantil e o de adultos que xa existía, inclúe novas vacinas. Isto fai que aumente a protección contra algunhas enfermidades infecciosas que se poden previr mediante a inmunización e converte a Galicia nunha das rexións co calendario máis completo do mundo.

Unha destas novas vacinas incluídas no calendario é a do rotavirus unha infección que afecta fundamentalmente a lactantes moi pequenos, sendo a principal causa de ingreso hospitalario.

A inclusión desta vacina a toda a poboación infantil supón ampliar o calendario vacinal, facéndoo inda máis extenso, e deixando patente o compromiso coa inmunización dos máis cativos.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Cal é a valoración que realiza a Xunta de Galicia da inclusión de novas vacinas no calendario de vacinación ó longo de toda a vida?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 02/04/2024 11:26:23

Alberto Pazos Couñago na data 02/04/2024 11:26:39

María Sol Díaz Mouteira na data 02/04/2024 11:26:49

Patricia García González na data 02/04/2024 11:26:59

Marta Mariño Regueiro na data 02/04/2024 11:27:11

Noelia Pérez López na data 02/04/2024 11:27:19

Roberto Rodríguez Martínez na data 02/04/2024 11:27:30

Raúl Santamaría González na data 02/04/2024 11:27:44

Gonzalo Trenor López na data 02/04/2024 11:27:56

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



A Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Marisol Díaz Mouteira, Patricia García González, Marta Mariño Regueiro, Noelia Pérez López, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trénor López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O cancro de mama continúa sendo o cancro máis frecuente entre as mulleres nos países desenvolvidos. Estímase que no ano 2018 diagnosticáronse na Unión Europea 404.900 novos casos, o que representa o 29,2% de todos os cancros na muller e unha taxa de incidencia de 108,8 por 100.000 mulleres.

España ten unha taxa de incidencia media en relación cos países da súa contorna (84,9 por 100.000 mulleres).

Coa finalidade de abordar o problema de saúde que supón o cancro de mama, a Dirección Xeral de Saúde Pública puxo en marcha en 1992 a primeira unidade de exploración mamográfica do PGDPCM, contando coa colaboración da Asociación Española Contra el Cáncer (AECC).

Desde aquel momento, o Programa foise estendendo progresivamente ata cubrir no ano 1998 o 100% da poboación obxectivo. Ata o ano 2004 a poboación á que ía dirixido o Programa eran todas as mulleres residentes en Galicia de 50 a 64 anos.

Seguindo as directrices da Unión Europea, a partir de 2005, o Programa comezou a ampliación progresiva do grupo de idade ata os 69 anos, obxectivo que se acadou no ano 2009.

Có fin de ampliar a estrutura fixa de análise realizouse unha reestruturación que posibilitou que todos os hospitais públicos de Galicia conten cun mamógrafo agás A Coruña e Vigo que contan con dous.

As usuarias do Programa que residen nun municipio con dificultades de acceso á unidade de exploración mamográfica que lles corresponde teñen á súa disposición un





sistema de transporte gratuíto en autobús, o cal permite prestar unha atención completa e de calidade ás doentes.

A envergadura do Programa fai que a coordinación das unidades de avaliación radiolóxica, das unidades de diagnose e tratamento e a coordinación xeral do Programa estea centralizada no servizo de Programas poboacionais de cribado da Dirección Xeral de Saúde Pública.

Neste servizo é onde se recibe e rexistra na base de datos do Programa toda a información remitida polos hospitais. Sendo desde esta propia unidade de xestión onde periodicamente se realiza a avaliación da súa actividade e resultados.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre os resultados do programa de cribado de cancro de mama desde a súa posta en marcha hai xa máis de 30 anos?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 02/04/2024 11:39:27

Alberto Pazos Couñago na data 02/04/2024 11:39:48

María Sol Díaz Mouteira na data 02/04/2024 11:39:59

Patricia García González na data 02/04/2024 11:40:13

Marta Mariño Regueiro na data 02/04/2024 11:40:25

Noelia Pérez López na data 02/04/2024 11:40:38

Roberto Rodríguez Martínez na data 02/04/2024 11:40:52

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2024 10:15:08
Nº Rexistro: 520
Data envío: 03/04/2024 10:15:08.806

Raúl Santamaría González na data 02/04/2024 11:41:10

Gonzalo Trenor López na data 02/04/2024 11:41:20

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-F6M73hrK-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Marisol Díaz Mouteira, Patricia García González, Marta Mariño Regueiro, Noelia Pérez López, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trénor López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O cancro colorrectal é o tumor maligno máis frecuente no conxunto da poboación na Unión Europea, e a segunda causa de morte por cancro tanto en homes como mulleres.

É un grave problema de saúde polo feito de ser o cancro máis frecuente se temos en conta ambos sexos (é o segundo nas mulleres despois do cancro de mama e o terceiro nos homes tras os de pulmón e próstata). Ó que se une a que é un tipo de cancro que produce síntomas cando a enfermidade está avanzada.

A supervivencia aos 5 anos do diagnóstico é do 75%-90% se está en estadio I-II e de só o 15% se o estadio é IV. Polo tanto adiantar o diagnóstico diminúe a mortalidade por esta enfermidade.

Afortunadamente, dende hai uns anos, en Galicia estase a desenvolver o Programa Galego de Detección Precoz do Cancro Colorrectal, cun obxectivo claro de reducir a incidencia deste tumor, diminuíndo a mortalidade ou aumentando a supervivencia en base a un diagnóstico precoz.

Recentemente tivemos coñecemento de que a Consellería de Sanidade viña de modificar a súa estratexia de cribado de cancro colorrectal co obxectivo de incrementar a participación, e tamén detectar un maior número de casos, enviando directamente ó domicilios os test do cribado para unha detección precoz de dito cancro.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:





Cal é a valoración que fai a Consellería de Sanidade das melloras introducidas no programa de cribado para a detección precoz do cancro colorrectal?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 02/04/2024 11:44:58

Alberto Pazos Couñago na data 02/04/2024 11:45:14

María Sol Díaz Mouteira na data 02/04/2024 11:45:24

Patricia García González na data 02/04/2024 11:45:36

Marta Mariño Regueiro na data 02/04/2024 11:45:47

Noelia Pérez López na data 02/04/2024 11:45:56

Roberto Rodríguez Martínez na data 02/04/2024 11:46:08

Raúl Santamaría González na data 02/04/2024 11:46:22

Gonzalo Trenor López na data 02/04/2024 11:46:32



A Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Marisol Díaz Mouteira, Patricia García González, Marta Mariño Regueiro, Noelia Pérez López, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trénor López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Boa parte das enfermidades conxénitas do metabolismo (ECM) son enfermidades consideradas raras ou moi raras e, a pesar diso son, en conxunto, patoloxías frecuentes, estimándose unha prevalencia global de 50,9 por cada 100.000 nacementos.

A realidade é que as ECM constitúen unha causa importante de morbi-mortalidade, e teñen un impacto global notable desde a perspectiva de Saúde Pública.

O Programa Galego para a Detección Precoz de Enfermidades Endócrinas e Metabólicas en Período Neonatal tivo a súa orixe no 1978, e foi pioneiro en España no cribado neonatal. Con posterioridade ampliouse coa incorporación da espectrometría de masas en xullo de 2000.

Neste senso a Xunta de Galicia foi pioneira coa aprobación no 2021 da Estratexia Galega de Enfermidades Raras 2021/2024, co obxectivo principal de establecer un novo modelo asistencial para as enfermidades raras, optimizado e baseado en criterios homoxéneos para garantir un prazo de diagnóstico máis reducido, menor variabilidade no manexo do/a doente e unha xestión máis áxil, coordinada e eficiente.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que melloras está a incorporar a Xunta no programa galego de cribado neonatal?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal





Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 02/04/2024 11:50:00

Alberto Pazos Couñago na data 02/04/2024 11:50:18

María Sol Díaz Mouteira na data 02/04/2024 11:50:27

Patricia García González na data 02/04/2024 11:50:38

Marta Mariño Regueiro na data 02/04/2024 11:50:49

Noelia Pérez López na data 02/04/2024 11:50:56

Roberto Rodríguez Martínez na data 02/04/2024 11:51:08

Raúl Santamaría González na data 02/04/2024 11:51:24

Gonzalo Trenor López na data 02/04/2024 11:51:34



A Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Marisol Díaz Mouteira, Patricia García González, Marta Mariño Regueiro, Noelia Pérez López, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trénor López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A atención aos pacientes diagnosticados cunha enfermidade rara precisa dunha abordaxe específica pola alta complexidade destas patoloxías, xa que as enfermidades raras poden afectar a múltiples órganos e sistemas, cunha ampla diversidade de síntomas e desordes incluso dentro da mesma patoloxía.

A Xunta de Galicia aprobou o 7 de maio de 2021 a Estratexia Galega de Enfermidades Raras.

O seu obxectivo é o de establecer un novo modelo asistencial para este tipo de doenzas que garanta un prazo de diagnóstico máis reducido, unha menor variabilidade no manexo e unha xestión máis áxil, coordinada e eficaz.

Ademais, en novembro do 2020, aprobábase neste Parlamento unha iniciativa na que se instaba a Xunta de Galicia a crear unidades multidisciplinares para a abordaxe destes pacientes, o texto literal do acordo é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a crear unidades funcionais multidisciplinares que proporcionen atención especializada aos pacientes con enfermidades raras e garantan uns tempos máximos para as súas consultas e probas. Do mesmo xeito, tamén se consolidará a rede de investigación sanitaria pública dotándoa de recursos para ter un maior coñecemento destas patoloxías que permitan un diagnóstico máis temperán, redundando así nun maior beneficio para as doentes». O mes de febreiro de 2022 iniciaron o seu funcionamento tres unidades nas áreas sanitarias de A Coruña, Santiago e Vigo.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Que balance fai a Xunta de Galicia sobre o desenvolvemento da Estratexia Galega de Enfermidades Raras?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 02/04/2024 11:55:04

Alberto Pazos Couñago na data 02/04/2024 11:55:21

María Sol Díaz Mouteira na data 02/04/2024 11:55:31

Patricia García González na data 02/04/2024 11:55:43

Marta Mariño Regueiro na data 02/04/2024 11:55:53

Noelia Pérez López na data 02/04/2024 11:56:00

Roberto Rodríguez Martínez na data 02/04/2024 11:56:12

Raúl Santamaría González na data 02/04/2024 11:56:30

Gonzalo Trenor López na data 02/04/2024 11:56:41

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



A Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Marisol Díaz Mouteira, Patricia García González, Marta Mariño Regueiro, Noelia Pérez López, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trénor López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A intelixencia artificial (IA) é un campo da informática que se centra en desenvolver sistemas e programas capaces de realizar tarefas que normalmente requiren da intelixencia humana. A IA baséase en algoritmos e modelos matemáticos que permiten ás máquinas procesar grandes cantidades de datos, identificar patróns e tomar decisións baseadas nesa información, podendo aprender e mellorar co tempo a medida que se lles proporciona máis datos e adéstraselles con algoritmos de aprendizaxe automática.

Actualmente a intelixencia artificial é algo que forma parte do noso día a día: usamos algoritmos intelixentes cando facemos procuras por internet, cando usamos o navegador do coche ou cando recibimos propostas de música ou series de TV. As IA son sistemas que razoan sobre o coñecemento e procesan a información derivada deses datos e, en base a todo iso, deciden ou propoñen as mellores accións a tomar para lograr o obxectivo dado.

A asistencia sanitaria non pode obviar estes avances nin a capacidade que ofrece a intelixencia artificial, polo que co desenrolo desta tecnoloxía existen grandes expectativas relacionada co uso do Big Data e a IA no eido sanitario. A intelixencia artificial revolucionou moitos campos, incluíndo o sector da saúde. A súa capacidade para analizar grandes cantidades de datos e atopar patróns ocultos permitiu avances significativos na detección precoz de enfermidades e o diagnóstico.

A detección temperá de enfermidades é crucial para aumentar as posibilidades de éxito no tratamento e mellorar a calidade de vida dos pacientes e a IA pode axudar neste proceso ó analizar datos médicos.





Recentemente vimos como a Consellería de Sanidade deixaba patente a súa aposta pola IA para mellorar a detección precoz, diagnóstico e tratamento de enfermidades, aproveitando as fortalezas do sistema sanitario público galego como a historia clínica electrónica.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

En que melloras está a traballar a Consellería de Sanidade para aproveitar as potencialidades e oportunidades que xera o emprego da intelixencia artificial no ámbito sanitario?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 02/04/2024 12:00:50

Alberto Pazos Couñago na data 02/04/2024 12:01:07

María Sol Díaz Mouteira na data 02/04/2024 12:01:17

Patricia García González na data 02/04/2024 12:01:29

Marta Mariño Regueiro na data 02/04/2024 12:01:40

Noelia Pérez López na data 02/04/2024 12:01:49

Roberto Rodríguez Martínez na data 02/04/2024 12:02:03

Raúl Santamaría González na data 02/04/2024 12:02:18

Gonzalo Trenor López na data 02/04/2024 12:02:29



A Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Marisol Díaz Mouteira, Patricia García González, Marta Mariño Regueiro, Noelia Pérez López, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trénor López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Axencia galega de doazón de sangue, órganos e tecidos (ADOS), ten como fins xerais e obxectivos básicos actuar como un instrumento de xestión eficiente no exercicio de funcións relacionadas coa doazón e o abastecemento de sangue e os seus derivados, a coordinación de transplantes de órganos e tecidos, e o procesamento e almacenaxe de células, tecidos e mostras biolóxicas humanas con fins diagnósticos, terapéuticos e de investigación.

Desde a súa creación a Axencia, xunto a xenerosidade dos galegos, consolidou a Galicia como terceira comunidade en doazóns no ano 2021, a pesar de tratarse un ano moi marcado pola pandemia.

Esta boa posición entre as outras comunidades autónomas fainos ver da xenerosidade de todos os galegos e galegas na doazón de sangue, órganos e tecidos.

A Axencia ten desenvolvido ao longo dos últimos anos diversos proxectos colaborativos, así como implantado diversas melloras internas que lle permitiron acadar un maior número de doazóns.

Malia isto, a veces as reservas de sangue sofren momentos de escaseza como o vivido o pasado mes de marzo do 2023 no que a Axencia tivo que facer un chamamento á poboación debido ós baixos niveis de sangue, o que obrigou á Consellería de Sanidade a interromper varias intervencións cirúrxicas nos hospitais públicos galegos.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que medidas está a tomar a Axencia galega de doazón de sangue, órganos e tecidos para incentivar a doazón por parte dos galegos e galegas?

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal





Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 02/04/2024 12:06:06

Alberto Pazos Couñago na data 02/04/2024 12:06:24

María Sol Díaz Mouteira na data 02/04/2024 12:06:32

Patricia García González na data 02/04/2024 12:06:44

Marta Mariño Regueiro na data 02/04/2024 12:06:54

Noelia Pérez López na data 02/04/2024 12:07:02

Roberto Rodríguez Martínez na data 02/04/2024 12:07:14

Raúl Santamaría González na data 02/04/2024 12:07:26

Gonzalo Trenor López na data 02/04/2024 12:07:36

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





A Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Marisol Díaz Mouteira, Patricia García González, Marta Mariño Regueiro, Noelia Pérez López, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trénor López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

É indubidable que o uso dos antibióticos foi un dos avances máis importantes da medicina, e que é un dos factores que permite a saúde e o benestar como o entendemos na actualidade.

Non só pola súa aplicación na medicina humana, senón polo seu uso tamén na gandaría e agricultura, para a mellora na obtención de alimentos.

Pero dende hai anos, o foco de atención está na aparición das resistencias que as bacterias están presentando aos antibióticos, por causa dun mal uso destes. E isto pode provocar que para infeccións de pouca importancia haxa que empregar cada vez medicamentos máis potentes, ou incluso que nos quedemos sen antibióticos para combater determinadas infeccións.

Os expertos coinciden en que a crecente aparición e propagación das infeccións causadas por bacterias resistentes a antibióticos constitúe unha das ameazas máis graves para a saúde pública.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Como se pretende abordar en Galicia o problema referente á resistencia que as bacterias están presentando ós antibióticos nos próximos anos dende o ámbito da saúde pública?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024





Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 02/04/2024 12:11:16

Alberto Pazos Couñago na data 02/04/2024 12:11:32

María Sol Díaz Mouteira na data 02/04/2024 12:11:42

Patricia García González na data 02/04/2024 12:11:54

Marta Mariño Regueiro na data 02/04/2024 12:12:05

Noelia Pérez López na data 02/04/2024 12:12:13

Roberto Rodríguez Martínez na data 02/04/2024 12:12:25

Raúl Santamaría González na data 02/04/2024 12:12:41

Gonzalo Trenor López na data 02/04/2024 12:12:50





Á Mesa do Parlamento

María Martínez Allegue, Carmen María Pomar Tojo, Javier Arias Fouz, José Manuel Balseiro Orol, José Silvestre Balseiros Guinarte, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Victoria Núñez López e Roberto Rodríguez Martínez deputados e deputadas **do Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

Este mes de marzo de 2024 o Concello de Pontevedra vén de aprobar en pleno a moción presentada polo grupo municipal socialista na que insta á Xunta de Galicia a decretar como zona de mercado residencial tensionado á capital da provincia. A moción foi aprobada cos votos a favor do BNG e do PSOE e os votos en contra do PP.

Como é sabido, a lei estatal 12/2023, de 4 de maio, polo dereito á vivenda digna, foi desañada sen a debida escoita ás comunidades autónomas, unha circunstancia especialmente errada tendo en conta que son estas administracións as que deben aplicala, toda vez que a maioría das autonomías, como é o caso de Galicia, teñen asumida esta competencia -con carácter propio e exclusivo-, en virtude do previsto no artigo 148.1.3 da Constitución Española e no Estatuto de Autonomía.

Como non pode ser doutro modo e, á espera do resultado dos recursos de inconstitucionalidade presentados por diferentes comunidades autónomas, desde o Goberno galego se advertiu que se acatará esta norma e, con ese obxecto, se ten introducido modificacións na Lei 8/2012 de Vivenda de Galicia para regular, de xeito claro e concreto, como debe ser o procedemento de solicitude que realicen os concellos para a declaración de zona tensionada.

Se atendemos ao previsto na exposición de motivos da norma estatal, o principal argumento para solicitar a declaración de zona tensionada debe ser o especial risco de oferta insuficiente de vivenda.

Sabido é que as políticas de vivenda pública realizadas na cidade de Pontevedra polo goberno municipal do BNG, en coalición con PSOE nos últimos 20 anos, foi practicamente inexistente. Algo que non se comprende toda vez que no solo residencial de Valdecorvos, o Concello posúe en propiedade a denominada parcela P-19 que foi cedida polo Instituto Galego de Vivenda (IGVS) gratuitamente a favor da administración local. Un espazo no que, segundo unha primeira estimación inicial poderían construírse ata 54 vivendas protexidas e que agora emprégase como aparcamento de vehículos.





Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Cal é a valoración que fai o Goberno galego en relación coa falta de vontade do Goberno municipal de Pontevedra á hora de promover vivenda accesible no seu municipio?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

María Martínez Allegue na data 03/04/2024 10:57:21

Carmen Pomar Tojo na data 03/04/2024 10:57:26

Javier Arias Fouz na data 03/04/2024 10:58:05

José Manuel Balseiro Orol na data 03/04/2024 10:58:35

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Silvestre Balseiros Guinarte na data 03/04/2024 10:58:51

María Deza Martínez na data 03/04/2024 10:59:00

Rubén Lorenzo Gómez na data 03/04/2024 10:59:19

Victoria Núñez López na data 03/04/2024 10:59:58

Roberto Rodríguez Martínez na data 03/04/2024 11:00:01



Á Mesa do Parlamento

Cristina Sanz Arias, Victoria Núñez López, Gabriel Alén Castro, Martina Aneiros Barros, Enrique Barreiro Sánchez, María Deza Martínez, María Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez e José Manuel Mato Díaz, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A Estratexia de Sostibilidade Turística en Destino (ESTD) busca nos recursos do financiamento europeo os medios para a transformación dixital e o incremento da competitividade dos destinos turísticos.

No desenvolvemento desta Estratexia, a Xunta de Galicia está a reforzar as alianzas xa existentes co ecosistema turístico de Galicia, liderando a súa transformación e afianzándose como Administración comprometida coa situación económica derivada da crise sanitaria.

Galicia presentou un Plan Territorial de Sustentabilidade Turística en Destino de carácter extraordinario atendendo a unha prioridade de actuación diferente para cada ano:

- Litoral, no ano 2021 (execución: 22-24);
- Enogastronomía, no 2022 (execución 23-25);
- Vilas Termas e Cascos Históricos, para o 2023 (execución: 24-xullo 26).

Estes plans incorporan as Actuacións de Cohesión entre Destinos (ACD) e os Plans de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD) presentados polas entidades locais, deputacións provinciais, fundacións, etc. de Galicia. Cada un dos Plans execútase a tres anos.

Os Plans Territoriais son mecanismos que deben fomentar a gobernanza multinivel, favorecer a colaboración público-privado e promover a transformación dos destinos turísticos, garantindo a sustentabilidade e o cambio de modelo na xestión do turismo.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai o Goberno galego da posta en marcha e da evolución dos Plans Territoriais de Sustentabilidade Turística en Destino?
2. Cal e o grao de execución dos mesmos?





Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Cristina Sanz Arias na data 03/04/2024 11:08:03

Victoria Núñez López na data 03/04/2024 11:12:58

Gabriel Alén Castro na data 03/04/2024 11:13:16

Martina Aneiros Barros na data 03/04/2024 11:14:09

Enrique Barreiro Sánchez na data 03/04/2024 11:14:32

María Deza Martínez na data 03/04/2024 11:14:47

Dolores Hermelo Piñeiro na data 03/04/2024 11:15:01

José Mato Díaz na data 03/04/2024 11:15:23

Rubén Lorenzo Gómez na data 03/04/2024 11:15:25

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Roberto Rodríguez Martínez, Raquel Arias Rodríguez, Marisol Díaz Mouteira, Patricia García González, Marta Mariño Regueiro, Alberto Pazos Couñago, Raúl Santamaría González, Gonzalo Trenor López Deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en comisión 5ª Sanidade, Política Social e Emprego.**

Os gabinetes técnicos especializados en igualdade laboral e de oportunidades e contra a fenda salarial que prestan os seus servizos nas organizacións empresariais e sindicais, desenvolven accións directas con empresas e persoas traballadoras que perseguen a eliminación das desigualdades entre mulleres e homes no ámbito do traballo.

Ademais, a través destes gabinetes, promóvese a igualdade laboral en eidos como o da negociación colectiva, os procesos de selección e contratación, a clasificación profesional, a formación, a promoción profesional, as condicións de traballo e o exercicio corresponsable da vida persoal, familiar e laboral.

Tamén, loitan contra a infrarrepresentación feminina en determinados sectores, a fenda salarial e o acoso en todas as súas manifestacións. Polo tanto, estes instrumentos tórnanse fundamentais na consecución da tan ansiada igualdade laboral.

En consecuencia, a Xunta de Galicia ten artellado axudas á creación e funcionamento destes gabinetes técnicos, á fin non só de axudar ao desenvolvemento de medidas como as anteditas, senón tamén para apoiar ás empresas na definición e desenvolvemento dos plans de igualdade, ou a despregar un traballo de diagnose permanente neste senso, entre outras actuacións.

Polo tanto, o obxectivo último destas axudas é o fornecemento da igualdade de xénero no mercado laboral, pero tamén en definitiva, no avance da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.





Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

-Cal é a dotación orzamentaria e o número de entidades beneficiarias das axudas destinadas á creación ou funcionamento de gabinetes técnicos en materia de igualdade laboral?

Santiago de Compostela, 03 de abril 2024.

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 03/04/2024 11:45:39

Roberto Rodríguez Martínez na data 03/04/2024 11:45:58

María Sol Díaz Mouteira na data 03/04/2024 11:46:20

Raquel Arias Rodríguez na data 03/04/2024 11:46:36

Marta Mariño Regueiro na data 03/04/2024 11:46:52

Patricia García González na data 03/04/2024 11:47:00

Alberto Pazos Couñago na data 03/04/2024 11:47:13

Raúl Santamaría González na data 03/04/2024 11:47:21

Gonzalo Trenor López na data 03/04/2024 11:47:30

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Roberto Rodríguez Martínez, Raquel Arias Rodríguez, Marisol Díaz Mouteira, Patricia García González, Marta Mariño Regueiro, Alberto Pazos Couñago, Raúl Santamaría González, Gonzalo Trenor López deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en comisión 5ª Sanidade, Política Social e Emprego.**

A salvagarda dun mercado de traballo forte que teña en conta a realidade de todas as galegas e galegos é un firme compromiso do Goberno da Xunta de Galicia, máis aínda se cabe no contexto actual. Neste sentido, destaca a adopción de numerosas iniciativas que velan polo impulso e a calidade no emprego e que dan resposta aos retos do novo escenario.

Ademais, sendo a Xunta de Galicia a responsable da adopción de actuacións en materia laboral no marco das competencias autonómicas, tamén está a promover de xeito especial a igualdade, á fin de establecer un escenario que asegure as mesmas oportunidades sociolaborais para mulleres e homes, xogando a conciliación un papel esencial.

Pois a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, entendida como a compatibilidade do traballo remunerado co traballo doméstico, as responsabilidades familiares e persoais de cada individuo, así como a corresponsabilidade, son fundamentais para garantir unha sociedade xusta e igualitaria para todas as persoas, na que a participación no mercado laboral das mulleres e homes non dependa do seu xénero.

Por ese motivo, a Xunta de Galicia defende unha contorna na que a conciliación e a corresponsabilidade estean presentes, tal e como demostran ferramentas como o Plan





Galego de Conciliación e Corresponsabilidade ou ben os sucesivos Plans Estratéxicos de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Non obstante, e complementariamente a estes instrumentos de planificación, é preciso que a Xunta de Galicia promova axudas de carácter económico para fomentar a conciliación e corresponsabilidade das persoas traballadoras.

Por todo o exposto, as deputadas e deputado asinantes, formulan as seguintes preguntas:

-A canto ascendeu o investimento das axudas para a conciliación das persoas traballadoras facilitado pola Xunta de Galicia?

-En que apoios e programas concretos se materializa este investimento?

Santiago de Compostela, 3 de abril 2024.

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 03/04/2024 11:54:55

Roberto Rodríguez Martínez na data 03/04/2024 11:55:07

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Raquel Arias Rodríguez na data 03/04/2024 11:55:22

Marta Mariño Regueiro na data 03/04/2024 11:55:38

Raúl Santamaría González na data 03/04/2024 11:55:47

Patricia García González na data 03/04/2024 11:55:57

Alberto Pazos Couñago na data 03/04/2024 11:56:17

Gonzalo Trenor López na data 03/04/2024 11:56:30

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

Cristina Sanz Arias, Victoria Núñez López, Gabriel Alén Castro, Martina Aneiros Barros, Enrique Barreiro Sánchez, María Deza Martínez, María Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez e José Manuel Mato Díaz, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

EuroVelo é unha rede de 19 rutas ciclistas de longa distancia que conectan e unen a todo o continente europeo ao longo de máis de 80 mil quilómetros. Unha das particularidades destas rutas é que poden ser utilizadas tanto por cicloturistas como polos habitantes locais que realizan os seus traxectos diarios.

Os obxectivos deste rede encaixan na promoción das viaxes sustentables, no impulso económico, ambiental e social dos territorios polos que transcorre e aposta pola promoción dun medio de transporte que repercute positivamente na saúde dos seus usuarios, xa que se logran hábitos de vida saudable e se empregan medios de transporte totalmente respectuosos co medio ambiente.

Co obxectivo de converter a Galicia nun destino máis sostible, a Xunta de Galicia avanza na mellora das sendas ciclables e na convivencia dos cicloturistas e peregrinos, impulsando iniciativas que permiten a diminución da pegada de carbono e da seguridade de todos os usuarios destas sendas, sexan usuarios do territorio ou cicloturistas.

Así o proxecto contempla actuacións específicas de mellora na ciclabilidade do trazado, instalación de sinalización informativa e direccional, áreas de servizo para cicloturistas, sistemas de análise de fluxo para medir o impacto das rutas e o deseño de ferramentas de promoción.

O cicloturismo destaca por ser un modelo de turismo sustentable e responsable que permite diversificar a oferta dos territorios e a desestacionalización, axudando tamén a fixar poboación na contorna rural, principios do modelo turístico que estase a consolidar en Galicia.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre as medidas de impulso que contén o proxecto Eurovelo?





2. Que liñas de actuación se puxeron en marcha ao abeiro deste proxecto?
3. Que obxectivos e orzamentos ten o proxecto EuroVelo?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Cristina Sanz Arias na data 03/04/2024 12:27:29

Victoria Núñez López na data 03/04/2024 12:28:21

Gabriel Alén Castro na data 03/04/2024 12:28:25

Martina Aneiros Barros na data 03/04/2024 12:28:51

Enrique Barreiro Sánchez na data 03/04/2024 12:29:15

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2024 12:31:57
Nº Rexistro: 563
Data envío: 03/04/2024 12:31:57.787

María Deza Martínez na data 03/04/2024 12:29:47

Dolores Hermelo Piñeiro na data 03/04/2024 12:29:54

Rubén Lorenzo Gómez na data 03/04/2024 12:30:19

José Mato Díaz na data 03/04/2024 12:30:58

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-F6M73hrK-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé, Alexandra Fernández Gómez, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Valcárcel Armesto, Sonia Vidal Lamas e Iria Carreira Pazos, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o proxecto de construción dunha megafactoría de produción de pasta de celulosa de Altri na comarca da Ulloa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.A Xunta do PP e a empresa portuguesa Altri promoven a construción dunha macrofactoría de produción de pasta de celulosa no concello de Palas de Rei. Este proxecto tramitouse con absoluta falta de transparencia e con enganos, xa que durante máis de dous anos publicitouse unha factoría circular de fibras téxtiles e finalmente sóubose que o obxectivo principal será a produción de pasta de celulosa soluble, destinada preferentemente á exportación.

2.Estamos diante dunha actividade industrial nada sostible nin circular, que terá fortísimos impactos no territorio, no ambiente, no patrimonio cultural, nas actividades socioeconómicas, no río Ulla, na ría de Arousa e no modelo forestal.

-Terá un impacto territorial e paisaxístico enorme polas dimensións xigantescas da factoría, que ten unha poligonal de 366 hectáreas, que prevé explanar, pavimentar e ocupar case un millón e medio de metros cadrados con diversas instalacións industriais contaminantes e unha cheminea de 75 m de altura, e que afectará directa e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

negativamente a numerosos concellos da contorna, ademais de Palas: Agolada, Santiso, Melide... co impacto das conducións de auga, accesos e liñas eléctricas.

-Terá un impacto ambiental crítico no espazo natural da Rede Natura 2000 serra do careón e na zona proposta para a súa ampliación, unha área que alberga hábitats e especies de grande valor ambiental e que están clasificadas como vulnerábeis ou en risco de extinción. As emisións de gases contaminantes tamén terá unha incidencia perxudicial na saúde, no uso residencial e na calidade e aproveitamento dos solos nunha ampla zona circundante.

-Terá un impacto visual e paisaxístico fortísimo no ámbito de protección do BIC Camiño de Santiago e noutros bens culturais da contorna.

-Prevé un consumo de grandes cantidades de auga procedentes do río Ulla e o vertido dun voluminoso caudal de augas sometidas a depuración industrial mais contaminantes, que incidirán negativamente na calidade das augas, na biodiversidade e na produtividade tanto do río Ulla como da ría de Arousa.

-Vai ter un impacto negativo nas actividades económicas e no emprego na contorna, o que non compensa en absoluto os supostos beneficios da nova actividade industrial. E tamén terá unha incidencia negativa na actividade produtiva e polo tanto a economía da ría de Arousa.

-Condicionará de maneira decisiva a política forestal, incrementando a eucaliptización e afectando aos equilibrios, á biodiversidade e ás cadeas de valor da industria forestal galega.

3. A afección deste proxecto vai máis alá dos concellos da contorna, do río Ulla e da ría de Arousa. É un proxecto que atenta contra os intereses xerais de Galiza. Estamos diante dun exemplo de libro de industria de enclave e de espolio colonial dos recursos naturais do noso país, na repetición do modelo de implantación da celulosa de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ENCE na ría de Pontevedra: dispoñibilidade de solo barato, dispoñibilidade de eucalipto a grande escala e a prezos baixos, primeira transformación con escaso valor engadido, e destino principal á exportación sen peche de ciclos.

En realidade, a orixe e implantación deste proxecto ten que ver coa moratoria ao eucalipto en Portugal e ao interese da empresa promotora por dispoñer de grandes cantidades de madeira de eucalipto e entrar no lucrativo mercado da produción e comercialización de pasta de celulosa destinada á produción de fibras téxtiles. En contra do que se anunciou inicialmente, non se apreza a vinculación coa industria téxtil situada maioritariamente no Norte de Portugal, xa que a maior parte da produción está destinada á exportación e a transformación en zonas do mundo moi agfastadas de Galiza.

4. O proxecto ten tamén unha vertente relacionada coa produción e venda de enerxía “renovábel” a partir de biomasa e outros refugallos, o que explica as xigantescas dimensións do complexo industrial.

5. Tanto a Xunta como a empresa actuaron de maneira escurantista e con enganos, publicitando unha planta circular e de produción de fibras téxtiles cando en realidade estamos diante dun macrocomplexo industrial equivalente a unha planta clásica de produción de celulosa.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Vai o goberno galego trasladar ao parlamento toda a documentación relativa a tramitación do proxecto desde os seus inicios en 2020 e até a declaración como Proxecto Industrial Estratéxico en decembro de 2022?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que proxectos se presentaron en 2020 á convocatoria en “Concurrencia competitiva” do chamado proxecto tractor de “Xestión sostíbel dos bosques galegos” e cales foron os criterios para a escolla do proxecto de Altri?

Que outros proxectos se presentaron e en que consistían?

Desde cando tivo coñecemento o goberno galego as intencións de Altri de construír en Galiza unha megafactoría de produción de pasta de celulosa e de produción de enerxía?

Ten coñecemento a Xunta da capacidade tecnolóxica de Altri-Greenfiber para producir lyocell?

Como valora a Xunta o impacto territorial, ambiental, socioeconómico e sobre os recursos hídricos da megafactoría de Altri na Ulloa?

Ten previsto o goberno galego avaliar favorabelmente o proxecto a pesar do seu fortísimo impacto e o rexeitamento maioritario nas comarcas afectadas?

Avaliou a Xunta o impacto económico e sobre o emprego que tería a inxección de 200 millóns de euros nas comarcas afectadas polo proxecto?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

Alexandra Fernández Gómez

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Valcárcel Armesto

Sonia Vidal Lamas

Iria Carreira Pazo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 02/04/2024 10:07:21

Paulo Ríos Santomé na data 02/04/2024 10:24:29

Alexandra Fernández Gómez na data 02/04/2024 10:25:20

Olalla Rodil Fernández na data 02/04/2024 10:26:04

Montserrat Valcárcel Armesto na data 02/04/2024 10:26:37

Sonia Vidal Lamas na data 02/04/2024 10:27:28

Iria Carreira Pazos na data 02/04/2024 10:27:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Rosana Pérez Fernández, Ramón Fernández Alfonso, Oscar Insua Lema e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, relativa ás actuacións que debe impulsar a Xunta de Galiza para posicionar o noso país no marco do Estado de cara ao debate sobre a reforma do sistema de financiamento.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sistema de financiamento e todo aquilo que ten que ver coa relación económica de Galiza co Estado é un debate fundamental para as finanzas galegas, polo seu peso orzamentario e pola importancia política que supón ter capacidade económica para exercer o noso autogoberno.

É necesario recordar que o modelo vixente, dentro do marco de réxime común, foi asinado xa no ano 2009 polo propio ex presidente da Xunta de Galiza, Núñez Feijoo. Este acordo debía revisarse xa no ano 2014 mais o debate foi recorrentemente adiado por parte dos gobernos do Estado. Primeiro, polo Partido Popular, despois polo PSOE, incapaz de concluír unha nova proposta.

Co inicio dunha nova lexislatura no Estado no segundo semestre de 2023 e coa celebración de diferentes eleccións, diferentes líderes están a poñer novamente enriba da mesa a necesidade dunha nova negociación do sistema de financiamento. Porén, unha vez máis, Galiza está ausente deste debate. Cómpre recordar que pasados 20 anos desde





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que no ano 2001 o Parlamento Galego puxese en marcha un instrumento institucional para debater respecto do financiamento e das necesidades galegas, a instancias do BNG constituíuse na XI lexislatura unha comisión de estudo a finais de 2021 que non concluíu os seus traballos.

Ante o inicio dunha nova lexislatura do Parlamento Galego, é preciso deixar atrás a falta de perfil propio que caracterizou os gobernos da Xunta do Partido Popular, que se limitou a facer seguidismo da súa estratexia estatal. Hoxe estamos nun novo contexto político e está novamente á orde do día o debate sobre o sistema de financiamento e a reforma do réxime común.

Tres lustros foi un período máis que suficiente para comprobar a insuficiencia para Galiza do sistema, tanto durante a crise financeira, como na crise da pandemia ou na crise de prezos. Existe, ademais, un amplo consenso respecto da insuficiencia para cubrir as competencias de ámbito galego e para avanzar no autogoberno. Ademais, a recuperación do marco de estabilidade e sostibilidade por parte das institucións europeas e estatais e a súa imposición ás autonomías e concellos, institucións ás que restrinxen desigualmente a súa capacidade de gasto, é aínda máis necesario que Galiza conte cun sistema de reparto xusto.

É o momento de dar prioridade aos intereses de Galiza e apostar por unha posición de país que esixa un sistema máis racional e transparente do punto de vista económico que o actual, centralizado e controlado desde o Estado, e que permita avanzar na autorresponsabilidade e no autogoberno.

Por estes motivos, é necesario que a Xunta de Galiza saia do inmovilismo e do sectarismo dos últimos lustros e impulse unha posición forte para a negociación co





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estado, defendendo os intereses do país e contando coa implicación do Parlamento Galego e coa pluralidade política que escolleron as e os galegos.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª :

Vai impulsar o goberno galego unha posición de país respecto do sistema de financiamento para esixir no ámbito do Estado un trato xusto que permita avanzar no autogoberno e no desenvolvemento das nosas competencias?

Valora o goberno galego asumir unha negociación bilateral co Estado como fórmula para ter un trato xusto no sistema de financiamento?

Cal é a razón de que renuncie a esta vía que están demandando Presidencias de todas as cores políticas?

Considera o goberno galego que é compatible a defensa dos intereses de Galiza ante cuestións nas que hai consenso galego, como o peso inxusto do avellentamento e da dispersión, co centralismo estatal?

Que medidas vai defender o goberno galego para avanzar na cesión de máis tributos?

Que medidas vai defender o goberno galego para avanzar no autogoberno fiscal e financeiro?

Que medidas vai defender Galiza para que despois de sufrir as consecuencias da aplicación das normas de déficit non se vexa penalizada no lugar de compensada?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonzo

Oscar Insua Lema

Brais Ruanova Vilas-Boas

Rosana Pérez Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 02/04/2024 13:33:20

Ramón Fernández Alfonzo na data 02/04/2024 13:36:10

Óscar Insua Lema na data 02/04/2024 13:36:13

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 02/04/2024 13:37:31

Rosana Pérez Fernández na data 02/04/2024 13:37:33





Á Mesa do Parlamento

Cristina Sanz Arias, Victoria Núñez López, Gabriel Alén Castro, Martina Aneiros Barros, Enrique Barreiro Sánchez, María Deza Martínez, María Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez e José Manuel Mato Díaz, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Co Plan Director do Camiño de Santiago 2015-2020, que contou cunha dotación de 67M€, o Goberno galego buscou favorecer a conservación e protección do Camiño na nosa comunidade, garantir a pervivencia da súa identidade, a posta en valor do seu patrimonio cultural e natural, e tamén a súa sustentabilidade.

Ao abeiro deste plan leváronse a cabo actuacións de mantemento dos Camiños Xacobeos para garantir o seu óptimo estado para o paso dos peregrinos, mediante a execución das operacións de mantemento viario, sinalización e seguridade viaria do Camiño de Santiago.

Como continuidade ao anterior plan, a Xunta puxo en marcha o Plan Director dos Camiños de Santiago en Galicia 2022-2027, que se impulsa co obxectivo de analizar a situación actual destas rutas e definir as liñas estratéxicas e accións a aplicar neste novo período.

A sostibilidade é un dos obxectivos prioritarios en todos os plans e estratexias no modelo turístico da Xunta de Galicia e da folla de ruta do Camiño de Santiago.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que liñas de actuación e obxectivos contempla o Plan Director dos Camiños de Santiago en Galicia 2022-2027 para a consecución dun desenvolvemento sostible dos Camiños de Santiago?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Cristina Sanz Arias na data 03/04/2024 12:34:25

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Victoria Núñez López na data 03/04/2024 12:34:54

Gabriel Alén Castro na data 03/04/2024 12:35:23

Enrique Barreiro Sánchez na data 03/04/2024 12:35:41

María Deza Martínez na data 03/04/2024 12:35:44

Dolores Hermelo Piñeiro na data 03/04/2024 12:36:10

Rubén Lorenzo Gómez na data 03/04/2024 12:36:31

José Mato Díaz na data 03/04/2024 12:36:45

Martina Aneiros Barros na data 03/04/2024 12:37:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Daniel Pérez López e Paulo Ríos Santomé, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa ás medidas a adoptar pola Xunta de Galiza para garantir a preservación da calidade das augas do río Ulla e da ría de Arousa, a súa biodiversidade, os postos de traballo do sector do mar e a recuperación da ría diante do proxecto de Altri para a comarca da Ulloa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A grave situación produtiva da ría de Arousa vén sendo posta de manifesto en innumerábeis ocasións polo sector do mar (pesqueiro, marisqueiro e mexilloeiro) dende hai máis de dez anos. Unha situación avalada empiricamente polos propios datos de capturas que recolle e publica periodicamente a Consellería do Mar.

Tamén, a iniciativa do Grupo Parlamentario do BNG, foi un asunto que ocupou incontábeis debates parlamentares na última lexislatura. E, do mesmo xeito, son incontábeis igualmente as veces que o Partido Popular votou en contra de todas e cada unha das propostas do BNG encamiñadas a recoñecer que existe un problema de merma de produtividade na ría e a tomar decisións e poñer en marcha actuacións para reverter a realidade actual.

A maiores, as condicións climatolóxicas do último outono-inverno, que aínda perduran, deixaron a miles de traballadores e traballadoras do mar nunhas circunstancias extremas, practicamente sen rendas polo seu traballo e cunhas expectativas totalmente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

incertas para vindeiras campañas. As propias confrarías, en moitos casos e diante da falta de ingresos, tiveron que levar a cabo ERTEs e cada día prodúcese baixas de persoas que non poden aturar máis a situación na que están.

Ata o de agora, a Xunta de Galiza non foi quen de tomar medidas para evitar o drama que se vén producindo, o deterioro do sector, a perda de postos de traballo, o empeoramento do estado biolóxico da ría e a súa recuperación e conservación.

Moi ao contrario, os pasos que se están a dar por parte do Goberno galego indican claramente unha aposta e unha priorización doutras actividades que van incidir, aínda máis, na perda de calidade das augas e, como consecuencia, van dificultar as actividades do mar, precipitar a perda de emprego no sector e imposibilitar a necesaria e tan reclamada atención e recuperación da ría de Arousa.

O último é o caso da empresa portuguesa ALTRI, que promove a construción dunha macrofactoría de produción de pasta de celulosa no Concello de Palas de Rei, unha actividade industrial nada sostíbel que terá un forte impacto no río Ulla e na ría de Arousa, na súa biodiversidade e produtividade, que se verán sometidas ao vertido dun voluminoso caudal de augas, suxeitas a depuración industrial mais contaminantes, e que incidirán negativamente na calidade das augas.

Todo elo, apoiado e promovido polo mesmo Goberno, o galego, que ten competencias exclusivas e a obriga legal de protexer as rías e de adicar os recursos humanos, económicos e tecnolóxicos para investigar, vixiar e actuar diante do todos os factores que poden incidir no seu deterioro e, ao mesmo tempo, amparar a todas as persoas que viven delas e que as converten nun dos principais motores socioeconómicos do país.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

. Que valoración fai o Goberno galego da situación do sector do mar na ría de Arousa?

. Que medidas vai poñer en marcha para revertir o deterioro do sector, a perda de postos de traballo, o empeoramento do estado biolóxico da ría e comezar a súa recuperación e conservación?

. Considera que se deben priorizar a mellora da calidade das augas, a recuperación da ría e dos postos de traballo do sector do mar diante doutras actividades que poidan incidir no seu empeoramento?

. Considera que o proxecto industrial de ALTRI para a comarca da Ulloa vai incidir negativamente na calidade das augas do río Ulla e da ría de Arousa? De ser así, que medidas vai tomar ao respecto? Vai rexeitar a macrofactoría de ALTRI para a produción de pasta de celulosa en Palas de Rei?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2024

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Paulo Ríos Santomé

Carmela González Iglesias

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Daniel Pérez López

Deputados e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 01/04/2024 11:10:23

Paulo Ríos Santomé na data 01/04/2024 11:11:25

Carmela González Iglesias na data 01/04/2024 11:12:06

María Montserrat Prado Cores na data 01/04/2024 11:12:50

Iria Carreira Pazos na data 01/04/2024 11:13:42

Daniel Castro García na data 01/04/2024 11:14:50

Daniel Pérez López na data 01/04/2024 11:17:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Óscar Insua Lema, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a folga das profesionais da quenda de oficio e actuacións realizadas pola Xunta de Galiza para solucionar o conflito.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai máis de 4 meses, dende o día 21 de novembro de 2023, as profesionais da avogacía e da procuradoría adscritas á quenda de oficio están en folga en reclamación e defensa da dignificación e mellora das condicións nas que se presta o servizo de asistencia xurídica gratuíta e da quenda de oficio. O incremento das retribucións/compensacións pola intervención profesional, a inclusión de conceptos ate agora excluídos do baremo ou o incremento da cantidade que a Xunta de Galiza destina aos Colexios Profesionais para a atención da quenda de oficio e do servizo de xustiza gratuíta son algunhas das demandas que reivindicán as profesionais.

A medida adoptada por estas profesionais está a provocar a suspensión de numerosas actuacións xudiciais (vistas, declaracións, asistencias...), así como na tramitación de múltiples procedementos xudiciais, fundamentalmente no orde penal e civil, coa conseguinte dilación na resolución dos conflitos que se seguen nos xulgados e tribunais de Galiza.

A principios do mes de marzo as profesionais da avogacía e procura adscritas á quenda de oficio penal actuantes nos partidos xudiciais de Lalín e A Estrada procederon





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a solicitar a baixa do servizo, polo que os referidos partidos ficaron sen profesionais que voluntariamente presten o servizo de asistencia á detida, declaracións de investigadas ou para a celebración de xuízos rápidos.

Malia a contumaz negativa da Dirección Xeral de Xustiza – reiterada en sede parlamentar – a recoñecer a precariedade das condicións nas que se presta o servizo, inferiores ás de hai 15 anos, un comunicado do Consello da Avogacía Galega informa da existencia de negociacións cara a mellorar as condicións nas que se presta o servizo, solicitándose -como fixo o BNG en distintas ocasións- que tales medidas se adoptasen sen dilación e sen agardar ao remate do convenio asinado en 2021, estimándose necesario o incremento do orzamento aprobado polo Partido Popular para xustiza gratuíta.

Por outra banda non consta o resultado das reunións, no seu caso, mantidas pola Xunta de Galiza coa representación das profesionais mobilizadas.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Cantas xuízos orais, vistas ou declaracións xudiciais suspendéronse como consecuencia da folga das profesionais da avogacía e da procura adscritas á quenda de oficio? Con indicación da concreta unidade xudicial afectada?

Reuniuse a Xunta de Galiza coa representación das profesionais en folga?

Entende a Xunta de Galiza necesario incrementar a partida orzamentaria destinada a xustiza gratuíta?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No seu caso, en que contía e por que razón non contemplaron ese incremento nos orzamentos recentemente aprobados?

Considera procedente a actualización das cantidades contempladas no baremo vixente, sen agardar o vencemento do termo inicialmente pactado?

Ten previsto incluír novos conceptos no actual baremo?

Cónstalle a Xunta que o valor das compensacións contempladas nos baremos actualmente vixentes (p.ex. P.A, XUR con ou sen conformidade, Apelacións penais, Procedemento civil ordinario ou verbal...) son inferiores ás previstas no 2009?

Coñece a Xunta de Galiza se son abundas as achegas realizadas aos Colexios Profesionais para o mantemento da infraestrutura para a prestación do servizo de asistencia xurídica gratuíta e a quenda de oficio?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Óscar Insua Lema

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 03/04/2024 11:00:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Óscar Insua Lema na data 03/04/2024 11:01:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Sonia Vidal Lamas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a enfermidade hemorráxica epizoótica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A enfermidade hemorráxica epizoótica é causada por un virus da familia Reoviridae, do xénero Orbivirus, e trátase dunha proceso infeccioso, non contaxioso, transmitido por vectores (*Culipoides* spp.). O ciclo biolóxico destes mosquitos picadores actívase coa subida das temperaturas, despois dunha pausa invernal larvaria na auga, polo que nos próximos meses a capacidade de contaxio irá en aumento que comezará de novo a fase expansiva.

Dita doenza afecta tanto a ruminantes domésticos coma salvaxes, onde da lugar a unha clínica moderada e autolimitante, aínda que nalgúns casos pode dar lugar a secuelas ou incluso a morte (1% mortalidade media, cunha morbilidade media do 7,53%). Trátase dunha enfermidade de declaración obrigatoria e o seu período de incubación oscila entre os 2 e os 10 días. En canto á clínica preséntase con hipertermia, perda do apetito, edema facial, secreción ocular e/ou nasal, salivación, dificultade respiratoria, eritema ou descamación de boca ou nariz, coxeira e eritema da ubre. Aínda que os síntomas tenden a desaparecer en aproximadamente 2 semanas, os animais afectados sofren unha perda de peso considerable debido á imposibilidade de inxerir alimentos, de xeito que as súas condición corporal despois de padecer a enfermidade é lamentable.



Cristina Fernández Davila, Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez, , deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as inundacións persistentes que sufren dúas persoas en Arbo na súa propiedade debido ás obras nunha estrada do Concello..

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 9 de xuño, hai xa 10 meses, dúas persoas veciñas do Concello de Arbo, comprobaron como o baixo da súa casa estaba completamente asolagado, con destrozos importantes no mobiliario, paredes, electrodomésticos...

Esta situación comeza cando a empresa Oresa está a executar unha obra de Humanización dunha nova rúa en Arbo, entre a rúa Vázquez Estévez e a Estrada PO-400, financiada nun 70% pola Xunta de Galicia a través do Plan Hurbe.

Unhas das primeiras actuacións da humanización consistiron en demolicións, escavacións, recheos e desbroces; renovacións de pavimentos; melloras nas redes de abastecemento, pluviais, alumeado ou comunicacións, e con todas estas accións algunha delas tocou algunha/s veta/s de auga que remataron desviándose cara á vivenda e o eido, onde hai filtracións de xeito permanente e escóitase o murmurio do decorrer da auga.

Dende o primeiro momento as donas da vivenda acudiron ao Concello que non solventa a situación e desvía a responsabilidade das continuas inundacións na propiedade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Calquera persoa pode imaxinar a desesperanza que supón unha situación como esta, convivindo coa entrada de auga permanente, humidades, mobiliario e enseres desfeitos... Canto máis se a resposta do concello é ningunha ou ben con escusas ou incluso mentiras. Escudándose en técnicos da Xunta que deben revisar a obra e que non aparecen nunca nin dan explicacións ou prazos para solventar este gran problema para a familia.

O pasado 12 de novembro, pasados xa 5 meses dende as primeiras entradas de auga, a veciñanza concentrouse diante do Concello para reclamar unha solución as filtracións e a reposición da vivenda familiar, aínda así non houbo ningunha resposta a maiores do Alcalde do Concello de Arbo sen ser máis escusas e colgarlles o teléfono.

O BNG presentou no Parlamento o pasado ano preguntas sobre esta cuestión e a Consellaría de Medioambiente, Territorio e Vivenda enviou contestación na que informa sobre o convenio asinado entre esta Consellaría e o Concello de Arbo para executar estas obras que afirma ter finalizado en agosto de 2023. Esta primeira afirmación xa non concorda coa realidade, xa que nesta data as obras aínda se estaban a realizar.

Confirman tamén a reclamación interposta polas persoas propietarias da vivenda e finca afectada que orixina a emisión de informes por parte da dirección de obra e do Servizo de Supervisión de Proxectos, que propoñen realizar unha instalación de drenaxe das augas subterráneas que se dirixiron cara a vivenda e o seu enlace coa rede municipal existente augas abaixo. Dita obra realizouse pero non eliminou as filtracións de auga existentes.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Vai o goberno da Xunta a asumir a responsabilidade das filtracións de auga que están a sufrir as dúas persoas veciñas de Arbo por mor das obras que se están a realizar cofinanciadas pola Xunta de Galicia e o Concello, e así resolver o problema e repoñer as deficiencias que mostra a vivenda e a reposición do mobiliario, electrodomésticos e enseres estropeados?

- Despois da execución da obra de drenaxe proposta nos informes e que non solventaron o problema, teñen planificado os servizos técnicos da Xunta de Galiza unha nova actuación para evitar as filtracións de auga na vivenda de xeito definitivo?

- En que prazo estiman os servizos técnicos que se poda solventar este problema tan grave?.

- Como van a compensar ás persoas afectadas cando todo isto estea arranzado?

- Porque dende a Alcaldía non se puxeron os medios necesarios para identificar e solventar as filtracións dende o primeiro contacto que fixo a familia?

- Puxo o Alcalde en coñecemento da Xunta as dificultades que estaban a atopar na obra con respecto a esta vivenda nada máis coñecelas?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Alexandra Fernández Gómez

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cristina Fernández Davila na data 03/04/2024 10:09:07

Alexandra Fernández Gómez na data 03/04/2024 10:10:17

Luis Bará Torres na data 03/04/2024 10:10:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Rosana Pérez Fernández, Ramón Fernández Alfonso, Oscar Insua Lema e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, relativa á valoración por parte do goberno galego da evolución da crise de prezos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai máis dun ano Galiza sofre con intensidade unha crise de prezos que, lonxe de se superar, está a cronificarse e que mantén un diferencial á alza respecto do Estado. É dicir, as e os galegos empobrecémonos a máis velocidade.

O pasado 27 de marzo de 2024 o Instituto Nacional de Estatística publicaba o dato adiantado de marzo, no que o indicador estatal rexistra un ascenso de catro décimas, ata o 3,2%, despois da baixada experimentada en febreiro de seis décimas. De acordo con este organismo, o ascenso deberíase principalmente ao incremento do prezo de electricidade e carburantes, que un ano antes experimentaban un descenso.

Á espera de coñecer o dato desagregado galego a mediados de abril, podemos tomar como referencia a evolución da inflación cos últimos datos do Instituto Galego de Estatística publicados o pasado 14 de marzo de 2024, que de novo marcaban diferenza co estado. Así, con base á información publicada nese momento, Galiza rexistrou un incremento de prezos do 3,2%, catro décimas máis do que no Estado español (2,8%).



Polo tanto, ante o indicador adiantado do INE, é previsible que Galiza manteña a diferenza á alza.

Segundo os últimos datos galegos, a alimentación aínda permanecía como un dos elementos que máis decididamente contribúen á alza, polo que este segue a ser un ámbito fundamental do que facer seguimento polo seu impacto nas economías familiares ademais de na economía en xeral. Máis aínda se temos en conta que aínda que no mes de febreiro a inflación subxacente experimenta un descenso, a nosa taxa seguía a ser superior á do Estado, cun 4,3% galego fronte ao 3,5% estatal.

Ante este escenario e, sobre todo, ante o alongamento no tempo da situación inflacionaria, é preciso que o goberno galego reflexione e actúe sobre o impacto que isto ten nas galegas e nos galegos. É preciso ter en conta que a acumulación no tempo desta situación produce un espellismo estatístico polo cal, aínda que mellorar lixeiramente os datos en termos interanuais, hai unha acumulación da suba de prezos ao longo do tempo e isto impacta, por exemplo, no poder adquisitivo. Así, a finais de marzo, o propio gobernador do Banco de España advertía que os salarios non recuperarían o poder adquisitivo até 2025.

Esta situación debe ser obxecto de atención e preocupación do goberno galego para impulsar medidas paliativas naqueles ámbitos máis vulnerables e para facer seguimento das consecuencias que esta situación poida ter no debilitamento do conxunto da economía galega.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª :





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que medidas vai impulsar o goberno galego ante o mantemento no tempo da crise de prezos e o seu diferencial co Estado español?

Como avalía o goberno galego a cronificación da crise de prezos? Impulsou ou vai impulsar algún estudo e/ou mesa de traballo plural ao respecto?

Que valoración lle merece a evolución da inflación subxacente? E a súa diferenza co Estado?

Como avalía a evolución do prezo dos combustibles, da electricidade ou dos alimentos?

Que medidas de reorientación orzamentaria valora?

Que medidas valora o goberno galego para evitar o impacto económico da inflación nas maiorías sociais?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonso

Oscar Insua Lema

Brais Ruanova Vilas-Boas

Rosana Pérez Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 02/04/2024 12:27:43

Ramón Fernández Alfonzo na data 02/04/2024 12:30:16

Óscar Insua Lema na data 02/04/2024 12:30:52

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 02/04/2024 12:31:44

Rosana Pérez Fernández na data 02/04/2024 12:32:13



Á Mesa do Parlamento

María Elena Candia López, José Silvestre Balseiros Guinarte, Gabriel Alén Castro, Raquel Arias Rodríguez, José Manuel Balseiro Orol, Rubén Lorenzo Gómez, José Manuel Mato Díaz, Noelia Pérez López, Antonio Rodríguez Miranda, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.**

É sabido que o sector gandeiro de Galicia conta con numerosas explotacións de pequeno tamaño, localizadas moitas delas en zonas de montaña –ás veces, de alta montaña–, afastadas dos grandes núcleos de poboación e situadas a grandes distancias dos matadoiros municipais.

Neste respecto, desde o Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia vimos con moi bos ollos a presentación –en novembro do pasado ano 2023– e posterior *posta en marcha*, por parte da Consellería do Medio Rural, dun servizo público de matadoiro móbil. Esta iniciativa contrarrestaría as dificultades que presenta a actividade naquelas localizacións máis afastadas dos matadoiros convencionais e facilitaría o acceso ao sacrificio de determinados animais, tales como ovellas, cabras e porcos.

Deste xeito, non só se melloría a rendibilidade das explotacións reducindo os custes de transporte, senón que, ademais, aumentaría a calidade da carne e do benestar animal. Ademais, unha das prioridades está, tal e como especificou a Consellería do Medio Rural, en evitar o abandono das zonas rurais cuxas situacións representan unha complicación neste eido do desenvolvemento normal da actividade, resultando clave a dinamización e dotación de novos servizos, co fin último de provelas destes últimos e, por suposto, facelas máis atractivas.

Este matadoiro, con sede física no concello de Chantada (Lugo) –que permite o almacenamento con cámaras frigoríficas das pezas en canal e o mantemento e desinfección da unidade móbil, entre outras cuestións–, é totalmente pioneiro en España, erixíndose como unha actuación exemplar, cuxa actividade foi iniciada ao comezo de xaneiro de 2024.





Ao respecto, é importante facer balance desta actividade, desde o inicio da súa actividade, co obxecto de determinar se se están cumprindo, con efectividade, as melloras ás que prometía facer fronte a súa posta en funcionamento, favorecendo o desenvolvemento da actividade das gandarías máis dispersas xeograficamente.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta oral para a súa resposta:

Que valoración fai o Goberno galego da posta en marcha do matadoiro móbil de Galicia, así como da actividade que tivo ata o momento?

Santiago de Compostela, 3 de abril 2024.

Asinado dixitalmente por:

Elena Candia López na data 03/04/2024 13:17:18

Silvestre Balseiros Guinarte na data 03/04/2024 13:17:55

Gabriel Alén Castro na data 03/04/2024 13:18:04

Raquel Arias Rodríguez na data 03/04/2024 13:18:18

José Manuel Balseiro Orol na data 03/04/2024 13:18:30

Rubén Lorenzo Gómez na data 03/04/2024 13:18:48

José Mato Díaz na data 03/04/2024 13:19:04

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Noelia Pérez López na data 03/04/2024 13:19:19

Antonio Rodríguez Miranda na data 03/04/2024 13:19:33

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-F6M73hrK-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Rosana Pérez Fernández, Ramón Fernández Alfonso, Oscar Insua Lema e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, relativa á valoración do goberno galego da capacidade económica dos fogares e do impacto nestes da situación económica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 2 de abril de 2024 o Instituto Galego de Estatística publicaba os datos correspondentes ao Primeiro trimestre de 2024 verbo da Enquisa conxuntural a fogares, que ten por obxecto proporcionar información sobre as medidas que toman, ou pensan tomar, os fogares galegos segundo sexa a súa propia situación económica. Isto é, que decisións toman ou van tomar sobre os gastos efectuados, o aforro, solucións de tipo financeiro, etc. Esta enquisa e a súa observación ao longo do tempo permítenos albiscar cal é a situación dos fogares galegos e a efectividade que teñen as políticas económicas, fiscais e financeiras do goberno galego á hora de contribuír, ou non, á redistribución da riqueza.

Os últimos datos rexistrados polo Instituto Galego de Estatística indican que no primeiro trimestre de 2024 o 45,05% dos fogares galegos chega con facilidade ou moita facilidade a fin de mes, o 45,04% con dificultade e o 9,91% restante con moita dificultade. Atendendo a este dato observamos o mantemento dunha situación que se





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

prolonga ao longo do tempo: máis da metade dos fogares de Galiza chegan con dificultade ou moita dificultade a fin de mes.

Máis aínda, se observamos a evolución dos datos con respecto a hai un ano, podemos constatar que con respecto ao primeiro trimestre do ano 2023, a porcentaxe de fogares que chega con facilidade ou moita facilidade a fin de mes diminúe 1,06 puntos porcentuais. Canto á porcentaxe de fogares que chega con dificultade a fin de mes, este dato tamén diminúe, en 1,16 puntos entre ambos períodos. Porén, a porcentaxe de fogares que chega con moita dificultade medra en 2,22 puntos. Polo tanto, é preocupante que en termos globais aumente a poboación que peores circunstancias ten. É máis, se analizamos a evolución trimestral deste dato, non deixou de aumentar no último ano en cada un dos trimestres de 2023.

A análise destes datos e a súa comparación con outros indicadores económicos do propio Instituto Galego de Estatística, así como a información sobre a situación socioeconómica avaliada na Memoria Económica do Consello Económico e Social, por exemplo, deberían levar a unha reflexión sobre a necesidade de reforzar a redistribución da riqueza nun contexto económico no que o empobrecemento dos fogares galegos vén producíndose con intensidade nos últimos anos por mor da crise de prezos e o seu maior impacto en Galiza.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª :

Que valoración fai o goberno galego da consolidación do dato de que máis da metade dos fogares galegos chegue a final de mes con dificultade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E de que ao longo do tempo aumenten os fogares que o fan con moita dificultade?

Considera que as súas medidas económicas e fiscais favorecen a redistribución da riqueza?

Considera un problema económico que non paren de aumentar as persoas que chegan con dificultade a fin de mes e que non se consiga inverter a balanza desta estatística?

Valora impulsar algún estudo complementario, de tipo cualitativo, para avaliar a situación?

Valora reformar a súa política fiscal?

Valora o goberno galego impulsar medidas de apoio económico, financeiro ou social ao respecto?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonso

Oscar Insua Lema

Brais Ruanova Vilas-Boas

Rosana Pérez Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 03/04/2024 11:04:43

Ramón Fernández Alfonzo na data 03/04/2024 11:07:26

Óscar Insua Lema na data 03/04/2024 11:07:47

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 03/04/2024 11:08:27

Rosana Pérez Fernández na data 03/04/2024 11:08:45



Á Mesa do Parlamento

Cristina Sanz Arias, Victoria Núñez López, Gabriel Alén Castro, Martina Aneiros Barros, Enrique Barreiro Sánchez, María Deza Martínez, María Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez e José Manuel Mato Díaz, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A identificación da nosa gastronomía coa calidade é un sinal de identidade para os propios galegos e, sobre todo, para aqueles que nos visitan, achegando unha riqueza económica ás actividades vencelladas a elaboración dos produtos gastronómicos.

Esta identificación non podería ser unha realidade sen un bo servizo da hostalería, por iso, xa desde os anos 90 a Xunta de Galicia apostou pola profesionalización do sector e puxo en marcha o Centro Superior de Hostalaría de Galicia (CSHG).

A formación continua do sector Turístico de Galicia seguiu a consolidarse con novas iniciativas como a posta en marcha, no ano 2020, da Plataforma de teleformación ou coa posta en marcha, no 2021, do Plan Formativo plan transversal, que incorpora diferentes liñas de formación: idiomas, gastronomía, dirección e xestión de empresas, seguridade, calidade, sustentabilidade ou transformación dixital.

Para dar continuidade a estes plans púxose en marcha o Plan de Formación Turismo de Galicia 2022, no marco da Estratexia de Turismo de Galicia 2020 que ten como liña estratéxica a calidade, formación e profesionalización.

O turismo poscovid e as novas necesidades postas en valor polo sector da hostalaría en xeral, marcan a necesidade de seguir impulsando este centro e as medidas para a mellora do sector hoteleiro, hostaleiro e turístico en xeral, motivo polo que se está a elaborar un novo plan de formación que permita satisfacer estas necesidades.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que medidas ten previsto aplicar a Xunta de Galicia no marco do novo Plan de formación do Centro Superior de Hostalaría de Galicia (CSHG) para a mellora e profesionalización do sector turístico galego?





Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Cristina Sanz Arias na data 03/04/2024 13:27:01

Victoria Núñez López na data 03/04/2024 13:27:35

Gabriel Alén Castro na data 03/04/2024 13:27:41

Martina Aneiros Barros na data 03/04/2024 13:28:01

Enrique Barreiro Sánchez na data 03/04/2024 13:28:29

María Deza Martínez na data 03/04/2024 13:28:34

Dolores Hermelo Piñeiro na data 03/04/2024 13:28:50

Rubén Lorenzo Gómez na data 03/04/2024 13:29:15

José Mato Díaz na data 03/04/2024 13:29:29

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Rosana Pérez Fernández, Ramón Fernández Alfonso, Oscar Insua Lema e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, relativa á valoración do Goberno galego dos datos de desaceleración económica que apunta o primeiro Informe de Conxuntura Socioeconómica sobre 2024 do Foro Económico de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comezos de abril coñecemos o primeiro Informe de Conxuntura Socioeconómica sobre 2024 do Foro Económico de Galiza. Dito informe apunta a que se ben en termos de perspectiva europea tanto o Estado como Galiza manteñen un ritmo positivo, a economía galega continúa a apuntar unha desaceleración considerable e mantén unha diferenza salientable coa evolución máis positiva de Portugal.

O Informe recolle que, da mesma maneira que a maior parte dos países da nosa contorna, continúa a ralentización en termos de crecemento do PIB, que ademais é moi superior no caso da evolución portuguesa (2,3%). Así, o PIB galego medra en 2023, malia a caída do último trimestre, un 1,8%, cumprindo as estimacións elaboradas último Orzamento aprobado polo goberno galego, mais faino sete décimas por debaixo da evolución estatal (2,5%).

Analizando a composición interna do PIB observamos unha vez máis como no caso galego a súa evolución positiva débese ao consumo externo, pois o interno





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

contráese e é o que explica o diferencial co Estado. Unha vez máis, o informe insiste no feito de que o impacto da pandemia foi menor en Galiza como un dos elementos que máis resistencia deu ao noso país para enfrontar o último ciclo económico.

Por sectores económicos, o terciario presenta unha importante desaceleración e en termos xerais vólvese sinalar a menor produtividade relativa do tecido produtivo galego como un dos principais problemas económicos do noso país. Así, a produtividade relativa da industria manufactureira sitúase no 74,6% da media española en termos de posto de traballo equivalente a tempo completo e no 76,1% en termos de horas traballadas, datos inferiores aos datos pre crise financeira de 2008.

Este e outros informes, como a Memoria Económica do Consello Económico e Social, apuntan tendencias e dificultades que, con lixeiras mudanzas, vanse mantendo no tempo. Apuntan diferentes leccións sobre as fortalezas e debilidades da economía galega que a Xunta debería atender e sobre as que debería intervir no lugar de seguir desaproveitando a súa capacidade para iniciar unha nova etapa de desenvolvemento dos sectores estratéxicos e de impulso das grandes pancas de transformación da economía galega para facela máis forte e menor permeable á inestabilidade do contexto.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª :

Como valora o goberno galego a ralentización do crecemento da economía galega?

Como valora o goberno galego o diferencial macroeconómico de Galiza respecto do Estado?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E respecto de Portugal?

Considera o goberno galego que aproveitou o menor impacto da pandemia en Galiza para impulsar medidas económicas, fiscais e financeiras que fortalecesen o noso país?

Como valora o goberno galego que un dos principais problemas da economía galega siga a ser a produtividade relativa do tecido produtivo galego en relación á media estatal? Que medidas valora ao respecto?

Como valora o goberno galego a dependencia dun reducido número de países como destinos exportadores, tendo en conta a importancia deste factor na nosa economía? Que medidas impulsará para a súa diversificación?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonso

Oscar Insua Lema

Brais Ruanova Vilas-Boas

Rosana Pérez Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 03/04/2024 11:39:35

Ramón Fernández Alfonzo na data 03/04/2024 11:42:46

Óscar Insua Lema na data 03/04/2024 11:42:48

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 03/04/2024 11:43:40

Rosana Pérez Fernández na data 03/04/2024 11:43:42





Á Mesa do Parlamento

Cristina Sanz Arias, Victoria Núñez López, Gabriel Alén Castro, Martina Aneiros Barros, Enrique Barreiro Sánchez, María Deza Martínez, María Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez e José Manuel Mato Díaz, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Galicia leva tempo traballando no desenvolvemento dun modelo turístico propio centrado na posta en valor dos recursos de seu e na diversificación da oferta. O modelo turístico galego está baseado nun turismo tranquilo e de calidade, nos valores paisaxísticos, patrimoniais e enogastronómicos que axudan a favorecer a recuperación da demanda turística.

A Xunta de Galicia leva anos protexendo e potenciando os recursos turísticos do país, poñendo a disposición de empresas e institucións públicas liñas de axuda que apoian, por exemplo, a desestacionalización do turismo ou a súa potenciación en zonas de baixa afluencia.

Con estes apoios autonómicos e o esforzo do sector, Galicia foi quen de crear unha das redes de turismo rural máis senlleiras de España, liderar o “turismo termal” ou crear produtos turísticos a partir dos “Espazos naturais”.

Desenvolveuse tamén o “turismo activo” e puxéronse en valor os miradoiros, as rutas gastronómicas ou os centros de bicicleta todo terreo, que conforman esa oferta diversificada que tanto caracteriza o modelo turístico do territorio galego.

Así mesmo, tivéronse en conta as necesidades dos concellos na mellora das instalacións turísticas, tamén dos establecementos turísticos ou do mantemento das festas locais catalogadas de interese turístico de Galicia.

Hoxe, o novo turista segue a reclamar e valorar todas estas melloras, motivo polo que desde a Administración autonómica cómpre seguir impulsando estas medidas e creando outras novas que se adapten as exixencias dos visitantes e consigan unha mellora sustentable dos servizos turísticos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre as axudas postas en marcha para a mellora das infraestruturas, establecementos e concellos turísticos?





2. Que medidas están previstas para o 2024?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Cristina Sanz Arias na data 03/04/2024 13:37:29

Victoria Núñez López na data 03/04/2024 13:37:53

Gabriel Alén Castro na data 03/04/2024 13:38:39

Enrique Barreiro Sánchez na data 03/04/2024 13:38:55

María Deza Martínez na data 03/04/2024 13:39:36

Dolores Hermelo Piñeiro na data 03/04/2024 13:39:57

Rubén Lorenzo Gómez na data 03/04/2024 13:40:06

José Mato Díaz na data 03/04/2024 13:41:01

Martina Aneiros Barros na data 03/04/2024 13:41:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a situación que están a vivir os colectivos de galegos e galegas na Arxentina.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación social e económica da Arxentina leva sendo moi convulsa desde hai anos, mais quedou xa claro que a chegada do Presidente Milei non fixo outra cousa que empeorar as condicións de vida dos e das arxentinas.

Isto provocou tamén que os miles de galegos e galegas que alí residen sufran un grave deterioro das súas condicións de vida, algo que xa quedou de manifesto nos medios de comunicación do noso país.

Deste xeito, galegos e galegas da Arxentina denuncian, entre outras cousas, graves situacións como que o para un xubilado ou unha xubilada a cesta básica da compra duplica os seus ingresos.

A situación dos máis maiores é dun continuo empobrecemento que chega ao punto de que teñen que fraccionar os seus medicamentos para poder pagalos, algo que denuncia o Presidente da Federación de Asociaciones Gallegas de la República Argentina.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Destaca tamén que a situación social cada vez é máis caótica e que, ao igual ca inflación, as colas nos comedores sociais cada vez son máis grandes.

Outros representantes da colectividade galega mostran o medo que hai entre os galegos e galegas emigradas a enfermarse, xa que cada vez sae máis caro ten problemas de saúde coas políticas privatizadoras que introduciu o goberno do ultradereitista Milei.

Ante esta grave situación, a emigración galega chegou a un punto no que ten que comezar a reducir a compra de alimentos xa que lles é imposible chegar a fin de mes.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

- Vai a Xunta de Galiza crear novos tipos de axudas para paliar as condicións de vida dos galegos e galegas emigrados na Arxentina?

- Considera a Xunta de Galiza que as políticas do Presidente Milei están a empeorar a vida dos galegos e galegas que alí residen?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asdo.: **Daniel Castro García**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 03/04/2024 13:47:39

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 03/04/2024 13:47:43



Á Mesa do Parlamento

Cristina Sanz Arias, Victoria Núñez López, Gabriel Alén Castro, Martina Aneiros Barros, Enrique Barreiro Sánchez, María Deza Martínez, María Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez e José Manuel Mato Díaz, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

A desestacionalización e diversificación turística son dúas facetas que ofrecen unha imaxe fiel das prioridades da Xunta de Galicia nos seus obxectivos de mellora do turismo na nosa comunidade e tamén do éxito das medidas levadas a cabo para logralo.

O turismo galego vén marcado fortemente pola propia forma de ser da sociedade galega, e así oferta un turismo tranquilo, de disfrute da nosa riqueza natural de litoral e montaña, de paseos polas distintas e múltiples rutas que temos, da admiración da riqueza patrimonial que hai por todo o territorio galego e, por suposto, da exquisitez e calidade da nosa gastronomía.

Estas numerosas calidades que Galicia ten para ofertar ao turista, permite que podamos atraer visitantes ao longo de todo o ano, como así o constatan os datos de peregrinos e visitantes obtidos durante estes últimos anos, onde se pode ver un incremento en meses fora da época estival.

Pero estas “enormes posibilidades”, requiren de crear novos produtos para diferenciarse do resto de territorios e por suposto dunha planificación que contemple a totalidade dos recursos turísticos, de xeito que se podan impulsar medidas que se adapten da mellor forma posible ao mantemento e mellora dos mesmos.

As nosas praias, fervenzas, faros, rutas, mosteiros, catedrais, festas, viños e especialidades gastronómicas, demandan medidas que fagan de todos estes espazos un lugar de visita obrigada durante todos os meses do ano.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Cales son as medidas postas en marcha desde a Xunta de Galicia para o logro da desestacionalización e diversificación do turismo galego?





Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Cristina Sanz Arias na data 03/04/2024 13:46:07

Victoria Núñez López na data 03/04/2024 13:46:31

Gabriel Alén Castro na data 03/04/2024 13:46:51

Martina Aneiros Barros na data 03/04/2024 13:47:53

María Deza Martínez na data 03/04/2024 13:49:12

Dolores Hermelo Piñeiro na data 03/04/2024 13:49:26

Rubén Lorenzo Gómez na data 03/04/2024 13:49:43

José Mato Díaz na data 03/04/2024 13:50:12

Enrique Barreiro Sánchez na data 03/04/2024 13:51:26

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

María Elena Candia López, José Silvestre Balseiros Guinarte, Gabriel Alén Castro, Raquel Arias Rodríguez, José Manuel Balseiro Orol, Rubén Lorenzo Gómez, José Manuel Mato Díaz, Noelia Pérez López, Antonio Rodríguez Miranda deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.**

No pasado mes de febreiro, presentábanse os primeiros resultados do proceso participativo desenvolvido para as zonas de concorrencia de lumes forestais, en relación cos incendios rexistrados en 2022.

Neste sentido, é sabido que a Xunta traballa en diferentes medidas na liña da recuperación e xestión das áreas afectadas por estes incendios. Cómpre sinalar, neste respecto, a plantación e reforestación con coníferas e frondosas autóctonas, a apertura e mellora de pistas e camiños, a construción e mellora de puntos de auga, a mellora e implantación de faixas secundarias, a creación, recuperación e mantemento de pradarias e pasteiros ou o impulso dos instrumentos de recuperación –polígonos agroforestais, aldeas modelo, soutos tradicionais, pasteiros, etc.–.

Non obstante, tralos incendios forestais do pasado 2022, intensificouse este traballo en prol daquelas áreas xeográficas máis afectadas. Deste xeito, incentivouse a colaboración xunto con axentes de ata cinco comarcas: O Courel, Valdeorras, Macizo Central, Monterrei e Barbanza. Así, a Consellería do Medio Rural colabora con 26 concellos para buscar solucións as máis de 245.000 hectáreas que requirían de medidas para a súa recuperación.

No proceso, soubemos que se realizaron encontros con axentes destas áreas –como xa se mencionou anteriormente–, como cargos e técnicos de diferentes administracións, empresas xestoras, axentes forestais profesionais da madeira, gandeiros, comuneiros e cidadanía en xeral. O principal obxectivo desta iniciativa, tal e como foi trasladado desde a propia Consellería, está na compilación de propostas de uso e xestión do territorio, desde os puntos de vista forestal, agrogandeiro, ambiental e social-recreativo. Así, co proceso tamén se buscaba identificar os axentes interesados





en levar a cabo propostas, así como priorizar as áreas de actuación de cara a mellora da resiliencia fronte o lume.

Para acometer as actuacións –que forman parte das conclusións das mesas de axentes sociais–, a Consellería xa anunciou a creación dun fondo público-privado no que, ata o momento, xa está confirmada a participación do Grupo Inditex, cunha aportación total de 9 millóns de euros, que se engaden ao esforzo investidor da Xunta nesta materia. Así, preténdese beneficiar a unhas 118.000 persoas, ademais de levar a cabo unha acción integral no territorio a través desta colaboración, a cal permitirá, en palabras do conselleiro do Medio Rural, anticiparnos aos incendios.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas orais:

Cales son as conclusións ao abeiro da mesa de axentes sociais en relación coa planificación integral das áreas afectadas polos incendios de 2022 para fomentar a súa recuperación?

Que actuacións se están a levar a cabo trala presentación destas conclusións da mesa de axentes sociais?

Santiago de Compostela, 3 de abril 2024.

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Elena Candia López na data 03/04/2024 13:47:34

Silvestre Balseiros Guinarte na data 03/04/2024 13:47:54

Gabriel Alén Castro na data 03/04/2024 13:48:08

Raquel Arias Rodríguez na data 03/04/2024 13:48:20

José Manuel Balseiro Orol na data 03/04/2024 13:48:38

Rubén Lorenzo Gómez na data 03/04/2024 13:49:01

José Mato Díaz na data 03/04/2024 13:49:15

Noelia Pérez López na data 03/04/2024 13:49:30

Antonio Rodríguez Miranda na data 03/04/2024 13:49:53

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Montserrat Valcárcel Armesto, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o persoal facultativo do PAC da Fonsagrada e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza da Fonsagrada e de Negueira de Muñiz leva meses mobilizándose na defensa da sanidade pública nos seus concellos pola falta de persoal facultativo no Punto de Atención Continuada (PAC).

E é que o Servizo Galego de Saúde (SERGAS) está a deixar só 2 persoas facultativas fixas dun total de 5 para a asistencia sanitaria de 4 mil persoas entre ambos os dous municipios.

A esta situación engádeselle que os servizos de atención primaria relacionados coa radioloxía, a rehabilitación fisioterapéutica ou a revisión xinecolóxica están derivados ao Concello de Becerreá, o que supón un percorrido en coche, no mellor dos casos, dunha hora cunha distancia que poder chegar até os 85 quilómetros de tratarse de persoas que vivan no norte do concello.

Cómpre lembrar que A Fonsagrada é o concello máis extenso de Galiza e que esta zona da montaña carece dun servizo de transporte que garanta a correcta mobilidade da veciñanza obrigando a numerosas persoas, as máis delas de avanzada idade, a pagar un taxi para poder ser atendidas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A falta de persoal sanitario suficiente en centros de saúde e PACs coma este representa unha enorme fenda entre a poboación alén de mermar un dereito fundamental como o acceso universal ao servizo sanitario público en condicións de equidade e proximidade.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Creo o Goberno galego que a situación actual neste centro garante unha asistencia sanitaria de calidade para a poboación dos Concellos da Fonsagrada e Negueira de Muñiz?

Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para garantir o persoal do PAC da Fonsagrada?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Montserrat Prado Cores
Montserrat Valcárcel Armesto
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 03/04/2024 13:52:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 03/04/2024 13:55:02

Montserrat Valcárcel Armesto na data 03/04/2024 13:55:40





Á Mesa do Parlamento

Cristina Sanz Arias, Victoria Núñez López, Gabriel Alén Castro, Martina Aneiros Barros, Enrique Barreiro Sánchez, María Deza Martínez, María Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez e José Manuel Mato Díaz, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Turismo galego e calidade son dous conceptos que están unidos desde fai moitos anos. A marca “Galicia Calidade” puxo os cimentos a unha forma de concibir e planificar o turismo en Galicia. A aposta pola nosa natureza, paisaxe, patrimonio cultural, gastronomía e cultura fixeron destes elementos a idiosincrasia e valores do noso turismo.

Agora, o turista poscovid reclama maioritariamente estes valores, xunto ca sustentabilidade e dixitalización para achegarse mais e de xeito mais rápido a eles.

Desde a Xunta de Galicia levan anos impulsando medidas para a mellora na calidade turística e no mantemento, conservación e sustentabilidade dos elementos turísticos nos seus diversos ámbitos.

Así promovéronse iniciativas como as 313 Q de calidade, os 19 destinos Sicted, que sitúan a Galicia na terceira posición no ranking das CCAA con máis entidades distinguidas, con 1078 certificacións, só por detrás de Valencia e Andalucía. Así mesmo Galicia conta con 39 entidades certificadas ca “S” de Sustentabilidade turística.

Con respecto da sustentabilidade, Galicia lidera o desenvolvemento de tres Plans de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD) atendendo a prioridades de actuación da Xunta de Galicia, así como tamén impulsou a sustentabilidade no Camiño de Santiago con diversos plans como o Plan Director dos Camiños de Santiago 2015-2021, ou o Plan Estratéxico Xacobeo 2019-2021.

Agora toca seguir a promover e impulsar as medidas necesarias cara a cumprir co obxectivo de lograr a consolidación dun modelo turístico sustentable, dixital, diversificado, descentralizado, de calidade que poña en valor as nosas sinais de identidade, sociais, culturais, patrimoniais, naturais e históricas.





Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que medidas e obxectivos se contemplan no Plan de Acción de Calidade e Sostibilidade Turística de Galicia 2024?

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2024

Asinado dixitalmente por:

Cristina Sanz Arias na data 03/04/2024 13:58:07

Victoria Núñez López na data 03/04/2024 13:58:32

Gabriel Alén Castro na data 03/04/2024 13:58:47

Enrique Barreiro Sánchez na data 03/04/2024 13:59:07

María Deza Martínez na data 03/04/2024 13:59:18

Dolores Hermelo Piñeiro na data 03/04/2024 13:59:28

Rubén Lorenzo Gómez na data 03/04/2024 13:59:54

José Mato Díaz na data 03/04/2024 14:00:20

Martina Aneiros Barros na data 03/04/2024 14:00:38



Á Mesa do Parlamento

Carmen M^a Pomar Tojo, María Martínez Allegue, Javier Arias Fouz, José Manuel Balseiro Orol, José Silvestre Balseiros Guinarte, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Victoria Núñez López e Roberto Rodríguez Martínez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

A lei estatal polo dereito á vivenda foi elaborada polo Goberno de España sen ter en conta ás comunidades autónomas e invadindo as súas competencias, esta circunstancia levou á presentación de recursos de inconstitucionalidade por varias delas, incluída Galicia.

Esta normativa establece a posibilidade de declarar zonas de mercado residencial tensionado. Unha medida que inclúe a adopción nesas zonas de medidas como a limitación do prezo do alugueiro, pese a que xa demostraron a súa inutilidade, e incluso efectos contrarios aos desexados, en diversas cidades europeas.

Para aclarar a indefinición desa lei en determinados aspectos, a Xunta de Galicia introduciu na Lei de vivenda de Galicia o procedemento para a declaración de ditas zonas tensionadas, indicando que será o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) quen realice a declaración, a solicitude dos concellos, que deberán achegar, xunto coa solicitude, a documentación requirida na devandita lei estatal.

Varios concellos manifestaron o seu interese na declaración de zona tensionada e mesmo nalgún caso chegaron a afirmar que xa presentaran a solicitude.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular formulan as seguintes preguntas:

1. ¿En que consiste o procedemento a seguir para a declaración de zona tensionada?
2. ¿Cantos concellos galegos presentaron solicitude de declaración de zona de mercado residencial tensionado? ¿Cales?
3. ¿Que efectos terá dita declaración no caso de realizarse?



Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Carmen Pomar Tojo na data 03/04/2024 17:49:40

María Martínez Allegue na data 03/04/2024 17:50:16

Javier Arias Fouz na data 03/04/2024 17:50:21

José Manuel Balseiro Orol na data 03/04/2024 17:50:51

Silvestre Balseiros Guinarte na data 03/04/2024 17:50:54

María Deza Martínez na data 03/04/2024 17:51:17

Rubén Lorenzo Gómez na data 03/04/2024 17:51:21

Victoria Núñez López na data 03/04/2024 17:52:43

Roberto Rodríguez Martínez na data 03/04/2024 17:52:49

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Martina Aneiros Barros, Enrique Barreiro Sánchez, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Noelia Pérez López, Cristina Sanz Arias, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

O Goberno de España, antes de decidir prorrogar os orzamentos xerais do Estado (PXE) ante a incapacidade por sacar adiante as contas para 2024, pretendía aprobalos sen contar cunha senda de estabilidade nos termos previstos na Lei orgánica de estabilidade orzamentaria.

A senda que quería impoñer Sánchez en contra da maioría das comunidades autónomas e do Senado, supoñía reservarse toda a capacidade de endebedamento para a Administración Xeral do Estado e a Seguridade Social (cun déficit do 3,2%) e recortar as políticas de educación, dependencia e sanidade xestionadas polas comunidades autónomas (cun déficit do 0%).

Galicia votou en contra da senda de estabilidade proposta polo Goberno central no Consello de Política Fiscal e Financeira celebrado en decembro pasado por dous motivos:

-Non repartía de xeito equitativo a capacidade de endebedamento entre as distintas administracións, reservando o 99% da mesma para a administración central, cando as comunidades autónomas xestionan un terzo do gasto público.

-Aplicaba o maior esforzo de axuste do gasto ao sector público autonómico, e polo tanto, nas políticas de sanidade, educación e maiores. (ao pasar do 0,6% de déficit medio previsto polo goberno para as comunidades autónomas este ano, ao 0,1% para o ano que ven).

En todo caso, e independentemente da decisión de non tramitar os orzamentos xerais do Estado, segue sendo necesaria esta senda de estabilidade tanto para as autorizacións de endebedamento durante o ano, como para avaliar o desempeño fiscal ao peche de exercicio. Especialmente no primeiro ano despois da crise pandémica na que non se aplica a cláusula de salvagarda e operan con toda a súa intensidade, os brazos preventivo e correctivo da lei de estabilidade financeira.





É polo que, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta:

- ¿Que valoración fai o Goberno Galego da falta dos obxectivos de déficit e endebedamento aprobados de conformidade con disposto na lei orgánica de estabilidade orzamentaria nun contexto de volta ás regras fiscais?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 03/04/2024 19:23:58

Martina Aneiros Barros na data 03/04/2024 19:24:21

Enrique Barreiro Sánchez na data 03/04/2024 19:24:58

María Deza Martínez na data 03/04/2024 19:25:28

Patricia García González na data 03/04/2024 19:25:32

Dolores Hermelo Piñeiro na data 03/04/2024 19:26:02

María Martínez Allegue na data 03/04/2024 19:26:06

Noelia Pérez López na data 03/04/2024 19:26:30

Cristina Sanz Arias na data 03/04/2024 19:26:35

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Martina Aneiros Barros, Enrique Barreiro Sánchez, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Noelia Pérez López, Cristina Sanz Arias, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

A partir do ano 2008, o impacto da crise económica e financeira supuxo un forte crecemento do endebedamento público, tanto no goberno central, como nas comunidades autónomas.

As administracións públicas víronse na necesidade de incrementar exponencialmente o seu endebedamento como resposta á recesión económica que viviu España no período que vai do 2008 ao 2012 e que impactou de forma abrupta sobre os ingresos públicos.

Máis recentemente, coa crise sanitaria motivada pola Covid-19, volveuse a requirir dun enorme esforzo público, que se traduciu nun novo incremento dos ratios de endebedamento.

España, na actualidade segue sendo un dos países do area do euro que presenta maiores niveis de débeda pública, por detrás de Grecia e Italia e cun nivel similar a Portugal e Francia.

Neste contexto de elevado nivel de endebedamento público que presentan as administracións en España, o Goberno da Xunta de Galicia caracterizouse ao longo de todos estes anos pola súa responsabilidade na xestión das súas finanzas públicas:, cumpriu cos límites de déficit autorizados polo Consello de Política Fiscal e Financeira, cumpriu con límites de débeda, non gastou máis das súas posibilidades e os seus recursos e cumpriu en todo momento cas súas obrigas económicas e financeiras.

Como consecuencia de esta política económico e financeira, Galicia está situada como unha das comunidades de referencia na xestión do endebedamento e presenta uns ratios de débeda inferiores a medida das comunidades autónomas.

O pasado 27 de marzo, o Banco de España publicaba os datos de endebedamento correspondentes ao ano 2023 dos diferentes sectores que compoñen as administración pública en España.





A débeda conxunta das comunidades autónomas acadou no 2023 os 325 millóns de euros, isto é, un 2,6% máis o ano anterior e un ratio de débeda sobre o PIB de 22,2%. Porén o ratio de débeda da CA de Galicia situouse no 16,1%, 6,1 puntos menos que o ratio medio que presentan as comunidades autónomas.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Popular pregunta:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia dos datos de débeda publicados recentemente polo Banco de España en relación coa débeda pública das comunidades autónomas?
2. Que perspectivas ten a Xunta de Galicia respecto da evolución da débeda para este ano 2024?.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 03/04/2024 19:28:59

Martina Aneiros Barros na data 03/04/2024 19:29:30

Enrique Barreiro Sánchez na data 03/04/2024 19:29:45

María Deza Martínez na data 03/04/2024 19:30:12

Patricia García González na data 03/04/2024 19:30:16

Dolores Hermelo Piñeiro na data 03/04/2024 19:30:37

María Martínez Allegue na data 03/04/2024 19:30:40

Noelia Pérez López na data 03/04/2024 19:31:11

Cristina Sanz Arias na data 03/04/2024 19:31:15



Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Martina Aneiros Barros, Enrique Barreiro Sánchez, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Noelia Pérez López, Cristina Sanz Arias, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

En novembro de 2023 se asinou un acordo entre PSOE e JUNTS no que se contemplaba a cesión a Cataluña do 100% dos impostos recadados en Cataluña.

Recentemente coñecemos o documento do Goberno da Generalitat “Financiación singular: proposta de financiación xusta para Cataluña”, co que pretenden xustificar a súa independencia fiscal.

Esta proposta:

- Contempla que Cataluña reciba o 100% da recadación tributaria.
- Sería similar ao cupo vasco no senso de que ambos modelos buscan quedarse co 100% da recadación tributaria dos impostos e pagar unha cantidade ao Estado polos servizos que este presta neses territorios. Porén a proposta non cuantifica o importe que lle pagarían ao Estado.
- Plántease tamén a creación dun Fondo de solidariedade a favor doutras CCAA das que tamén se descoñecen as contías, e ademais xa teñen aclarado que este fondo sería “temporal”

Dito réxime fiscal especial para Cataluña non ten cobertura legal nin na Constitución, nin no Estatuto de autonomía de Cataluña, nin na LOFCA. E implicaría o incumprimento dos principios constitucionais de igualdade, capacidade económica, de solidariedade e de garantía de prestación de servizos públicos esenciais do estado de benestar.

Establecer un sistema que pivote sobre as capacidades fiscais existentes en cada comunidade daría lugar a resultados insolidarios e non equitativos, contrastando polo tanto coa Constitución.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes do Grupo Popular, formulan a seguinte pregunta:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





1. ¿Que valoración fai o Goberno galego sobre o modelo de financiación singular presentado recentemente polo Goberno da Generalitat recollido nos acordos de lexislatura pactados polo PSOE e Junts.?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 03/04/2024 19:37:37

Martina Aneiros Barros na data 03/04/2024 19:37:46

Enrique Barreiro Sánchez na data 03/04/2024 19:38:29

María Deza Martínez na data 03/04/2024 19:38:42

Patricia García González na data 03/04/2024 19:38:46

Dolores Hermelo Piñeiro na data 03/04/2024 19:39:14

María Martínez Allegue na data 03/04/2024 19:39:28

Noelia Pérez López na data 03/04/2024 19:39:46

Cristina Sanz Arias na data 03/04/2024 19:40:10





Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Martina Aneiros Barros, Enrique Barreiro Sánchez, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Noelia Pérez López e Cristina Sanz Arias, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

A crise económica e financeira de 2008 foi o punto de partida dun forte proceso de reestruturación do sector financeiro. Son moitos os factores que levaron a esta circunstancia: o novo marco regulatorio imposto pola UE, un amplo período con tipos de xuros negativos, a dixitalización do sector, a resolución de activos dúbidosos, a entrada de novos competidores, etcétera...

A pesar de que este proceso permitiu reforzar a solvencia das entidades e recuperar a confianza e a estabilidade do sistema financeiro, que gañou en capacidade para resistir novas crises, tamén trouxo consecuencias negativas, como unha importante diminución e peche do número de sucursais e de oficinas bancarias abertas ao público, o que dificulta a accesibilidade aos servizos financeiros por parte da poboación, particularmente no ámbito rural e nos concellos menos poboados.

A rede de oficinas das entidades de crédito en España alcanzou un máximo de 46.000 unidades en setembro de 2008 e desde entón non deixou de caer, ata situarse, en decembro de 2023, último dato dispoñible no Banco de España, en 17.679 sucursais.

Este problema está moito máis agravado en zonas rurais, onde hai máis de 4.500 concellos que carecen de sucursal bancaria, isto é, máis do 56% dos municipios totais que hai en España, afectando ao 3,9% da poboación.

Esta realidade dificulta o acceso a servizos financeiros aos habitantes destes concellos, o que podería ter consecuencias directas no seu desenvolvemento económico e social e favorecer a despoboación do seu territorio.

Estamos ante un problema global, que require dun tratamento e dunha solución coordinada por parte das diferentes administracións públicas, e que as accións comúns a desenvolver sexan impulsadas polo Goberno de España.





O Grupo Parlamentario Popular a pasada lexislatura presentou iniciativas neste sentido, a través das que demandaba do Goberno do España unha actuación coordinada e a adopción de medidas correctoras desta situación..

Como non se acadou esta solución, nin esta coordinación, nin estas medidas, a Xunta de Galicia tivo que tomar a iniciativa e abordar o problema da inclusión financeira no ámbito rural dentro do ámbito das súas posibilidades e competencias..

Neste sentido, Xunta de Galicia puxo en marcha, na anterior lexislatura, en colaboración coa FEGAMP e cos concellos afectados, unha iniciativa que tiña por finalidade incentivar e fomentar a prestación de servizos bancarios básicos nos concellos galegos que presentaran dificultades de acceso, en particular, a través da implantación de caixeiros e outros servizos financeiros, especialmente en municipios do rural.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da medida de implantación de caixeiros automáticos no rural como modo de acceso aos servizos financeiros en municipios nos que non existen sucursais operativas?
2. Que resposta tivo a iniciativa nos concellos aos que ía dirixida?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024





Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 03/04/2024 19:45:23

Martina Aneiros Barros na data 03/04/2024 19:45:34

Enrique Barreiro Sánchez na data 03/04/2024 19:46:23

María Deza Martínez na data 03/04/2024 19:46:26

Patricia García González na data 03/04/2024 19:46:57

Dolores Hermelo Piñeiro na data 03/04/2024 19:47:11

María Martínez Allegue na data 03/04/2024 19:47:14

Noelia Pérez López na data 03/04/2024 19:47:45

Cristina Sanz Arias na data 03/04/2024 19:48:17



Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Martina Aneiros Barros, Enrique Barreiro Sánchez, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Noelia Pérez López e Cristina Sanz Arias, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

O 31 de decembro de 2023 finalizou o período de elixibilidade dos Programas dos fondos europeos da Política de Cohesión do marco financeiro 2014-2020, xestionados pola Xunta de Galicia.

O pasado 29 de febreiro de 2024 publicouse o Regulamento (UE) 2024/795 do Parlamento Europeo e do Consello, (Regulamento STEP), polo que se modifica, entre outros, o Regulamento (UE) n.º 1303/2013 de disposición comúns dos fondos europeos.

O Regulamento STEP amplía nun ano o prazo para a presentación da solicitude final de pago ao 31 de xullo de 2025. A aplicación deste artigo permite declarar gastos á Comisión Europea ata xullo de 2025.

Independentemente do peche definitivo dos programas que se producirá en 2026, procede informar sobre a execución dos Programas da Política de Cohesión 2014-2020 (PO FEDER Galicia 2014-2020 e PO FSE Galicia 2014-2020), no que se refire á execución financeira e aos logros e resultados acadados.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Cal é a execución dos Programas dos fondos europeos FEDER e FSE do marco financeiro 2014-2020 xestionados pola Xunta de Galicia?
2. Cales son os principais resultados acadados coas actuacións financiadas con estes fondos europeos?

Santiago de Compostela, xx de marzo de 2024

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Gonzalo Trenor López na data 03/04/2024 19:54:07

Martina Aneiros Barros na data 03/04/2024 19:54:44

Enrique Barreiro Sánchez na data 03/04/2024 19:54:50

María Deza Martínez na data 03/04/2024 19:55:22

Patricia García González na data 03/04/2024 19:55:49

Dolores Hermelo Piñeiro na data 03/04/2024 19:56:09

María Martínez Allegue na data 03/04/2024 19:56:27

Noelia Pérez López na data 03/04/2024 19:56:54

Cristina Sanz Arias na data 03/04/2024 19:56:57





Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Martina Aneiros Barros, Enrique Barreiro Sánchez, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Noelia Pérez López e Cristina Sanz Arias, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

No contexto da Comunidade Autónoma de Galicia, a aprobación da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia (DOG núm. 233, do 11 de decembro) vén afondar nas medidas deseñadas nas normas precedentes e introducir outras novas, en liña cos avances que se teñen producido nos últimos anos, ao obxecto de avanzar cara a igualdade efectiva nos diferentes ámbitos da sociedade.

Pola súa parte, a aprobación do I Plan de igualdade da Xunta de Galicia (Resolución do 27 de outubro de 2023, DOG núm. 214, do 10 de novembro), que se conforma como marco de referencia para a actuación dos poderes públicos da Comunidade Autónoma, presenta un conxunto de medidas dirixidas a remover os obstáculos que impiden ou dificultan a igualdade efectiva de mulleres e homes e eliminar a discriminación por razón de sexo na Administración xeral da Xunta de Galicia.

O dito plan inclúe unha serie de eixos básicos de actuación, entre os que se atopa a “formación, información e sensibilización” do persoal empregado público, coa incorporación de accións moi concretas, como a realización dun curso básico adaptado ao persoal con discapacidade intelectual, o desenvolvemento de accións para a sensibilización en materia de loita pola igualdade e prevención da violencia de xénero, ou a implantación de accións formativas específicas centradas nos dereitos do colectivo LGTBIQ+.

A Escola Galega de Administración Pública é un organismo autónomo da Xunta de Galicia, que ten como finalidade principal, precisamente, formar e especializar ao persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que actuacións desenvolverá a Escola Galega de Administración Pública para que o persoal empregado público poida ter acceso á formación en materia de





igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero? E particularmente, que actuacións poñerá en marcha ao obxecto de avanzar nas directrices establecidas no I Plan de igualdade da Xunta de Galicia, e promover, a través da formación do persoal da Administración xeral da Xunta de Galicia, unha cultura organizativa baseada no principio de igualdade de oportunidades, que contribúa á prevención e loita contra a violencia de xénero?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 03/04/2024 20:03:42

Martina Aneiros Barros na data 03/04/2024 20:04:51

Enrique Barreiro Sánchez na data 03/04/2024 20:05:12

María Deza Martínez na data 03/04/2024 20:05:19

Patricia García González na data 03/04/2024 20:05:30

Dolores Hermelo Piñeiro na data 03/04/2024 20:06:03

María Martínez Allegue na data 03/04/2024 20:06:09

Noelia Pérez López na data 03/04/2024 20:06:24

Cristina Sanz Arias na data 03/04/2024 20:07:13





Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Martina Aneiros Barros, Enrique Barreiro Sánchez, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Noelia Pérez López e Cristina Sanz Arias, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

A política económica vixente -derivada en boa parte das directrices europeas e das circunstancias actuais- comporta novos retos para as administracións públicas que requiren dun persoal cualificado que poida desenvolver adecuadamente as tarefas de administración e dirección esixidas pola actual configuración da facenda pública.

Ademais, a evolución dos sistemas e dos conceptos de gobernanza e rendición de contas dan lugar a novos procedementos de avaliación e revisión de gasto.

Así mesmo, a defensa dos intereses da comunidade autónoma nos eidos do sistema de financiamento autonómico e a captación de fondos estruturais e de investimento da UE esixen un soporte de información técnica moi especializada e á medida de cada actuación.

Neste contexto, resulta fundamental para as administracións públicas contar con persoal cada vez máis especializado en materia económica e orzamentaria, capaz de facer fronte aos principais retos que se presentan en ámbitos tales como a fiscalidade, financiamento público, economía orzamentaria, contratación pública, xestión de subvencións ou procedemento tributario.

A Escola Galega de Administración Pública é un organismo autónomo da Xunta de Galicia, que ten como finalidade principal, precisamente, formar e especializar ao persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que actuacións desenvolverá a Escola Galega de Administración Pública para que o persoal empregado público poida ter acceso a una formación especializada en materia de economía pública ?





Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 03/04/2024 20:09:12

Martina Aneiros Barros na data 03/04/2024 20:09:58

Enrique Barreiro Sánchez na data 03/04/2024 20:10:30

María Deza Martínez na data 03/04/2024 20:10:55

Patricia García González na data 03/04/2024 20:11:13

Dolores Hermelo Piñeiro na data 03/04/2024 20:11:33

María Martínez Allegue na data 03/04/2024 20:11:50

Noelia Pérez López na data 03/04/2024 20:11:55

Cristina Sanz Arias na data 03/04/2024 20:12:43

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Martina Aneiros Barros, Enrique Barreiro Sánchez, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Noelia Pérez López e Cristina Sanz Arias, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

Nas últimas décadas as novas tecnoloxías transformaron de modo evidente o funcionamento das administracións públicas, constituíndo unha oportunidade para optimizar e mellorar os servizos que se ofrecen á cidadanía.

A Estratexia Galicia Dixital 2030, impulsada pola Xunta de Galicia, busca favorecer unha Administración áxil e sen papel. Deste xeito, aumentarase a efectividade e eficiencia na xestión interna, mediante a dixitalización e automatización dos procedementos administrativos.

Neste contexto, a formación do persoal empregado público resulta esencial para consolidar a administración dixital galega, de xeito que se facilite o incremento da transparencia na xestión, o achegamento da Administración ás persoas, unha maior axilidade e eficiencia na tramitación dos procedementos e unha maior accesibilidade.

A Escola Galega de Administración Pública é un organismo autónomo da Xunta de Galicia, que ten como finalidade principal, precisamente, formar e especializar ao persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que actuacións desenvolverá a Escola Galega de Administración Pública para que o persoal empregado público poida ter acceso a una formación en materias relacionadas coas novas tecnoloxías, como a e-administración, ciberseguridade, competencias dixitais ou intelixencia artificial, entre outras?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Gonzalo Trenor López na data 03/04/2024 20:18:33

Martina Aneiros Barros na data 03/04/2024 20:19:03

Enrique Barreiro Sánchez na data 03/04/2024 20:19:08

María Deza Martínez na data 03/04/2024 20:19:45

Patricia García González na data 03/04/2024 20:19:49

Dolores Hermelo Piñeiro na data 03/04/2024 20:20:09

María Martínez Allegue na data 03/04/2024 20:20:36

Noelia Pérez López na data 03/04/2024 20:20:41

Cristina Sanz Arias na data 03/04/2024 20:22:04





Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Martina Aneiros Barros, Enrique Barreiro Sánchez, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Noelia Pérez López e Cristina Sanz Arias, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

En decembro do ano 2022 a Comisión Europea aprobou os Programas de España dos fondos europeos vencellados á política de cohesión no marco financeiro 2021-2027: FEDER, FSE+ e Fondo de Transición Xusta.

A Xunta de Galicia está a xestionar o Programa FEDER de Galicia 2021-2027 e o Programa FSE+ de Galicia 2021-2027, así como a prioridade para a provincia da Coruña no Programa do Fondo de Transición Xusta de España 2021-2027.

O período de elixibilidade destes programas finaliza o 31 de decembro de 2029, polo tanto, os programas recollen actuacións de carácter estratéxico que se van a desenvolver durante os próximos seis anos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Cales son as principais medidas que vai a desenvolver a Xunta durante os vindeiros anos, financiadas cos fondos europeos da Política de Cohesión?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 03/04/2024 20:25:35

Martina Aneiros Barros na data 03/04/2024 20:26:12

Enrique Barreiro Sánchez na data 03/04/2024 20:27:01

María Deza Martínez na data 03/04/2024 20:27:03

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Patricia García González na data 03/04/2024 20:27:26

Dolores Hermelo Piñeiro na data 03/04/2024 20:27:34

María Martínez Allegue na data 03/04/2024 20:27:53

Noelia Pérez López na data 03/04/2024 20:27:57

Cristina Sanz Arias na data 03/04/2024 20:28:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández, Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Xosé Manuel Golpe Acuña, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre o Parque Eólico Avoceta Wind.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 19 de febreiro, xusto a xornada despois das eleccións ao Parlamento galego, o DOG publicaba un anuncio da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, pola que se sometía a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción así como o estudo de impacto ambiental das instalacións do parque eólico Avoceta Wind de oito aeroxeradores e as súas infraestruturas de evacuación, situado nos concellos de Carballedo, San Cristovo de Cea, Vilamarín, Coles, O Pereiro de Aguiar e Ourense promovido pola empresa Avoceta Solar, S.L.U.

Un proxecto que desde o primeiro momento espertou a indignación de boa parte da veciñanza, sobre todo no concello de Carballedo, por proxectar até sete aeroxeradores a moi pouca distancia de vivendas, principalmente na parroquia da Aguada. O proxecto, tal e como se atopa exposto, configúrase como un proxecto industrial de grandes dimensións, orientado unicamente ao reforzo do sistema oligopolístico de xeración de enerxía. Tal proxecto non se basea nunha planificación orientada ao aumento da eficiencia enerxética e ao aforro no seu consumo, nin tampouco ao fomento do autoconsumo e produción en proximidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Opostamente, supón unha perda significativa de superficie natural e unha grave deterioración dos valores ambientais e servizos ecosistémicos, de tal maneira que os posibles beneficios da implantación da enerxía eólica quedan invalidados polas afeccións globais aos sistemas naturais, segundo veñen denunciando asociacións ecoloxistas como a a Asociación para a Defensa Ecolóxica da Galiza (Adega).

Estando demostradas as afectacións que este tipo de parques eólicos teñen no territorio, a afectación á flora e fauna, e mesmo á saúde das persoas por mor dos rúidos que producen os muíños, resulta preocupante a actitude do Goberno da Xunta que non parece ter estas cuestións en conta á hora de publicar este tipo de proxectos.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

- Cal vai ser a política en materia eólica da Xunta de Galiza durante a presente lexislatura?
- Que opina a Xunta acerca do proxecto do Parque Eólico Avoceta Wind?
- Preocúpalle ao Goberno galego a escasa distancia dos aeroxeradores a vivendas en Carballedo?
- Que ten previsto facer a Xunta ante as posibles afectacións á saúde da veciñanza por mor dos aeroxeradores?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Noa Presas Bergantiños





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Xosé Manuel Golpe Acuña

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 04/04/2024 09:24:31

Noa Presas Bergantiños na data 04/04/2024 09:25:27

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 04/04/2024 09:25:29

José Mauel Golpe Acuña na data 04/04/2024 09:26:24



Á Mesa do Parlamento

Carmen María Pomar Tojo, María Martínez Allegue, Javier Arias Fouz, José Manuel Balseiro Orol, José Silvestre Balseiros Guinarte, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Victoria Núñez López e Roberto Rodríguez Martínez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

Na análise dos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano en curso (2024) destaca a importante aposta por favorecer o acceso á vivenda, principalmente, a través da construción de vivenda de promoción pública. De feito, case o 45% do investimento do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) está destinado a este fin, sumando unha dotación de total 73,8 millóns de euros, un 33% máis que en 2023.

Estes recursos permitirán licitar as obras de construción das vivendas de promoción pública previstas nas sete grandes cidades galegas.

É especialmente significativo o investimento na cidade de Vigo, para a que se reservan 8,7 millóns de euros para a construción de máis de 200 novas vivendas de promoción pública en San Paio de Navia, aos que se suman outros 8,1 millóns de euros para o solo residencial neste barrio, cos que acometer as obras de urbanización despois de anos de trabas por parte do concello.

Uns investimentos que demostran a vontade da Xunta de desenvolver a ampliación de San Paio de Navia e a construción de vivenda de promoción pública. Unha actitude que contrasta coa do Concello de Vigo que atrasou, inxustificadamente e durante anos, os trámites municipais para a ampliación de San Paio de Navia.

Primeiro, adiando a aprobación da modificación do plan parcial e despois, a aprobación dos proxectos de urbanización dos tres polígonos en que se divide, dificultando desta maneira os plans da Xunta para dotar á cidade coa maior demanda residencial de toda Galicia solo para a promoción de vivenda protexida.





Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte pregunta oral:

1. Cales son as previsións da Xunta de Galicia en torno á ampliación de solo residencia e dotación de vivendas públicas no barrio de San Paio de Navia en Vigo?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Carmen Pomar Tojo na data 04/04/2024 09:39:35

María Martínez Allegue na data 04/04/2024 09:39:45

Javier Arias Fouz na data 04/04/2024 09:40:33

José Manuel Balseiro Orol na data 04/04/2024 09:40:36

Silvestre Balseiros Guinarte na data 04/04/2024 09:41:00

María Deza Martínez na data 04/04/2024 09:41:07

Rubén Lorenzo Gómez na data 04/04/2024 09:41:53

Victoria Núñez López na data 04/04/2024 09:42:00

Roberto Rodríguez Martínez na data 04/04/2024 09:42:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Montserrat Valcárcel Armesto, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asociación de Pais e Nais de Persoas con Discapacidade (ASPNAIS) en Lugo traslada a súa sede no ano 2020, deixando a antiga sede, un edificio de titularidade da Xunta de Galiza, baleiro, sen actividade algunha e avanzando no seu deterioro.

O abandono deste inmovible resulta aínda máis gravoso para a cidade de Lugo e a súa veciñanza tendo en conta que o Goberno galego se comprometeu en novembro de 2020 a cedelo a AFALU (Asociación de Familiares de Alzheimer) e ALUME (Asociación Lucense pola Saúde Mental), algo que non aconteceu.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Por que a Xunta de Galiza mantén abandonado o antigo edificio de ASPNAIS en Lugo?

Por que o Goberno galego non lle cedeu o edificio, como prometeu en 2020, a AFALU e ALUME?

Cando vai cumprir coas súas promesas o Goberno da Xunta de Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Montserrat Valcárcel Armesto
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 04/04/2024 09:45:05

Montserrat Valcárcel Armesto na data 04/04/2024 09:47:15



Á Mesa do Parlamento

Carmen María Pomar Tojo, María Martínez Allegue, Javier Arias Fouz, José Manuel Balseiro Orol, José Silvestre Balseiros Guinarte, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Victoria Núñez López e Roberto Rodríguez Martínez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

O pasado mes de outubro o Goberno de España anunciou -a través dos medios de comunicación- a posta en marcha do *Programa Viena*, iniciativa que a Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria (Sareb) incorporou na addenda do plan de recuperación español aprobado pola Comisión Europea.

O obxectivo deste programa é construír en colaboración público-privada un total de 3.500 vivendas de alugueiro accesible en 42 solos distribuídos en 10 autonomías, entre as que non se atopa Galicia, polo que, despois de meses de anuncios por parte do Goberno central, parece claro que Galicia queda fóra dos plans de vivenda da Sareb.

Deste xeito, a entidade continúa co baile de cifras que caracterizou as declaracións do Presidente do Goberno, incapaz de poñer unha cifra certa ás vivendas que supostamente a entidade ía poñer á disposición de comunidades e concellos. Así, cómpre lembrar que, inicialmente, anunciara que había 479 vivendas en Galicia en condicións de uso, cifra que despois rebaixou a unhas 300 e, finalmente, a tan só 187.

Da información proporcionada pola Sareb despréndese que o denominado *Programa Viena* executarase en varias fases que englobarían en total a 15.000 vivendas que se construírían mediante colaboración público-privada e que serán destinadas ao alugueiro accesible.

Dado que resulta de interese e necesario coñecer o alcance total do Programa Viena e as perspectivas de que Galicia forme parte ou non desta iniciativa, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta:

1. Que medidas vai tomar a Xunta de Galicia para que a nosa Comunidade Autónoma sexa incluída no *Programa Viena* da Sareb, que contempla a construción de 3.500 en 10 comunidades?





Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Carmen Pomar Tojo na data 04/04/2024 09:46:19

María Martínez Allegue na data 04/04/2024 09:46:26

Javier Arias Fouz na data 04/04/2024 09:47:00

José Manuel Balseiro Orol na data 04/04/2024 09:47:25

Silvestre Balseiros Guinarte na data 04/04/2024 09:47:28

María Deza Martínez na data 04/04/2024 09:47:47

Rubén Lorenzo Gómez na data 04/04/2024 09:47:52

Victoria Núñez López na data 04/04/2024 09:48:23

Roberto Rodríguez Martínez na data 04/04/2024 09:48:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Oscar Insua Lema, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a ampliación da planta xudicial galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O último informe estatístico do Consello Xeral do Poder Xudicial sobre a entrada, resolución e número de asuntos en tramitación nos diferentes órganos xurisdicionais de Galiza reflicte un importante incremento na degradación do funcionamento da administración de xustiza en Galiza.

Os órganos xudiciais galegos pecharon o ano 2023 con máis de 196.200 asuntos en tramitación, isto é, un 17,40% máis que no exercicio precedente. O número de asuntos pendentes é o máis elevado da historia recente, case un 30% superior ao do ano 2018 cando a administración de xustiza viviu unha folga das funcionarias que durante máis de 4 meses tivo paralizados os xulgados e tribunais de Galiza; ou tamén moito superior a número de asuntos en tramitación no ano 2020, no que a actividade xudicial ficou paralizada por mor da pandemia de COVID 19.

O incremento do número de asuntos pendentes atinxe á totalidade dos ordes xurisdicionais, tanto ao civil, como o penal, social ou contencioso-administrativo, se ben resulta máis preocupante no orde civil, aínda que posiblemente sexa o do penal o máis susceptíbel de producir unha maior alarma e preocupación social.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O número de asuntos civís en tramitación, por primeira vez, supera amplamente os 100.000, case duplicando os asuntos que había pendentes no ano 2009, cando eran de algo máis de 64.000.

Como é ben coñecido e por moita que sexa a cualidade técnica e profesional das funcionarias e traballadoras xudiciais, unha Xustiza lenta non é xusta, e actualmente son moitos os partidos xudiciais que precisarían de todo un ano de traballo sen entrada de novos asuntos para poñerse ao día nos procedementos civís. Sendo os casos máis reveladores, aínda de infelizmente non os únicos, os dos partidos xudiciais de Viveiro, Ribeira, Sarria ou Carballo, por citar só algúns casos de partidos xudiciais ubicados fora das sete cidades máis poboadas da Galiza.

Aínda que o incremento da planta xudicial para axustala as necesidades da poboación galega non é a única medida necesaria para solucionar o problema da pendencia nos órganos xudiciais galegos, a escasa creación de unidades nos últimos 15 anos é unha das causas que provoca o atasco que actualmente padece a administración de xustiza en Galiza.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Cal é a causa do extraordinario incremento do número de asuntos pendentes nos órganos xurisdicionais galegos?

Ten previsto a Xunta de Galiza trasladar ao Goberno do Estado a necesidade de creación de novas unidades xudiciais?

No seu caso, cantas e que concretas unidades?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas medidas foron consensuadas ou debatidas cos operadores xudiciais e coa representación da traballadoras da Administración de Xustiza en Galiza?

Que medidas de apoio e reforzo de persoal ten implementado a Xunta de Galiza nos últimos 10 anos e cada concreto órgano xudicial de Galiza?

Considera a Xunta abondas as competencias e facultades que ten atribuídas Galiza en materia de planta e demarcación xudicial?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Oscar Insua Lema

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 04/04/2024 09:57:41

Óscar Insua Lema na data 04/04/2024 10:00:20



Á Mesa do Parlamento

Gabriel Alén Castro, Martina Aneiros Barros, Enrique Barreiro Sánchez, María Deza Martínez, Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez, José Manuel Mato Díaz, Victoria Núñez López e Cristina Sanz Arias, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

A pandemia provocada pola covid-19 supuxo unha crise económica, social e sanitaria que, ante a magnitude do desafío, exixiu unha resposta común a escala europea. Así, púxose en marcha un ambicioso Fondo de Recuperación e Resiliencia para contribuír ao proceso de reconstrución das economías europeas.

O Plan de Recuperación para Europa, “Next Generation EU”, permitiu a España mobilizar un volume de investimento sen precedentes. Este Plan ten entre os seus obxectivos que España aposte pola “descarbonización”, investindo en infraestruturas verdes, de maneira que se transite desde as enerxías fósiles ata un sistema enerxético limpo, sendo a transición ecolóxica un dos seus catro eixes transversais.

Así, as diversas administracións estableceron os seus plans, programas e estratexias onde se fixaron os seus obxectivos de descarbonización, como sería o Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima ou a Axenda Enerxética de Galicia 2030, aprobada pola Xunta de Galicia en xuño do ano 2022, que é a folla de ruta que marca os obxectivos intermedios a acadar a finais desta década para acadar a neutralidade climática en 2050.

En ambos plans declarouse a importancia de investir en aspectos tan importantes como o autoconsumo, o almacenamento enerxético, a mobilidade eficiente ou as enerxías renovables térmicas.

Así, os fondos procedentes do Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia (MRR) destináronse a garantir o cumprimento dos obxectivos e das metas pertinentes nestes eidos. De feito, a Xunta de Galicia, ao longo dos anos 2021 e 2022 publicou as axudas destinadas a financiar os investimentos neste tipo de actuacións, que sumaron en Galicia máis de 20.000 solicitudes.

Porén, a realidade é que o prazo para efectuar estas solicitudes, que vén imposto en normativa estatal (Real Decreto 266/2021 para o Moves III, e Real Decreto 477/2021 e Real Decreto 1124/2021 para autoconsumo, almacenamento e renovables térmicas), finalizou o pasado 31 de decembro de 2023 no caso do autoconsumo e





almacenamento, e está próximo a finalizar o 31 de xullo de 2024 para o Moves III e renovables térmicas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que medidas adopta a Xunta de Galicia para dar resposta ás necesidades de acceso a axudas que permitan continuar cos obxectivos da Axenda Enerxética de Galicia 2030 en materia de autoconsumo, almacenamento, enerxías renovables térmicas e mobilidade eficiente?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Gabriel Alén Castro na data 03/04/2024 12:49:46

Martina Aneiros Barros na data 03/04/2024 12:50:02

Enrique Barreiro Sánchez na data 03/04/2024 12:50:30

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





María Deza Martínez na data 03/04/2024 12:50:52

Dolores Hermelo Piñeiro na data 03/04/2024 12:51:01

Rubén Lorenzo Gómez na data 03/04/2024 12:51:10

José Mato Díaz na data 03/04/2024 12:51:25

Victoria Núñez López na data 03/04/2024 12:52:00

Cristina Sanz Arias na data 03/04/2024 12:52:18





Á Mesa do Parlamento

Gabriel Alén Castro, Martina Aneiros Barros, Enrique Barreiro Sánchez, María Deza Martínez, Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez, José Manuel Mato Díaz, Victoria Núñez López e Cristina Sanz Arias, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

Os proxectos de enerxías renovables, e máis en concreto os proxectos eólicos, son esenciais para cumprir cos obxectivos de descarbonización marcados pola Unión Europea dentro do Pacto Verde, frear o cambio climático e acadar a neutralidade climática para o ano 2050. Nesta mesma liña, resulta fundamental que Galicia siga a desenvolver proxectos eólicos que permitan reducir a súa dependencia enerxética do exterior e ofrecer enerxía verde con prezos máis competitivos.

Con todo, estes obxectivos contrastan coa actitude de determinadas forzas políticas que, baseándose nun falso ecoloxismo, son abertamente contrarias ao desenvolvemento eólico na nosa Comunidade e promoven iniciativas dirixidas a obstaculizar a construción e posta en marcha de novos parques; é dicir, á paralización do sector eólico.

Esta errada estratexia está a provocar inseguridade xurídica e incerteza respecto da implantación de proxectos industriais xa avanzados, e podería causar a perda de oportunidades xeradoras de emprego e riqueza no noso territorio.

Todo iso obviando que en Galicia, a diferenza do que fai o Goberno de España, todos os parques eólicos sométense a unha avaliación ambiental ordinaria, unha medida absolutamente garantista e respectuosa coa contorna e coa veciñanza das zonas nas que se implantan os muiños; en definitiva, coa sustentabilidade ambiental. Ou, dito doutro xeito, o modelo galego supón unha aposta por unha enerxía eólica ben xestionada, ben dimensionada e respectuosa co medio.

Na actualidade, os 93 parques autorizados (2.425 MW) na comunidade poden supoñer un investimento de 2.700 millóns de euros.

Ademais, de manterse un ritmo de instalación de potencia medio de entre 400 e 500 MW, na próxima década poderían xerarse entre 1.840 e 2.950 empregos estables adicionais, polo que merece a pena seguir defendendo o desenvolvemento deste sector como aposta estratéxica de Galicia cara aos vindeiros anos.





Por ese motivo, os populares galegos temos claro que a enerxía eólica, as enerxías verdes e as enerxías renovables son o futuro e que o seu desenvolvemento non ten por que estar rifado coa preservación da nosa paisaxe.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que avaliación fai a Xunta de Galicia da situación na que se atopa o desenvolvemento dos proxectos eólicos de enerxía renovable na nosa Comunidade?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Gabriel Alén Castro na data 03/04/2024 12:59:29

Martina Aneiros Barros na data 03/04/2024 12:59:44

Enrique Barreiro Sánchez na data 03/04/2024 13:00:07

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





María Deza Martínez na data 03/04/2024 13:00:23

Dolores Hermelo Piñeiro na data 03/04/2024 13:00:31

Rubén Lorenzo Gómez na data 03/04/2024 13:00:39

José Mato Díaz na data 03/04/2024 13:00:53

Victoria Núñez López na data 03/04/2024 13:01:10

Cristina Sanz Arias na data 03/04/2024 13:01:27





Á Mesa do Parlamento

Gabriel Alén Castro, Martina Aneiros Barros, Enrique Barreiro Sánchez, María Deza Martínez, Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez, José Manuel Mato Díaz, Victoria Núñez López e Cristina Sanz Arias, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

A internacionalización, como resultado exitoso do impulso colectivo das empresas da nosa rexión, especialmente para as pemes, supón a confirmación do valor engadido do seu modelo de negocio e, polo tanto, é una fonte de mellora continua da competitividade. Ademais, a internacionalización é expoñente e dinamizadora dos atributos ligados á marca Galicia Calidade.

A internacionalización achega ás empresas a posibilidade de aumentar o seu tamaño e acadar maiores economías de escala, acceder a recursos inaccesibles ou caros no seu mercado de orixe, conseguindo economías de localización, mellorar a notoriedade e a diferenciación dos seus produtos e marcas, entrar en contacto con consumidores máis exixentes e competidores máis eficientes que estimulan a súa innovación e desenvolvemento tecnolóxico e, en definitiva, mellorar a súa eficiencia económica e capacidade competitiva en liña coa estratexia galega de especialización intelixente (RIS3).

A internacionalización do tecido empresarial galego foi e seguirá sendo un dos eixos prioritarios de actuación dentro da política económica da Xunta de Galicia de cara a mellorar a súa competitividade e acadar o crecemento económico. O Goberno galego aposta pola internacionalización das empresas galegas, mediante un modelo facilitador de información, servizos directos nos principais mercados internacionais, financiamento ás empresas para a súa entrada neles, formación e especialización de recursos humanos.

Unha aposta que se plasma na Estratexia da Xunta de Galicia de Internacionalización da Empresa Galega 2021-2025, que inclúe entre os seus obxectivos o de lograr un significativo aumento na cantidade, na calidade e no impacto efectivo das exportacións da empresa galega.

Aumento do número de empresas da base exportadora, procura e apertura de novos mercados, apoio na ampliación de cota de mercados con menor presenza e maior potencial de crecemento futuro, e, consolidación de cota nos mercados maduros.





En definitiva, esta estratexia persegue unha fase de consolidación dos distintos esforzos e accións emprendidas ao longo dos últimos anos para estimular, fortalecer, expandir e consolidar a internacionalización das pemes galegas e os seus produtos e servizos.

De feito, Galicia continúa a mellorar os resultados positivos das súas vendas ao exterior, marcando rexistros históricos. Sirva de exemplo que na súa evolución acumulada, a decembro de 2023, bate o seu récord de exportacións superando os 30.000 millóns de euros.

Cómpre, polo tanto, que desde a Xunta de Galicia se continúe a impulsar un modelo de estímulo e acompañamento á internacionalización das empresas galegas, a través da posta a disposición de información, servizos directos nos principais mercados internacionais, financiamento para a entrada neles, formación e especialización de recursos humanos, atracción de talento galego internacional ou calquera outras medidas que permitan anticipar e responder ás necesidades das empresas ante os novos retos do mercado global.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que iniciativas e servizos ten a Xunta de Galicia para apoiar a internacionalización das pemes galegas?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024





Asinado dixitalmente por:

Gabriel Alén Castro na data 03/04/2024 13:04:32

Martina Aneiros Barros na data 03/04/2024 13:04:45

Enrique Barreiro Sánchez na data 03/04/2024 13:04:57

María Deza Martínez na data 03/04/2024 13:05:13

Dolores Hermelo Piñeiro na data 03/04/2024 13:05:22

Rubén Lorenzo Gómez na data 03/04/2024 13:05:40

José Mato Díaz na data 03/04/2024 13:05:56

Victoria Núñez López na data 03/04/2024 13:06:11

Cristina Sanz Arias na data 03/04/2024 13:06:25





Á Mesa do Parlamento

Gabriel Alén Castro, Martina Aneiros Barros, Enrique Barreiro Sánchez, María Deza Martínez, Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez, José Manuel Mato Díaz, Victoria Núñez López e Cristina Sanz Arias, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

Coa constitución, o 13 de novembro de 2024, da sociedade mixta “Recursos de Galicia” o Goberno galego dá un paso adiante no obxectivo de garantir que a xestión da riqueza dos recursos naturais galegos se traduza sempre en riqueza social para a nosa Comunidade.

Neste proxecto, tan ambicioso e pioneiro na nosa contorna, a Xunta de Galicia foi quen sumar a máis de 30 empresas que sosteñen máis de 20.000 empregos directos e que achegan ao Produto Interior Bruto autonómico case 11.000 millóns de euros cada ano.

Este amplo apoio e participación demostra a unidade do tecido económico galego e a conxunción de intereses en torno ao potencial que para Galicia representa o feito de ser un actor de primeiro nivel na transición enerxética e a oportunidade que brindan os recursos naturais dos que dispón.

Esta empresa deberá, entre outros, dar prioridade a determinados proxectos estratéxicos como son os vinculados ás enerxías verdes, ao aproveitamento da riqueza mineira ou a iniciativas que requiran concesións de augas.

Esta sociedade é ademais a “punta de lanza” da futura Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, coa que comparte obxectivos, e que tamén busca favorecer o desenvolvemento sustentable do territorio galego e a procura de que estes se traduzan nun beneficio social e económico no territorio.

A día de hoxe, en Galicia, as tres cuartas partes da enerxía producida xa é renovable, por riba do obxectivo para 2030; a xeración de enerxía supón arredor dun 5% do PIB e, ademais, somos a quinta maior consumidora de enerxía para a industria.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que beneficios trae aparelados para a nosa Comunidade a constitución da sociedade mixta Recursos de Galicia?





Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Gabriel Alén Castro na data 03/04/2024 13:09:45

Martina Aneiros Barros na data 03/04/2024 13:09:58

Enrique Barreiro Sánchez na data 03/04/2024 13:10:18

María Deza Martínez na data 03/04/2024 13:10:34

Dolores Hermelo Piñeiro na data 03/04/2024 13:10:42

Rubén Lorenzo Gómez na data 03/04/2024 13:10:50

José Mato Díaz na data 03/04/2024 13:11:05

Victoria Núñez López na data 03/04/2024 13:11:22

Cristina Sanz Arias na data 03/04/2024 13:11:39

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

Gabriel Alén Castro, Martina Aneiros Barros, Enrique Barreiro Sánchez, María Deza Martínez, Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez, José Manuel Mato Díaz, Victoria Núñez López e Cristina Sanz Arias, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

A Axenda de Competitividade Galicia establecía os plans de impulso, enfoques estratéxicos e medidas a desenvolver pola Administración galega entre os anos 2015 e 2020. A axenda actualizouse posteriormente para incluír novas medidas para os anos 2021 e 2022, cun pulo específico á transformación dixital da industria e, por extensión, de todo o tecido empresarial galego.

A RIS3 Galicia 2021-2027 establece tres prioridades de especialización definidas a partir dos tres grandes retos da RIS3 14-20. En particular, o reto 2 «Modelo industrial baseado na competitividade e no coñecemento», co obxectivo de aumentar a intensidade tecnolóxica da estrutura industrial de Galicia, a través da hibridación e das tecnoloxías facilitadoras esenciais, define a prioridade 2 «Apoio á tecnificación e dixitalización (desenvolvemento e/ou incorporación de tecnoloxías) para impulsar o modelo industrial galego e a xestión e prestación de servizos sanitarios e sociais de calidade, como panca para a transformación resiliente de Galicia».

Por outra banda, os hubs de innovación dixital son unha aposta da Xunta de Galicia para estender o impacto positivo da innovación baseada na transformación dixital a todas as empresas galegas, en especial ás pemes. Representan unha evolución da RIS3 na que a Xunta de Galicia asume o papel de facilitadora, promovendo, acompañando e apoiando a constitución e consolidación dos hubs galegos, que operan nos ámbitos de especialización identificados como estratéxicos para Galicia.

Neste escenario cómpre poñer ao dispor das empresas as ferramentas adecuadas que lles permitan aproveitar as oportunidades que existen para Galicia e a súa industria no actual contexto de transición enerxética e dixital.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que iniciativas e servizos de apoio ten a Xunta de Galicia para apoiar a dixitalización pemes galegas?





Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Gabriel Alén Castro na data 03/04/2024 13:15:02

Martina Aneiros Barros na data 03/04/2024 13:15:15

Enrique Barreiro Sánchez na data 03/04/2024 13:15:29

María Deza Martínez na data 03/04/2024 13:15:44

Dolores Hermelo Piñeiro na data 03/04/2024 13:15:52

Rubén Lorenzo Gómez na data 03/04/2024 13:16:02

José Mato Díaz na data 03/04/2024 13:16:16

Victoria Núñez López na data 03/04/2024 13:16:33

Cristina Sanz Arias na data 03/04/2024 13:16:46

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

Gabriel Alén Castro, Martina Aneiros Barros, Enrique Barreiro Sánchez, María Deza Martínez, Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez, José Manuel Mato Díaz, Victoria Núñez López e Cristina Sanz Arias, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

A pesar dos múltiples acordos acadados no Parlamento de Galicia neste sentido e das peticións que, en coherencia, vén facendo a Xunta de Galicia, o Goberno que preside Pedro Sánchez segue amosando unha improvisación absoluta e unha falta de planificación na xestión dos fondos europeos de recuperación, obviando ademais a posibilidade de traballar da man das comunidades autónomas e dos axentes económicos e sociais.

Como consecuencia disto, e da imposición do Executivo de coalición dun sistema centralizado na toma de decisións para o acceso ao financiamento europeo dos proxectos vinculados á industria, Galicia e as súas empresas están perdendo unha oportunidade única para impulsar proxectos tractores de grande importancia e impacto no ámbito laboral e económico.

A preocupación do tecido empresarial galego é perfectamente entendible porque precisa certezas para poder levar a cabo os seus plans industriais. Necesitamos un punto de inflexión para que a transformación industrial á que aspira Galicia sexa unha realidade a través de proxectos como os de Stellantis ou Altri. Pero a situación actual dista moito da desexable. É unha evidencia incontestable o baixo ritmo de adxudicación dos fondos europeos de recuperación e dos PERTE que maior impacto poderían ter no tecido industrial galego.

Tampouco parece aceptable que a Galicia non se lle dean respostas ao mesmo tempo que outras comunidades autónomas, como Cataluña ou Valencia, foron beneficiarias de concesións directas por parte do Goberno de España para o desenvolvemento do ecosistema do vehículo eléctrico e conectado, no primeiro caso, e o establecemento dunha fábrica de baterías no segundo.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que opinión lle merece ao Goberno galego a xestión que o Goberno de España está a realizar dos fondos europeos de recuperación no ámbito da industria?





Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Gabriel Alén Castro na data 03/04/2024 13:19:44

Martina Aneiros Barros na data 03/04/2024 13:20:04

Enrique Barreiro Sánchez na data 03/04/2024 13:20:18

María Deza Martínez na data 03/04/2024 13:20:31

Dolores Hermelo Piñeiro na data 03/04/2024 13:20:40

Rubén Lorenzo Gómez na data 03/04/2024 13:20:48

José Mato Díaz na data 03/04/2024 13:21:03

Victoria Núñez López na data 03/04/2024 13:21:18

Cristina Sanz Arias na data 03/04/2024 13:21:34

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

Gabriel Alén Castro, Martina Aneiros Barros, Enrique Barreiro Sánchez, María Deza Martínez, Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez, José Manuel Mato Díaz, Victoria Núñez López e Cristina Sanz Arias, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

A pandemia orixinada pola covid-19 afectou de cheo ao tecido empresarial ao longo de todo o ano 2020 e primeiro trimestre de 2021, rompendo cun crecemento continuado do PIB entre 2015 e 2019 cunha taxa anual do 2,9%.

Con todo, cómpre sinalar que Galicia foi quen de recuperar o PIB prepandemia no cuarto trimestre do 2021, tres trimestres antes que a media do conxunto de España e, no 2023, a economía galega medrou un 1,8%, segundo se desprende do último Informe de contabilidade trimestral, publicado polo Instituto Galego de Estatística.

Deste xeito, cumpriuse a revisión á alza das previsións macroeconómicas feita polo Goberno galego o pasado mes de outubro, proba do realismo e a prudencia nas estimacións dos orzamentos autonómicos. Ademais, Galicia encadea xa tres anos de crecemento logo da pandemia.

Así mesmo, desde o punto de vista da demanda, no ano 2023, pódese sinalar que a externa aportou 1 punto porcentual, cun crecemento do 1,5% das exportacións, mentres a interna achegou 0,8 puntos porcentuais. En canto á oferta, o sector da industria creceu un 2,5% e os servizos medraron un 2,3%, cun maior incremento no apartado de comercio, transporte e hostalería.

Por outro lado, no que respecta ao emprego, no conxunto do 2023, os postos de traballo equivalentes a tempo completo aumentaron un 2% en Galicia o que supón un incremento de 19.989 postos respecto ao ano anterior.

Á vista deste escenario positivo, parece axeitado que, desde a Xunta de Galicia se continúen a impulsar servizos de alto valor engadido co apoio de expertos en ámbitos como o desenvolvemento estratéxico, a dixitalización e a innovación, que faciliten a profesionalización do tecido empresarial galego a través da incorporación de novos





coñecementos que permitan anticiparse e responder ás necesidades do mercado e seguir medrando.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que iniciativas e servizos de apoio ten a Xunta de Galicia para mellorar a competitividade das pemes galegas?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Gabriel Alén Castro na data 03/04/2024 13:24:41

Martina Aneiros Barros na data 03/04/2024 13:24:55

Enrique Barreiro Sánchez na data 03/04/2024 13:25:08

María Deza Martínez na data 03/04/2024 13:25:27

Dolores Hermelo Piñeiro na data 03/04/2024 13:25:35

Rubén Lorenzo Gómez na data 03/04/2024 13:25:44

José Mato Díaz na data 03/04/2024 13:25:57

Victoria Núñez López na data 03/04/2024 13:26:12

Cristina Sanz Arias na data 03/04/2024 13:26:32



Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6ª**.

A comarca de Pontevedra constitúe un lugar estratéxico nas oportunidades de desenvolvemento industrial do territorio galego, entre outros motivos pola situación loxística na que se atopa o seu solo industrial, pola conectividade ferroviaria directa, a proximidade ao porto de Marín e a facilidade de acceso á autoestrada AP-9.

A Xunta do PP non foi quen de ver isto e no desenvolvemento do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais no ano 2014 deixou sen desenvolver todas estas posibilidades e agora na segunda modificación do Plan que se está a tramitar tampouco prevé ningunha ampliación na comarca de Pontevedra, a maiores algunhas zonas que si estaban previstas tampouco foron desenvolvidas nestes 10 anos.

Nun momento de oportunidade como o que estamos a vivir coa recepción de fondos europeos que nos permitirán desenvolver unha industria verde destinada á xeración de recursos que faciliten unha autosuficiencia enerxética e melloren a nosa capacidade produtiva, o Goberno da Xunta, como administración competente, ten que ser capaz de reter no noso territorio o maior investimento posible.

Na comarca de Pontevedra existen 4 polígonos industriais, a Reigosa (Pontecaldelas), Fragamoreira (Poio), O Campiño (Pontevedra), Barro-Meis, que necesitan crecer da man para poder chegar a albergar todos eses ambiciosos proxectos e xerar emprego de calidade no territorio.





A maiores desde o Grupo Socialista levamos anos insistindo na necesidade de crear un porto seco, que poida ampliar a industria vinculada ao porto de Marín e que neste momento, non ten posibilidades de crecemento, sinalando o lugar de Leborei na parroquia de Cerponzóns (Pontevedra) como axeitado por contar con 435.137 metros cadrados e presentar unha situación máis que axeitada para satisfacer as necesidades do porto de Marín.

Por todo iso, dende o Grupo Socialista solicitamos ao goberno da Xunta de Galicia, como administración competente en materia de ordenación do territorio, industria e fomento e planificación da actividade económica de Galicia, que desenvolva a ampliación destes parques co fin de cubrir as necesidades empresariais existentes na comarca de Pontevedra.

Por todo o antedito, interesa coñecer a resposta ás seguintes preguntas:

1ª. Entende este goberno que a comarca de Pontevedra ten cubertas as súas necesidades empresariais?

2ª. Considera este goberno que a comarca de Pontevedra constitúe un lugar estratéxico nas oportunidades de desenvolvemento industrial do territorio galego?

3ª. Ten previsto este goberno ampliar os polígonos de Fragamoreira (Poio) e o Campiño (Pontevedra) como prevé o Plan sectorial de Areas empresariais do ano 2014?

4ª. Entende este goberno como necesario a creación dun porto seco que permita ampliar a capacidade industrial do porto de Marín?

Parlamento de Galicia, 4 de abril de 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2024 10:25:21
Nº Rexistro: 764
Data envío: 04/04/2024 10:25:21.589

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 04/04/2024 10:15:01

Patricia Iglesias Rey na data 04/04/2024 10:16:15

Lara Méndez López na data 04/04/2024 10:16:30

CSV: BOPGDSPG-F6M73hrK-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

2094

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a situación da atención á diversidade no ámbito educativo e os equipos de orientación nos centros escolares.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes en Galicia, establece que a diversidade é unha realidade social e a resposta educativa a esa diversidade debe concretarse, entre outras medidas, na oferta de recursos e medidas educativas que contribúa á participación de xeito autónomo, nunha sociedade democrática.

Esta orde regula unha ferramenta básica para lograr os seus obxectivos: os Departamentos de Orientación dentro dos centros educativos, que serán os asesores do alumnado, profesorado e familias, e atenderán a orientación como unha actuación profesional destinada a toda a comunidade educativa para conseguir unha inclusión efectiva de todo o alumnado, con independencia da súa diversidade e que irá acompañada dos recursos materiais e humanos e que se desenvolve no seu capítulo V, onde fai referencia a todas as persoas profesionais involucradas neste proceso.

Estes últimos anos a comunidade educativa manifesta o aumento considerable dos casos de alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (no curso actual preto do 30% do alumnado dos centros é NEAE). Isto supón a petición por parte das direccións dos centros escolares de máis efectivos docentes e especializados nos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

departamentos de Orientación (Audición e Linguaxe, Pedagogía Terapéutica, persoal aux. coidador...), para manter a calidade educativa e unha atención axeitada para todo o alumnado, incluíndo as necesidades específicas e obxectivos marcados para o alumnado NEAE.

Cos efectivos de especialistas actuais dentro dos departamentos de Orientación non é factible a atención individualizada que cada persoa precisa, e cada curso son máis e máis diversos os casos entre o alumnado.

A comunidade educativa precisa unha maior implicación da Consellería con competencias en Educación para que asuma as súas funcións para garantir a todo o alumnado, para o NEAE tamén, unha atención educativa de calidade tendo en conta as características e capacidades de cada alumna e alumno. Para iso, deben resolver a falta de recursos persoais nos equipos de Orientación en todas as súas especialidades.

Este inxente número de alumnado NEAE nos centros orixina unha burocratización extraordinaria e paralizadora que consume moito tempo, tempo que non se usa para a aplicación efectiva de programas e plans para o alumnado. Polo tanto, debe existir un protocolo entre os distintos sectores afectados neste proceso para detectar, diagnosticar e aplicar medidas ao alumnado NEAE nas súas distintas realidades.

Os equipos de Orientación teñen falta de recursos e tempo para poder implementar nos centros programas de interese xeral que poden mellorar os resultados académicos, pero tamén a nivel persoal. E por todo o citado deben estar mellor valorados como profesionais pero tamén mellor remunerados pola responsabilidade, dispoñibilidade horaria cara ás familias, dedicación e polo tipo de cualificación que precisan para o desenvolvemento do seu traballo (a mesma que a solicitada para os equipos dos IES).



Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Que accións pensa levar a cabo o Goberno galego para garantir os dereitos do alumnado NEAE a unha educación de calidade e unha inclusión real, tendo en conta a normativa actual sobre atención á Diversidade e a Lei Educativa?

- Que criterio adopta a Consellaría de Educación para asignar docentes aos equipos de Orientación dos centros educativos?

- Cantas horas asigna a cada alumno/a NEAE de atención individualizada coas persoas especialistas que son precisas?

- Téñense en conta, para dotar de recursos de persoal, o número inxente de informes que deben realizar os departamentos de Orientación, así como os programas de atención ao alumnado?

- Por que non se considera a permanencia estable e estrutural deses equipos para poder atender distintos programas que melloren a calidade educativa?

- Por que Pediatría, aínda con informe do equipo de Orientación, non deriva a Neuroloxía Pediátrica directamente os casos de posible Dislexia, cuestión fundamental para avanzar a nivel educativo?

- Que medidas teñen previsto adoptar dende a Consellaría de Educación ou dende Sanidade para mellorar a situación do alumnado NEAE á vista do aumento de casos cada curso escolar nos centros educativos?

- Existe algún plan de formación/información cara a sociedade que difunda as funcións que teñen os equipos de Orientación?

- Existe algún protocolo que regule as relacións e información do alumnado NEAE e da súa situación familiar entre o Pediatra e a responsable de Orientación educativa?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Existe algún estudo que indique os motivos do aumento de casos de alumnado TEA, con Dislexia, TDA, TDAH..., e a posible batería de accións que deteñan este aumento progresivo?

- Que medidas está a tomar o Goberno galego para garantir que o alumnado con NEAE acade nos centros ordinarios o obxectivo prioritario de ser capaces de desenvolverse de xeito autónomo na vida cotiá, tendo en conta que non dispoñen dos mesmos recursos nin instalacións que os centros específicos?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**
Iria Carreira Pazos
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 04/04/2024 10:23:54

Iria Carreira Pazos na data 04/04/2024 10:26:45





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 4ª**.

O CEIP Pontesampaio, sito nesta parroquia pontevedresa, consta de dúas unidades de educación infantil e cinco unidades de primaria.

Este centro de referencia a nivel educativo vén reclamando dende hai tempo a necesidade de ter un espazo destinado á práctica da actividade física por parte do alumnado.

Ante a falta de resposta o Goberno da Xunta tiveron que habilitar unha aula sita na planta baixa para destinala a aula de educación física, engadindo *espaldas* e cestas nas paredes.

Espazo que se utiliza a maiores como comedor á hora do almorzo co servizo do plan madruza e a mediodía, e tamén como espazo para o recreo nos días de choiva.

Desde o Grupo Socialista entendemos que este espazo non pode ter esta multifunción porque non reúne as características axeitadas para unha instalación deportiva e, polo tanto, a Xunta ten que proporcionar esta dotación ao CEIP de Pontesampaio.

Entendemos que o espazo máis axeitado a nivel técnico e administrativo e o que ocupa a actual pista polideportiva exterior, mediante a construción dun



pavillón cuberto que poida cumprir todas estas funcións de instalación para a práctica de actividades deportivas e patio cuberto de recreo para os días de choiva.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1. Entende este goberno necesaria a creación dun pavillón cuberto no CEIP Pontesampaio en Pontevedra?
2. Cre este goberno que unha aula multifunción (comedor-patio-ximnasio) responde ao Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica que defende a Xunta de Galicia?

Parlamento de Galicia, 4 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 04/04/2024 10:28:58

Julio Abalde Alonso na data 04/04/2024 10:29:15

Silvia Longueira Castro na data 04/04/2024 10:29:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños e Óscar Insua Lema, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a creación de xulgados de violencia sobre a muller.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os datos recentemente publicados polo Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial constatan un incremento superior ao 7 do número de denuncias de violencia sobre a muller en Galiza. No ano 2023 os xulgados de Galiza rexistraron 7.483 denuncias, superando en 488 o número de denuncias xudiciais presentadas no ano 2022. O número de vítimas das denuncias rexistradas medrou en máis dun 7,6%, pasando das 6.912 de 2022 ás 7.438 de 2023.

O número de asuntos penais ingresados nos xulgados galegos con competencia en materia de violencia sobre a muller experimentou igualmente un incremento, acadando a cifra de 8.617 asuntos, superior en case 500 aos do ano anterior. Prodúcese un incremento no número de asuntos ingresados malia o descenso, superior ao 9% dos procedementos por delitos leves, o que ven significar que medra o número de asuntos e a gravidade dos feitos obxecto dos mesmos.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asemade, medra o número de ordes de protección incoadas nos xulgados de Galiza, case un 20% delas incoadas e resoltas por xulgados de instrución en funcións de garda.

A incoación do número de asuntos contenciosos de carácter civil competencia dos Xulgados de Violencia sobre a muller tamén presentou un importante incremento durante o ano 2023.

Se preocupantes son os datos anteriormente expostos, extraídos da estatística do Consello Xeral do Poder Xudicial, aínda o é máis o feito de que o maior incremento que se recolle no estudo é o de vítimas que renuncian ou se acollen ao seu dereito a non declarar como testemuña. Dato que exige unha reflexión e probablemente unha rectificación, en canto que evidencia que as cousas non se están facendo todo o ben que se debería.

Dende o BNG reiteradamente vimos reclamando o necesario incremento da planta xudicial galega en materia de Violencia sobre a Muller e a creación do xulgados con competencias exclusivas e excluíntes nos partidos xudiciais máis poboados de Galiza, realidade que á luz dos datos transcritos supra vémonos na necesidade de reiterar.

A instancias do BNG o partido que sustenta ao actual Goberno do Estado, a quen -fora de toda lóxica- compete a decisión sobre a creación de unidades xudiciais en Galiza comprometeuse á dotar aos partidos xudiciais de Ourense, Lugo, Pontevedra, Ferrol e Santiago de Compostela de Xulgados de Violencia sobre a Muller. Decisión cuxa efectividade, en boa lóxica, precisaría da conformidade da Xunta de Galiza, pois é á administración autonómica a quen





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

correspondería dispor os medios e recursos, agás xudicatura e LAX, para o funcionamento das unidades xudiciais.

Como queira que diferentes manifestacións de representantes da Xunta de Galiza e do Partido Popular durante a pasada campaña electoral, puxeron de manifesto un eventual cambio de postura e o abandono da contumaz oposición a creación destas unidades xudiciais, desde o Grupo Parlamentar do BNG formulamos as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Dentro do trámite de audiencia previsto na Lei de Planta e demarcación xudicial, nos últimos dez anos transmitiu a Xunta de Galiza ao Goberno de Estado a necesidade de creación de xulgados de Violencia sobre a Muller nos partidos xudiciais de Ourense, Lugo, Pontevedra, Ferrol ou Santiago de Compostela?

En que exercicio e para que partido/s xudicial/ais?

Durante os últimos dez anos a Xunta de Galiza ou a Comisión mixta, Xunta-Sala de Goberno do TSX de Galiza, trasladou ao Goberno de Estado a necesidade de creación de xulgados de Violencia sobre a Muller nos partidos xudiciais de Ourense, Lugo, Pontevedra, Ferrol ou Santiago de Compostela?

No seu caso, en que exercicio e para que partido/s xudicial/ais?

Entende a Xunta de Galiza que, a día de hoxe, é necesaria a creación destas unidades xudiciais?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera a Xunta de Galiza que o Goberno do Estado debe acordar a creación de unidades xudiciais sen a conformidade da Xunta de Galiza ou mesmo contra a vontade expresa desta?

Tendo en conta o compromiso conseguido polo BNG para a creación, ao marxe da programación ordinaria, de xulgados de Violencia sobre a Muller nos partidos xudiciais de Ourense, Lugo, Pontevedra, Ferrol ou Santiago de Compostela, a Xunta de Galiza trasladou ao Goberno do Estado a súa conformidade coa ampliación da planta xudicial galega con estes órganos?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Óscar Insua Lema

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 04/04/2024 10:15:56

Óscar Insua Lema na data 04/04/2024 10:16:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 04/04/2024 10:16:22



Á Mesa do Parlamento

María Elena Candia López, José Silvestre Balseiros Guinarte, Gabriel Alén Castro, Raquel Arias Rodríguez, José Manuel Balseiro Orol, Rubén Lorenzo Gómez, José Manuel Mato Díaz, Noelia Pérez López, Antonio Rodríguez Miranda deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.**

Os polígonos agroforestais son instrumentos para a recuperación e posta en produción de terras de boa capacidade produtiva, que se encontren en estado de abandono ou infrautilización ou sexan susceptibles de optimización, coa finalidade de constituír áreas de explotación que garantan a súa rendibilidade.

Estes instrumentos poden ser de iniciativa pública ou privada e, en ámbolos dous casos, deberá existir acordo dos propietarios de máis do 70% da superficie do polígono. Así mesmo, deberá existir un estado de abandono ou infrautilización nun mínimo do 50% da superficie do polígono, agás que os propietarios de máis do 70% da superficie se comprometan desde o inicio a manter ou poñer en produción as terras.

Este proxecto pode incluír a reestruturación da propiedade e, polo tanto, agrupación parcelaria para garantir unha superficie mínima rendible, así como o acondicionamento das parcelas e as infraestruturas viarias necesarias, segundo temos entendido. Asemade, pódese actuar a partir dunha superficie mínima de 10 hectáreas e existe un mecanismo para o control do acaparamento de terras.

En consideración de todo o anterior, en Galicia están tendo un importante éxito estes polígonos agroforestais, sendo necesario facer un balance dos mesmos, coa información dos próximos pasos co fin de estudar a efectividade deste instrumento de recuperación que, lembremos, se atopa regulado na propia Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.





Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta oral para a súa resposta:

Cal é o balance que fai o Goberno galego dos polígonos agroforestais e que evolución están a ter en relación á recuperación de terra?

Santiago de Compostela, 4 de abril 2024.

Asinado dixitalmente por:

Elena Candia López na data 03/04/2024 14:00:55

Silvestre Balseiros Guinarte na data 03/04/2024 14:01:16

Gabriel Alén Castro na data 03/04/2024 14:01:43

Raquel Arias Rodríguez na data 03/04/2024 14:01:54

José Manuel Balseiro Orol na data 03/04/2024 14:02:09

José Mato Díaz na data 03/04/2024 14:02:19

Rubén Lorenzo Gómez na data 03/04/2024 14:02:33


Antonio Rodríguez Miranda na data 03/04/2024 14:02:46

Noelia Pérez López na data 03/04/2024 14:02:58

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

